

Plan director do sector

forestal madeira

2026-2028



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Editor: Consellería de Economía e Industria
Deseño e maquetación: Roi Scroll

Santiago de Compostela, 2026

Plan director
do sector
forestal-madeira

2026-2028



XUNTA
DE GALICIA

Índice

1.	Introdución	6
2.	Liñas xerais e directrices	10
3.	Instrumentos de apoio á industria	20
4.	Dimensionamento e caracterización da industria galega	34
5.	Análise da situación actual do sector forestal-madeira	50
6.	Tendencias e proxección a futuro do sector forestal-madeira	58
7.	Obxectivos estratéxicos e criterios esenciais de intervención	68
8.	Prioridades sectoriais	74
9.	Plan de acción. Medidas e mecanismos para fortalecer a industria	84
10.	Marco económico-financeiro e planificación	140
11.	Sistema de gobernanza: procedemento de seguimento e avaliación	158
12.	Conclusión	174
	ANEXO I: medidas	178
	ANEXO II: participantes	264

01.





Introducción

A industria galega desempeña un papel fundamental no desenvolvemento económico e social de Galicia. Coa diversidade de sectores existentes na Comunidade, entre os que destacan a industria da automoción, a da construción naval, a do sector metalmecánico, a industria forestal, a agroalimentaria ou a das TIC, Galicia ten unha estrutura industrial que contribúe significativamente ao PIB rexional e á creación de emprego.

Nos últimos anos, a industria galega enfróntase a importantes desafíos derivados da globalización; da cambiante contorna tras diferentes acontecementos xeopolíticos a nivel mundial; da transición cara a unha economía verde e dixital; ou da necesidade de mellorar a competitividade en mercados cada vez máis esixentes, especialmente en Europa coas normativas e regulacións existentes. Non obstante, Galicia tamén conta con importantes oportunidades para impulsar o seu crecemento sustentable a longo prazo, como a dispoñibilidade de recursos naturais, a transformación dixital e a innovación tecnolóxica, intrínsecas ao sector industrial, a colaboración público-privada ou a resposta aos esforzos de Europa cara á reindustrialización dos países da Unión.

O 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia: construción naval, automoción, industria das TIC, metalmecánico, forestal-madeira e loxística industrial. Grazas a esta declaración, estes sectores contarían con plans directores industriais específicos que servirían como folla de ruta, integrando as medidas, os mecanismos e os recursos necesarios para o seu impulso e, en xeral, para o desenvolvemento do territorio. O 17 de febreiro de 2025, o Consello da Xunta acordou declarar tres novos sectores como estratéxicos: alimentario, téxtil e confección, e industria da construción.

·
·
· **O obxectivo destes documentos**
· **é fortalecer o sector industrial en Galicia,**
· **co fin de incrementar o emprego de**
· **calidade e o investimento, reforzando así**
· **todo o tecido empresarial e as sinerxías**
· **sectoriais e/ou intersectoriais.**
·

Os plans directores dos distintos sectores industriais de Galicia xorden dunha estreita colaboración público-privada entre a Xunta de Galicia e os destinatarios das medidas. Así, ao longo de varios meses, desenvolveuse un proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector, onde se integraron os principais representantes das diferentes cadeas de valor, desde clústeres e organizacións empresariais a pemes dos distintos elos, pasando polas grandes empresas tractoras ou polos axentes de coñecemento, entidades de innovación, axentes sociais, representantes das persoas traballadoras, etc. Con todos eles desenvolvéronse grupos de traballo e mesas redondas agrupadas en distintos ámbitos, para analizar e identificar necesidades e posibles liñas de actuación que cómpre desenvolver a nivel sectorial. Posteriormente, esas necesidades priorizáronse para facilitar a súa resposta a través da definición das medidas e dos recursos que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia para impulsar o sector.

O resultado de todo ese proceso resúmese nos plans directores industriais sectoriais, cuxos apartados abranguen desde as motivacións contextuais que levan ao seu desenvolvemento ata o sistema que garantirá a súa continua actualización.

- ▶ Así, nun primeiro intre, faise referencia aos contextos políticos rexional, nacional e europeo que enmarcan todo o plan, asegurando unha coherencia global e un enfoque claro cara aos obxectivos establecidos para, a continuación, pasar a facer unha análise e caracterización da industria galega onde se pon de manifesto o peso dos diferentes sectores industriais na economía rexional.
- ▶ Nun segundo bloque analízase a cadea de valor e a situación actual de cada un dos sectores industriais, xunto coa súa perspectiva de futuro, partindo dunha visión global que inclúe aspectos xeopolíticos e macroeconómicos, medioambientais, tecnolóxicos, sociais e operativos.
- ▶ Unha vez analizados o contexto e os propios sectores, nun terceiro bloque establécense os obxectivos estratéxicos e os criterios esenciais sobre os que se asentará o plan, para pasar a reflectir as prioridades sectoriais e a resposta que a Xunta de Galicia dá a estas en forma de medidas, recollidas no plan de acción, e de recursos, previstos no marco económico-financeiro.
- ▶ Por último, recóllese o procedemento de seguimento e avaliación do plan director. O dito procedemento garante non só a revisión do plan prevista normativamente, senón tamén que se converta nunha canle estable de comunicación Xunta-industria e nunha ferramenta viva de política industrial que permita incorporar novas demandas e necesidades do sector e que facilite a toma de decisións e a rápida resposta a elas por parte da Xunta de Galicia.

02.





Liñas xerais e directrices

2.1 Contexto actual: transición verde e dixital

2.2 A política industrial en Galicia

2.3 Plan estratéxico 2022-2030 e outras políticas relacionadas

02. | Liñas xerais e directrices

►► 2.1


Contexto actual: transición verde e dixital



A industria debe liderar a dobre transformación verde e dixital que supón un novo paradigma, e constitúe, actualmente, o gran reto da sociedade europea. Esta transición verde e dixital é un proceso vital e dinámico que reflicte a necesidade urxente de abordar desafíos sociais, ambientais e económicos, promovendo a sustentabilidade e a competitividade nun mundo cada vez máis dixitalizado. Hoxe en día, esta dobre transición está enmarcada por diversas políticas e estratexias tanto a escala europea como nacional e rexional.

A nivel europeo, o Pacto Verde Europeo eríxese como o pilar fundamental da transición verde, co ambicioso obxectivo de converter Europa no primeiro continente climaticamente neutro para 2050. Este pacto abarca compoñentes clave como a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, a economía circular, a protección da biodiversidade, a promoción dunha agricultura sustentable e a transición cara a enerxías limpas.

- Dentro do propio Pacto Verde existe
- un plan industrial que busca **incrementar**
- **a competitividade da industria europea**
- mediante a adopción de medidas
- que conduzan a **cero emisións netas,**
- **impulsando así a transición cara á**
- **neutralidade climática.**



Imaxe 1: Liñas principais do Pacto Verde

Fonte: Unión Europea 2020



Para asegurar a súa correcta implantación, desenvóléronse lexislacións específicas como a Lei europea do clima e o paquete *Fit for 55*, ademais de preverse unha asignación de fondos a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (NextGenerationEU), que apoia, entre outros, proxectos que fomentan a sustentabilidade ambiental. Adicionalmente, a Estratexia de Mobilidade Sustentable e Intelixente promove transportes máis limpos e innovadores, e o programa Horizonte Europa financia investigacións en enerxías renovables e sustentabilidade. Estas

políticas integran esforzos para un crecemento económico sustentable e dixital en toda a UE. Por último, RePowerEU é unha iniciativa que busca reducir a dependencia das importacións de combustibles fósiles e promover fontes de enerxía sustentables, acelerando o investimento en tecnoloxías limpas e mellorando a eficiencia enerxética. Ao fortalecer a infraestrutura e diversificar a subministración enerxética, o plan permitirá impulsar a reindustrialización da Unión, abarataando os custos enerxéticos e mellorando a competitividade da industria europea.

España, en liña cos obxectivos europeos, estableceu a súa propia folla de ruta para a transición verde. O Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, revisado posteriormente para o período 2023-2030, é un documento estratéxico que fixa metas concretas para a redución de emisións, a mellora da eficiencia enerxética e a promoción de enerxías renovables. Complementando este plan, a Lei de cambio climático e transición enerxética, aprobada en 2021, ten como obxecto facilitar a descarbonización da economía española e a súa transición a un modelo circular.

Simultaneamente, a transición dixital está a transformar todos os sectores económicos e sociais en España e en Europa. A Estratexia Dixital Europea busca facer de Europa unha líder global na economía dixital, centrándose en áreas como a intelixencia artificial, o 5G, a ciberseguridade e a dixitalización da industria. Esta estratexia complementase co Programa Europa Dixital, que financia diversas actuacións que van desde mellorar a infraestrutura dixital a desenvolver competencias dixitais avanzadas entre a cidadanía europea. Adicionalmente, a Comisión Europea lanzaba en marzo de 2021 unha iniciativa destinada a promover e acelerar a transformación dixital de Europa para 2030, chamada Década Dixital Europea. Esta estratexia establece unha folla de ruta e uns obxectivos claros para garantir que a Unión Europea (UE) poida aproveitar ao máximo as oportunidades que ofrece a dixitalización en todos os ámbitos económicos e sociais.

Pola súa parte, en España, a Axenda España Dixital 2026 recolle un conxunto de medidas, reformas e investimentos, articulados en dez eixes estratéxicos, aliñados coas políticas dixitais marcadas pola Comisión Europea. Este plan estratéxico abrangue o despregamento de infraestruturas dixitais de última xeración, a promoción da economía dixital e a mellora das competencias dixitais da poboación. Ademais, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia asigna unha parte substancial dos seus fondos á dixitalización da economía e da Administración pública, co obxectivo de tratar que España aproveite as oportunidades que ofrece a innovación tecnolóxica. Asemade, a súa compoñente número 12 (Política Industrial España 2030) define un obxectivo xeral: o impulso da modernización e a produtividade do ecosistema español de industria-servizos mediante a dixitalización da cadea de valor, o impulso da produtividade, a competitividade e a mellora da eficiencia enerxética dos sectores estratéxicos claves na transición ecolóxica e transformación dixital.


ESPAÑA DIXITAL 2026

1. Garantir unha conectividade dixital adecuada para toda a poboación, promovendo a desaparición da fenda dixital entre zonas rurais e urbanas.
2. Seguir liderando o despregamento da tecnoloxía 5G en Europa.
3. Incrementar as capacidades de ciberseguridade en España.
4. Transitar cara a unha economía do dato, garantindo a seguridade e privacidade e aproveitando as oportunidades que ofrece a Intelixencia Artificial.
5. Impulsar a dixitalización das Administracións Públicas.
6. Acelerar a dixitalización das empresas.
7. Impulsar a transformación dixital e sostible en varios sectores estratéxicos: agroalimentario, saúde, mobilidade, turismo e comercio.
8. Impulsar España como *Hub* Audiovisual.
9. Reforzar as competencias dixitais da forza laboral e do conxunto da cidadanía.
10. Garantir os dereitos dixitais da cidadanía.

O anterior materialízase nos seguintes obxectivos concretos:

- **Dixitalización de sectores estratéxicos**, establecendo mecanismos de colaboración público-privada para o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas que incrementen a produtividade en toda a cadea de valor destes sectores.
- **Modernización e sustentabilidade da industria**, con especial atención ao acompañamento da transformación da industria electrointensiva.
- **Promoción das industrias de condución "verde" e dixital**, incluíndo proxectos de interese común europeo.
- **Estratexia Española de Economía Circular e modernización do sistema de transporte, xestión e tratamento de residuos**.

2030 DÉCADA DIXITAL



Imaxe 2: Liñas da Década Dixital Europea e da Axenda España Dixital 2026.


Fonte: Elaboración propia baseándose en infografías da UE e o MITECO.

En Galicia estableceuse a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía para o ano 2050, que reflicte ambiciosas metas e medidas para a descarbonización da Comunidade, aliñándose cos obxectivos nacionais e europeos, tanto para a mitigación como para a adaptación ao cambio climático. En liña con estes obxectivos, nace tamén a Axenda Enerxética de Galicia 2030, unha folla de ruta para conseguir os obxectivos intermedios en 2030 que permitan alcanzar a neutralidade climática en 2050. Galicia é unha Comunidade con elevados recur-

sos naturais para a produción enerxética, especialmente en canto ás enerxías renovables, pero que durante décadas aproveitou tamén o carbón para xerar electricidade. No ámbito dixital, a Estratexia Galicia Dixital 2030 marca o camiño para a transición cara a tecnoloxías dixitais e alíñase coa Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) 21-27, buscando fortalecer o tecido económico e industrial mediante diferentes obxectivos específicos, fortemente aliñados tamén coa Axenda España Dixital 2026.



Finalmente, as estratexias europeas, nacionais e autonómicas conflúen aliñándose cos obxectivos da Estratexia Industrial Europea lanzada en marzo de 2020 e actualizada en maio de 2021. Esta estratexia céntrase sobre tres liñas principais: **mellorar a resiliencia do mercado único europeo, reforzar a autonomía estratéxica da UE e acelerar a dobre transición ecolóxica e dixital**. Inclúe, ademais, medidas para apoiar a innovación, para modernizar industrias existentes, para promover tecnoloxías limpas e dixitais e para crear empregos cualificados, así como para fomentar a cooperación transnacional e a formación en competencias dixitais.



Imaxe 3: Eixes da política europea.

Fonte: Unión Europea 2017.

Máis recentemente, a Unión Europea reforzou de maneira decidida a súa política industrial cun enfoque orientado á autonomía estratéxica aberta, á competitividade e á seguridade económica, tal e como se reflicte na actualización da Estratexia Industrial Europea impulsada pola Comisión Europea. Neste contexto, destaca o Pacto por unha Industria Limpa (Clean Industrial Deal), orientado a garantir condicións favorables para a produción industrial en Europa mediante enerxía accesible, marcos regulatorios máis simples e un acceso á financiación máis áxil; o Critical Raw Materials Act, aprobado para reducir dependencias externas en materias primas estratéxicas esenciais para a transición verde, dixital e para a defensa; ou os plans de acción sectoriais lanzados en 2024-2025 para industrias clave como a química, a automoción ou as tecnoloxías limpas. A estas políticas súmase o avance dunha axenda europea de seguridade económica e industrial, que incorpora por primeira vez de forma explícita a dimensión de defensa e resiliencia industrial, reforzando a produción interna, a cooperación entre Estados membros e a protección das cadeas de valor críticas. En conxunto, estas iniciativas evidencian un cambio estrutural na UE, que trata de pasar dunha política baseada case exclusivamente no mercado a unha política industrial máis activa, coordinada e orientada a buscar capacidade produtiva propia, emprego industrial e liderado tecnolóxico a longo prazo.

No referente a Galicia, desde un punto de vista socioeconómico, a transición dixital e verde representa **unha oportunidade para impulsar a innovación e a competitividade**, incrementando as compoñentes tecnolóxicas nos diferentes sectores industriais e posicionando mellor a Comunidade para aproveitar novos mercados e crear empregos en ámbitos emerxentes, algúns deles relacionados co aproveitamento das enerxías renovables, os das tecnoloxías da información e da comunicación, os da intelixencia artificial e os da economía circular. No seguinte apartado descríbese con máis detalle a política industrial na Comunidade.

►► 2.2

A política industrial en Galicia



A política industrial en Galicia está enfocada a **fortalecer e modernizar o seu tecido produtivo, a mellorar a competitividade das súas empresas e a fomentar un desenvolvemento sustentable e inclusivo**. A industria na Comunidade é diversa e inclúe sectores consolidados como o naval, o metalmecánico, a automoción, o forestal-madeira, a loxística ou a alimentación, e tamén sectores emerxentes como a industria das tecnoloxías da información e a das enerxías renovables e do almacenamento enerxético.

Como parte fundamental do tecido empresarial galego, a industria vese afectada por distintos documentos estratéxicos. A continuación resúmense algúns deses documentos que incluíron medidas para o desenvolvemento da industria durante os últimos anos:

1. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 2015-2020
2. Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia-EIOLG (2019)
3. Estratexia Galega de Economía Circular (2020-2030)
4. Axenda Enerxética de Galicia 2030
5. Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050
6. Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030
7. Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia) 2021-2027
8. Estratexia Galicia Dixital 2030
9. Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030
10. Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030
11. Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027

Alén desa presenza transversal en distintos documentos, existe un marco legal específico para o desenvolvemento da política industrial, como é o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, que ten entre os seus obxectivos **deseñar os instrumentos precisos para a eficaz e eficiente realización das actividades de planificación e de promoción no ámbito das competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia**. No título II (Planificación da política industrial) do dito texto refundido, recóllense dous instrumentos para a planificación da política industrial na comunidade:

- **Os plans directores dos distintos sectores industriais**, que son instrumentos de carácter estratéxico que teñen como finalidade promover o desenvolvemento da actividade industrial no sector específico que corresponda, mediante a definición das medidas necesarias para o seu impulso.
- **O plan autonómico de impulso e aceleración dos proxectos industriais**, que é o instrumento para facilitar a implantación e ampliación de determinados proxectos industriais en Galicia e reducir os seus prazos, tendo en conta a súa relevancia e o seu interese no marco da política industrial.

É no primeiro dos instrumentos onde se encaixa este Plan Director da Industria Forestal-Madeira, así como o resto dos plans sectoriais dos distintos sectores industriais (algúns deles xa aprobados, como o do sector da automoción ou o da construción naval). O funcionamento do dito instrumento debullarase nos seguintes apartados.

Plan estratéxico 2022-2030 e outras políticas relacionadas

Tanto a política industrial en si mesma como as outras políticas relacionadas encádranse na estratexia xeral da Comunidade, delimitadas no Plan Estratéxico de Galicia para o período 2022-2030.

A estratexia xorde dunha análise exhaustiva da situación socioeconómica e territorial de Galicia, tendo en conta os escenarios macroeconómicos e financeiros previstos para os próximos anos. O plan céntrase en deseñar medidas que aborden os desafíos demográficos, que impulsen a sustentabilidade ambiental e a dixitalización, que fomenten a innovación e o capital humano, que valoren os aspectos distintivos da rexión e que promovan unha recuperación económica resistente e sustentable. O anterior plasmasse en cinco eixes, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos, resumidos a alto nivel no seguinte cadro:

Eixe 1. O reto demográfico	1.1 Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada 1.2 Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias 1.3 Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade 1.4 Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Eixe 2. Galicia verde e sostible	2.1 Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade ás fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico 2.2 Garantir unha mobilidade sustentable 2.3 Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais 2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
Eixe 3 Competitividade e crecemento	3.1 Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas 3.2 Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible 3.3 Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento 3.4 Promover as infraestruturas produtivas e as de rede 3.5 Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo 3.6 Fomentar o turismo sustentable e de calidade
Eixe 4 Cohesión social e territorial	4.1 Promover unha educación inclusiva e de calidade 4.2 Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante. Garantir a igualdade de trato e a non discriminación 4.3 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía 4.4 Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única
Eixe 5 Gobernanza	5.1 Unha boa administración, que avance na presentación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade 5.2 Unhas finanzas sustentables para un crecemento san 5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.



A intersección entre as políticas industrial, enerxética e económica en Galicia supón un eixe fundamental para trazar unha folla de ruta cara a un desenvolvemento económico sustentable e resiliente na Comunidade Autónoma.


Neste contexto, a política enerxética de Galicia cobra unha relevancia crucial ao orientar o rumbo cara a unha matriz enerxética máis diversificada, limpa e sustentable, nun sector cada vez máis crecente na Comunidade. A industria ten a necesidade de buscar territorios con dispoñibilidade de recursos renovables para implantar as súas iniciativas, co fin de poder acadar o obxectivo da descarbonización. Esta é unha das razóns polas que Galicia está sendo un lugar que concentra o interese dos investidores e está a aproveitar unha oportunidade que lle outorga unha importante vantaxe competitiva.

A aposta polas enerxías renovables, pola eficiencia enerxética e pola descarbonización da economía presenta oportunidades de creación de emprego e crecemento económico. Ademais, Galicia despregou un abanico de iniciativas complementarias, como a Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2025 e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030, ambos os dous actualizados en xaneiro de 2025.

Doutra banda, dentro da Axenda de Competitividade de Galicia-Industria 4.0, a Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia (EIOLG) establécese como o plan que permite identificar as grandes oportunidades loxísticas de Galicia mediante un enfoque eficiente e intelixente, fomentando o aproveitamento da súa ampla e destacada rede de infraestruturas de calidade e nodos loxísticos. No camiño cara á nova loxística 4.0, a EIOLG promove o desenvolvemento dos sectores estratéxicos galegos, aumentando a súa competitividade e o seu valor engadido, e serve de apoio ao tecido produtivo nesta nova revolución industrial.

Para este plan director é relevante tomar en consideración o Plan Forestal de Galicia recollido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que ten carácter vinculante en materia forestal e definirá as liñas de actuación das distintas administracións públicas no ámbito da citada lei, tendo a consideración de programa coordinado de actuación segundo a Lei 10/1995. Actualmente está vixente a “primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040” aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de setembro de 2021, unha vez finalizado o seu procedemento de tramitación e tras seren consultados, por medio dos seus órganos de representación, os propietarios forestais, particulares e montes veciñais, as entidades locais, o sector empresarial e os demais axentes sociais e institucionais interesados. No devandito Plan a medida IV.3.1 denomínase “Axenda de impulso da industria forestal” que pasa a asimilarse ao presente Plan Director da Industria Forestal-Madeira 2026-2028.

Como se poderá ver ao longo dos seguintes apartados, os plans directores industriais sectoriais están perfectamente aliñados coas distintas estratexias da Xunta de Galicia e co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.



03.





Instrumentos de apoio á industria

3.1 Mapa industrial

3.2 Plans directores sectoriais

3.3. Outros instrumentos

03. | Instrumentos de apoio á industria



Como se recolle no apartado anterior, as actuacións da Xunta de Galicia en materia de política industrial afectan de maneira transversal a distintos instrumentos de planificación. Non obstante, neste capítulo analizaranse os instrumentos adoptados pola Xunta de Galicia especificamente para apoiar e desenvolver o tecido industrial rexional. En particular, centrárase a atención en dous instrumentos fundamentais: **o mapa industrial e os plans directores sectoriais da industria**.

Ambos están regulados polo mesmo marco normativo, definido no Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legislativas da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, recentemente modificado pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Por unha banda, o **mapa industrial** que se está a desenvolver desde a Xunta de Galicia vaise converter nunha ferramenta cartográfica estratéxica que delineará as actividades industriais na rexión. Non só identificará as áreas industriais existentes, senón que tamén servirá como instrumento predictivo para orientar os investimentos futuros e as políticas de desenvolvemento territorial.

Ao mesmo tempo, os **plans directores sectoriais da industria** son cruciais na política industrial galega, establecendo estratexias e directrices para desenvolver os sectores industriais estratéxicos. Abordan aspectos como a promoción da innovación, o reforzo da competitividade das empresas locais e a creación de sinerxías entre os diversos axentes do sector.

Ambos os instrumentos, malia as súas particularidades, **comparten unha estrutura e unha metodoloxía comúns** establecidas polo marco normativo vixente, garantindo coherencia e eficacia nas estratexias adoptadas para o fortalecemento do tecido industrial galego.

A continuación, faise referencia a cada un dos instrumentos.



3.1

Mapa industrial



- O mapa industrial de Galicia concíbese como un **instrumento complementario aos plans directores** sectoriais que achegará información sobre as estruturas esenciais e necesarias para a súa planificación e para o seu desenvolvemento.

Este instrumento de política industrial presenta un valor e unha utilidade propios. Neste sentido, a súa funcionalidade principal establécese ao redor de tres actividades básicas:



- **Análise:** o mapa industrial debe servir para compoñer unha perspectiva analítica exhaustiva e fundamentada en fontes oficiais e cuantitativas da situación da industria galega.



- **Consulta:** o mapa debe servir como instrumento de consulta de información fiable, actualizada, contextualizada, comparable e visual para os responsables públicos implicados no deseño e desenvolvemento de políticas de planificación e promoción industrial.



- **Medición de impacto:** ademais de incluír un cadro de mando de indicadores propio para medir o impacto das súas medidas, o mapa industrial é unha canle pola que comprobar os seus resultados finais e a súa capacidade de transformación do tecido industrial.

Este instrumento é, na súa perspectiva máis básica, unha matriz de datos que se estruturará nunha serie de eixes que conforman a súa estrutura temática:



Eixe de empresas industriais

Que serve para caracterizar as organizacións produtivas que operan nos sectores industriais en termos de natureza, número, tamaño e forza de traballo.



Eixe de territorio

Que se emprega para definir as características do territorio en que se atopan as empresas industriais, fundamentalmente desde o punto de vista socioeconómico.



Eixe de solo industrial

Que ten como propósito informar sobre a situación do solo dispoñible para as actividades industriais.

Ademais da súa función á hora de determinar os sectores estratéxicos da industria galega, a través da información contida no mapa poderá facerse un seguimento dos plans directores, pero tamén conseguir información actualizada que permita obter informes, cadros de mando, gráficas, sistemas de alerta, DAFO e demais datos de análise que poidan servir como base para tomar decisións estratéxicas en política industrial.


Cada eixe está definido por un conxunto de variables ou indicadores específicos que axudan a concretar e definir os eixes.

Eixe	Empresas industriais	Territorio	Solo industrial
Variable	· Caracterización de empresas · Densidade empresarial · Crecemento de empresas · Especialización industrial	· Man de obra dispoñible · Risco de despoboamento · Situación económica · Emprendemento	· Dimensión · Accesibilidade · Dotacións · Conexións

Cada variable está, á súa vez, definida por un conxunto de dimensións que permiten matizar a información resultante e, así, a propia variable pode adecuarse ás necesidades específicas que xurdan con cada consulta.

Estes datos derivan do procesamento de datos obtidos dunha ou varias fontes de información.

En resumo, o mapa industrial de Galicia estase a conformar como unha ferramenta de información fundamental no deseño de políticas públicas xunto cos plans directores sectoriais, que se recollen no seguinte apartado.




▶▶ 3.2 Plans directores sectoriais



Os **plans directores sectoriais** son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. **O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores**, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e o mantemento do emprego na industria.

As medidas previstas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais. De aí que, como se verá no apartado correspondente, **as prioridades sectoriais estean agrupadas arredor dos seguintes ámbitos:**



Asemade, os plans directores industriais sectoriais fixan os seus obxectivos dentro dun período temporal concreto; no caso deste plan director, eses obxectivos abarcarán o **período 2026-2028**, a pesar de que o enfoque derivado das tendencias e prioridades sectoriais abrangue unha **visión 2030**. Dentro dese marco temporal trienal, especifícanse **os mecanismos e recursos necesarios para lograr estes obxectivos**, así como os sistemas que se utilizarán para avaliar a eficacia e a eficiencia das medidas implantadas. Estes plans non só establecerán un camiño claro para o desenvolvemento industrial, senón que tamén proporcionarán un marco para a avaliación continua e a adaptación, asegurando que as estratexias sigan sendo relevantes e efectivas nunha contorna industrial en constante cambio.



-
- En resumo, estes plans buscan
- identificar e **superar as barreiras**
- **que poidan impedir o crecemento**
- **industrial**, promovendo unha
- contorna favorable para a innovación
- e a modernización das infraestruturas
- industriais cun enfoque centrado
- nas persoas.
-

Ao mesmo tempo, salientase a importancia da sustentabilidade, asegurando que o crecemento industrial non só sexa economicamente viable, senón tamén ambientalmente responsable e socialmente inclusivo.

En canto á metodoloxía, os plans directores sectoriais seguen un enfoque de **cuádrupla hélice**, implicando no proceso a Administración e o tecido empresarial, xunto á denominada academia/centros de competencias e á propia cidadanía.



- **Cidadanía.** Ábrese unha dobre xanela para as achegas da cidadanía. De feito, unha das primeiras accións foi a publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia da posta en marcha do proceso de elaboración do plan director. E haberá unha segunda publicación tras a súa aprobación formal.
- **Academia/centros de competencia.** Integrados na cadea de valor do sector, foron incluídos no proceso igual que a propia industria.
- **Tecido empresarial e axentes sociais.** No anexo II recóllese a relación de axentes que participaron de maneira directa na elaboración do plan.
- **Administración.** Creouse un grupo de traballo coas distintas entidades da Xunta de Galicia competentes na materia.

O proceso dividiuse en varias fases:



Fase 1. Fase de lanzamento

- **Declaración dos primeiros sectores estratéxicos.** Baseándose en distintas fontes de información, entre as que se encontra a información manexada para a articulación do futuro mapa industrial, o Consello da Xunta do 29 de febreiro de 2024 declara estratéxicos:

- Automoción
- Construción naval
- Industria metalmecánica
- Industria das TIC
- Sector forestal-madeira
- Loxística industrial

O 17 de febreiro de 2025, o Consello da Xunta acordou declarar tres novos sectores como estratéxicos:

- Alimentario
- Têxtil e confección
- Industria da construción

- **Definición da metodoloxía e recollida de información base.**
- **Publicación no Portal de Transparencia da Xunta.**



Fase 2. Fase de análise

Esta fase centrouse no tratamento exhaustivo da información existente seguindo as indicacións e os contidos previstos no marco legal dos plans directores sectoriais.

- Plan Forestal de Galicia, especialmente o eixe IV, centrado na cadea monte-industria, e o apartado IV.3, dedicado ao impulso da industria forestal galega.
- As medidas para o sector forestal incluídas na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
- A Estratexia RIS3 de Galicia, tanto a avaliación do período 2014-2020 como os resultados do proceso participativo 2021-2027, con especial relevancia para o Reto 2 (competitividade e coñecemento) e o Reto 1 (xestión innovadora dos recursos naturais e culturais).

Este conxunto de referencias ofrece unha base técnica e participada que permite construír un plan director orientado á sustentabilidade, modernización e competitividade da industria forestal-madeira galega.



Fase 3. Fase de interlocución sectorial

Probablemente sexa esta a fase máis relevante, dado que o estreito contacto co sector industrial avala o contido deste plan. Tanto os datos sectoriais como as tendencias e, sobre todo, as prioridades sectoriais xorden nesta fase de interlocución.

Houbo varios tipos de contacto:

- **Informante de primeiro nivel.** Nesta categoría encóntranse varios axentes:
 - Os clústeres e agrupacións sectoriais como representantes da cadea forestal-madeira.

- As empresas e entidades que integran o sector que participaron nas diferentes dinámicas para detectar necesidades e determinar prioridades ou que, no caso dalgunhas entidades de referencia para cada sector, foron entrevistadas de maneira individual.
- **Outros informantes clave**, tamén de dous tipos:
 - Representantes das persoas traballadoras e axentes sociais.
 - Representantes doutras cadeas de valor onde o sector é determinante para a súa competitividade.

Así, os plans directores industriais sectoriais están baseados nas necesidades reais manifestadas polo propio sector durante esa fase de interlocución.



Fase 4.

Identificación e priorización de medidas e redacción dos plans directores industriais sectoriais

Nesta fase **identificáronse as medidas específicas e estimouse o orzamento necesario para soste as iniciativas propostas baseándose nos resultados obtidos da priorización de necesidades e solucións**. Defínese un conxunto de accións concretas e asígnanse os recursos necesarios para a súa implantación, asegurando que as iniciativas sexan viables e efectivas. Unha vez recompiladas as necesidades e priorizadas e identificadas as liñas de actuación, a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial organizou un grupo de traballo (GT) con todos os órganos da Xunta que teñen competencias sobre as medidas que cómpre poñer en marcha. O GT foi o encargado de proporcionar e validar as medidas e de definir o seu marco financeiro.

O resultado final é a elaboración e redacción dos plans directores industriais. Este enfoque metodolóxico **garante que os plans directores industriais sexan froito dun proceso rigoroso e colaborativo, aliñado coas necesidades reais do tecido industrial galego**. Ademais, permite a participación activa dos actores clave do sector, asegurando que as medidas propostas sexan relevantes e teñan un impacto positivo no desenvolvemento industrial da rexión.



Fase 5.

Fase final

Esta fase está liderada pola Xunta de Galicia, por ser o axente principal de dúas das súas tres actividades:

- Determinación das medidas que dan resposta ás necesidades/prioridades sectoriais, calendarización e determinación do seu marco económico-financeiro.
- Trámites de aprobación formal dos plans directores industriais sectoriais polo Consello da Xunta tras informar ao Consello Económico e Social e ao Consello de Economía e Competitividade, así como publicación no Portal de Transparencia.
- Paralelamente ao anterior, deseñárase o sistema de seguimento e avaliación do plan, así como o seu sistema de gobernanza.

O enfoque de cuádrupla hélice e o esquema en distintas fases, coa participación activa de todo o sector e da Xunta de Galicia no seu conxunto, garante a conexión entre as prioridades sectoriais aquí recollidas e as necesidades reais dos sectores industriais de Galicia.

▶▶ 3.3 Outros instrumentos



3.3.1 *Impulso de proxectos industriais*

A lexislación autonómica regula dúas figuras orientadas a impulsar os proxectos industriais en Galicia co obxectivo de contribuír a que poidan executarse no menor tempo posible, mediante o acompañamento e asesoramento ás persoas promotoras dos investimentos durante as tramitacións administrativas que sexan necesarias, así como a simplificación e axilización das devanditas tramitacións. Estas figuras son os proxectos incluídos dentro do Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e os proxectos industriais estratéxicos (PIE).

Trátase de dúas ferramentas de atracción de investimentos e axilización administrativa que permiten o acompañamento e o asesoramento ás persoas promotoras durante as tramitacións administrativas que sexa necesario realizar ante a Administración xeral da Comunidade Autónoma e outras administracións públicas, co obxectivo de contribuír a que os proxectos industriais poidan ser executados no menor tempo posible.

No caso do Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, os proxectos que aspiren a ser incluídos nel deben acreditar un investimento superior a 800.000 euros en activos fixos, excluídos os terreos. Mediante este plan, ademais de darse o indicado acompañamento e asesoramento, e reducirse os prazos na tramitación dos procedementos, colabórase co concello onde se vai implantar o proxecto, asegurando a coordinación entre as administracións, así como a cooperación e asistencia activa que puidese precisar a Administración municipal para o eficaz cumprimento das súas competencias en relación coa implantación do proxecto, coa finalidade de lograr a posta en marcha do proxecto industrial no menor tempo posible.

Pola súa banda, a figura dos proxectos industriais estratéxicos (PIE), cuxa tramitación urxente está impulsada de oficio pola Xunta de Galicia, está deseñada para que se poidan acoller a ela os proxectos que acrediten, entre outros requisitos, un investimento superior a dous millóns de euros en activos fixos, excluídos os terreos, e a creación dun mínimo de 25 empregos. Esta figura busca atraer e potenciar novos investimentos nacionais e internacionais, fomentar a innovación, a internacionalización e a competitividade, así como simplificar os procedementos administrativos necesarios para a súa implantación.

Igualmente, atópase en fase de tramitación o anteprojecto de lei de administración ambiental de Galicia que, no marco da regulación básica estatal, busca establecer o marco normativo para a prevención e o control integrados da contaminación, mellorar a eficiencia no uso sostible dos recursos e promover a economía circular e a descarbonización, co fin de alcanzar un nivel elevado de protección do medio ambiente e da saúde humana na Comunidade Autónoma de Galicia, así como realizar unha simplificación regulatoria, ao recoller nun único texto a regulación das distintas técnicas de ordenación e avaliación ambiental, integrando, axilizando e simplificando diversos trámites ambientais.



3.3.2 Medidas de fomento de dispoñibilidade de solo empresarial

Nos últimos anos, impulsáronse distintas iniciativas legislativas que incorporaron instrumentos de apoio á industria, dirixidos a fomentar a dispoñibilidade de solo empresarial, que buscan facilitar o desenvolvemento e a implantación de proxectos empresariais en Galicia.


No ano 2024 estendeuse o réxime de dereito de superficie a todas as parcelas propiedade da sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur, S.A.), incluíndo os oito primeiros anos de utilización de forma gratuíta.

Por outra parte, co fin de dar resposta ás demandas urxentes de creación de solo empresarial e de implantación de proxectos industriais, así como para reducir os prazos de inicio das actividades económicas, deseñouse unha nova figura que permite a creación de solo empresarial nas áreas en que se promovan iniciativas empresariais que poidan ser cualificadas como proxectos industriais estratéxicos, mediante a posibilidade de tramitar conxuntamente tanto o instrumento urbanístico de creación de solo empresarial (a través dun Proxecto de interese autonómico) como a propia tramitación dos proxectos industriais estratéxicos. Ademais, co obxecto de favorecer a implantación de iniciativas empresariais e industrias en áreas rurais, a redución dos prazos de inicio das actividades económicas, a creación de empregos e o impulso e a dinamización demográfica, o sector público autonómico está a fomentar a creación de solo empresarial en concellos rurais. Con este fin, e como medida temporal e extraordinaria, habilitouse a posibilidade de declarar e aprobar proxectos de interese autonómico de creación de solo empresarial en concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

Nos dous instrumentos indicados no parágrafo anterior, establécese unha tramitación áxil e que reduce ao máximo os prazos de tramitación, co fin de conseguir que as industrias poidan dispoñer do solo empresarial que requiren para a súa implantación ou ampliación, acelerando o máximo posible o inicio da súa actividade económica e de creación de emprego industrial. Ademais, prevese a posibilidade de que as entidades instrumentais do sector público autonómico con competencias en materia de creación de solo empresarial, ou as entidades do sector público local, poidan participar na sociedade que desenvolva o proxecto de interese autonómico, fomentándose a colaboración público-privada na creación de solo empresarial.

En xaneiro do ano 2026, entraron en vigor novas normas incluídas na Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como a aplicación tramitación de urxencia e, polo tanto, redución á metade os prazos de tramitación de todas as figuras de planificación, desenvolvemento e execución de solo empresarial previstas na Lei de áreas empresariais de Galicia; ou o establecemento de medidas para facer máis eficientes e flexibles os mecanismos de venda ou alugueiro de solo empresarial promovido pola Sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Finalmente, estanse a adoptar outras medidas que teñen o mesmo obxectivo de colaborar co sector nos aspectos relativos a facilitar a selección e utilización do solo empresarial, como a delimitación de zonas de implantación prioritarias de proxectos industriais, que permite identificar e difundir áreas con características especialmente aptas para albergar novas iniciativas industriais, ou as melloras na xestión e operación do Censo de solo empresarial de Galicia, o que permitirá que o sector industrial teña un mellor coñecemento das parcelas dispoñibles para implantar os seus proxectos.



3.3.3 Medidas dirixidas a reducir os custos enerxéticos da industria galega a través do aproveitamento de recursos naturais

Un dos problemas aos que se enfrontan as empresas na actualidade é o elevado custo enerxético, así como a súa variabilidade.

Neste contexto, o tecido produtivo reclama propostas concretas en materia enerxética, que permitan dispoñer de prezos estables e competitivos, que lles permitan crecer e á vez poder cumprir o reto da descarbonización da súa actividade.

Neste contexto, o pasado 11 de novembro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. O obxecto desta lei é promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e a promoción dunha serie de actuacións e instrumentos, entre os que se atopa a busca do maior beneficio social e económico na execución dos proxectos que aproveitan recursos naturais en Galicia (fontes de enerxía renovables, concesións de augas para certos usos ou proxectos mineiros). Na relación de posibles beneficios sociais e económicos que se buscan mediante esta lei inclúense, entre outros, a redución de custos da enerxía e a diminución da dependencia enerxética dos consumidores locais e industrias das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos ou da Comunidade Autónoma.

En coherencia cos obxectivos desta lei, mediante a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, propúxose a incorporación dunha serie de medidas dirixidas a que o aproveitamento de recursos naturais en Galicia repercuta dunha forma beneficiosa nos consumidores de enerxía galegos e, entre eles, na industria galega.

As modificacións introducidas, que afectan tanto ás novas instalacións de aproveitamento de enerxía eólica como ás infraestruturas destinadas a usos industriais para a produción de enerxía eléctrica que tivesen revertido á Administración autonómica nos casos de extinción de concesións, buscan que unha parte da enerxía producida (en xeral, un 50%) teña que ser destinada a contratos de subministración de enerxía a medio ou longo prazo (PPA) a un prezo predeterminado para a súa utilización por consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, ou, no caso de que non existisen consumidores interesados nesas zonas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Desta forma, contribuírase a reducir os custos da enerxía e a diminuír a dependencia enerxética dos consumidores locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, fomentando a constitución de comunidades de enerxías renovables e garantindo, en xeral, a dispoñibilidade dunha parte da enerxía xerada polos parques eólicos e instalacións hidroeléctricas por parte dos consumidores galegos con prezos estables a medio e longo prazo, evitando a variabilidade dos custos enerxéticos e mellorando a súa competitividade.


3.3.4 *Seguridade industrial*


Todos os sectores produtivos de Galicia, algúns de tanta transcendencia como a agricultura, a automoción, a enerxía, o forestal-madeira, a minaría e o sector naval ou o comercio, están directamente afectados pola normativa de seguridade industrial.

Tradicionalmente, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo actuacións que permitan incrementar o nivel de cumprimento da normativa en seguridade industrial e, polo tanto, a prevención e limitación dos riscos asociados á seguridade das instalacións que afecten a persoas, bens e conorna.

Co fin de intensificar os resultados destas actuacións, desde o ano 2024 a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, está a desenvolver un conxunto extraordinario de actuacións para a mellora da seguridade industrial en Galicia. Entre as actuacións que se están a levar a cabo, cómpre salientar:

- A creación do Consello Galego da Seguridade Industrial, a través dunha modificación do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Trátase dun órgano colexiado da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á Consellería de Economía e Industria, de natureza consultiva e de participación, para o impulso e coordinación dos criterios e actuacións en materia de seguridade industrial. Neste órgano están representadas as asociacións empresariais e sindicais máis representativas, os colexios profesionais con competencias en materia de industria, os axentes do sector industrial e do sistema da seguridade industrial de Galicia, así como os órganos da Administración autonómica competentes en materia de industria, enerxía, traballo, sanidade, medio ambiente, protección civil e ordenación do territorio. Este órgano permite avanzar na idónea aplicación das medidas dirixidas a garantir a seguridade industrial en Galicia, cunha estratexia coordinada con todos os axentes implicados na infraestrutura da seguridade e calidade industrial.
- O desenvolvemento de plans extraordinarios de inspección de seguridade industrial, que complementan os plans ordinarios que anualmente desenvolve a Consellería de Economía e Industria, e que teñen como fin colaborar coas empresas e persoas traballadoras na detección de posibles incidencias que poidan supoñer riscos para a seguridade das persoas ou dos bens.
- A implementación de medidas de difusión e formación sobre seguridade industrial, dirixidas a mellorar a formación das persoas responsables da seguridade industrial nas empresas, así como a difundir as vantaxes do cumprimento da normativa aplicable, co fin de concienciar a cidadanía sobre as vantaxes que supón manter as instalacións coa máxima calidade desde un punto de vista de seguridade. Entre as actuacións que se están a desenvolver no marco deste plan atópanse a realización de xornadas técnicas, o Congreso Anual de Seguridade Industrial ou a elaboración de guías didácticas nesta materia.





04.





Dimensionamento e caracterización da industria galega

4.1 Crecemento económico: VAB industrial

4.2 Emprego industrial

4.3 Produtividade por persoa ocupada

4.4 Exportacións

4.5 Conclusións e retos

04. | Dimensionamento e caracterización da industria galega

Para analizar e dimensionar o peso da industria galega, tanto desde o punto de vista económico como en termos de emprego xerado, pártese da análise das seguintes variables:

- **Valor agregado bruto (VAB) da industria galega** – Evolución en cifras absolutas e referencia ao peso estrutural por contribución ao PIB.
- **Análise da ocupación industrial** – Cifra absoluta, porcentaxe con respecto ao total de ocupación galega, peso das diferentes ramas industriais, caracterización do perfil máis habitual da industria e o papel do emprego feminino.
- **Produtividade por persoa traballadora**, calculado como un indicador que parte do VAB industrial e da cifra de poboación ocupada na industria.
- **Exportacións**, como variable de medida da internacionalización da industria galega.

Dentro da implementación do futuro mapa industrial de Galicia, teranse en conta outras variables de actividade industrial e o seu peso nos diferentes ámbitos territoriais, pero, para desenvolver este apartado, partiuse de variables macroeconómicas representativas que sirvan para perfilar a situación de partida do sector industrial galego.






4.1

Crecemento económico: VAB industrial



O valor agregado bruto (VAB) da industria galega reflicte unha tendencia positiva nos últimos anos, aínda que experimentou caídas derivadas do impacto da pandemia.

Gráfica:
Evolución do VAB industrial. Serie 2009-2024



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais¹. Elaboración propia. (Datos en miles de euros)

Como dato de referencia, debemos citar que, anteriormente á covid-19, o ano 2018 é o que marca o mellor rexistro en termos de VAB industrial, rexistrando o nivel máis alto desde 2009.

No período pospandemia, 2021 marca o inicio da recuperación, acadando un nivel de valor agregado bruto próximo aos mellores resultados dos anos precedentes. Porén, é no período 2022-2024 cando se consolida esta tendencia alcista, logrando rexistros récord e marcando os mellores resultados de toda a serie histórica de datos. Cómpre salientar que 2024 segue a mellorar o nivel de VAB industrial, ao rexistrar un incremento interanual do 2,6% sobre o ano precedente (incremento calculado a prezos correntes). Desde o punto de vista estrutural, ao longo de 2024 a contribución media da industria ao PIB galego sitúase arredor do 16%.

En conclusión, podemos falar dun ciclo **positivo na evolución da cifra absoluta do VAB industrial**, pero o peso estrutural debería seguir incrementándose, tendo como **obxectivo alcanzar o 20 % da contribución da industria ao PIB galego**.


¹ Os datos anuais de 2022 son provisionais. Os datos anuais de 2023 e 2024 son avances.

▶▶ 4.2 Emprego industrial

Partindo dos datos anuais da EPA para o ano 2024, a industria galega representa un 16% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera a media estatal, que é do 13,3%. Baseándose nestes datos, pódese afirmar que, estruturalmente, o emprego industrial galego ten un peso superior ao de España.

A evolución da ocupación media industrial no período 2010-2024 queda reflectida na seguinte gráfica:

Gráfica:
Evolución da ocupación industrial en Galicia



Fonte: IGE. EPA 2010-2024. Elaboración propia.

Con respecto ao inicio da serie de datos, a ocupación industrial reflicte unha subida de 10.600 persoas, o que supón un ascenso do 6,14%. No ano 2024, Galicia rexistrou unha media de 183.300 persoas ocupadas na industria, incrementando a ocupación nun 9% con respecto ao dato de 2023, e acadando a cifra máis alta de toda a serie histórica de datos proporcionada desde o IGE. Cómpre salientar que esta evolución positiva se está a producir a pesar da caída de poboación activa, 42.100 persoas menos que en 2010, un descenso do -3,23%.

+ 9% ↑

· No ano 2024, Galicia
· rexistrou **unha media de**
· **183.300 persoas ocupadas**
· **na industria, incrementando**
· **a ocupación nun 9%** con
· respecto ao dato de 2023
·

A continuación, caracterízase a ocupación industrial en Galicia, tanto desde o punto de vista da actividade como do perfil tipo das persoas que traballan no sector.



4.2.1 Caracterización da ocupación por ramas de actividade

A repartición da ocupación por ramas de actividade indica que a rama de alimentación e bebidas aglutina o 24% do total da ocupación industrial galega, é dicir, case 1 de cada 4 persoas que traballan na industria galega fano nestas actividades. En segundo lugar está a fabricación de material de transporte (inclúe automoción e naval) cun 22%, seguida de preto pola industria metalmecánica cun 21%.

Cómpre salientar a porcentaxe da industria da madeira e moble, cun 9%, e a do sector téxtil, cun 5%, ambos os dous declarados sectores industriais estratéxicos para os efectos de elaborar o seu plan director.

24% Alimentación e bebidas

22% Fabricación material de transporte


21% Metalmecánica

9% Madeira e moble

Gráfica:

Distribución da ocupación industrial en Galicia

Fonte: IGE. EPA 2024. Elaboración propia.







4.2.2 Caracterización das persoas ocupadas na industria galega

A análise das variables proporcionadas desde a EPA permite caracterizar a industria como un sector fortemente masculinizado que conta cun colectivo de persoas traballadoras de idades intermedias, aínda que lixeiramente nesgado cara ao segmento de 45-54 anos.

Cómpre salientar que a poboación ocupada con menos de 30 anos representa o 10,58 % do sector industrial

Gráficas:
Perfil máis habitual e situación laboral
da ocupación industrial



- Menos de 1 ano
- De 1 ano a menos de 2 anos
- De 2 anos a menos de 3 anos
- De 3 anos a menos de 6 anos
- 6 anos ou máis

Esta información permite debuxar un sector estable, con **traballos maioritariamente a tempo completo e onde o 61 % das persoas ocupadas levan seis anos ou máis na mesma empresa.**

Por outra banda, o sector industrial, xunto coa construción, son os sectores cunha menor taxa de temporalidade. No caso da industria, o 12 % das persoas asalariadas teñen un contrato temporal, fronte a un 16 % de media galega. Dito doutro xeito, o **88 % da poboación asalariada na industria conta cun contrato indefinido.**

Complementando esta información, **os salarios industriais superan os custos salariais da construción e dos servizos.**



Con respecto ao cuarto trimestre de 2023, todos os sectores económicos experimentaron unha suba salarial en 2024, pero é o sector industrial o que presenta un maior ritmo de crecemento interanual, concretamente un 7,32%, fronte a un incremento medio do 4,77%.

Gráficas:
Custos salariais/mes por sectores económicos




Fonte INE:
Enquisa trimestral de custo laboral. T4 2024.

4.2.3 Emprego industrial feminino

As mulleres representan o 28% do total das persoas ocupadas na industria galega, pero esta subrepresentación feminina non se produce na industria téxtil, onde a muller concentra un 82% da ocupación, nin na industria de alimentación e bebidas, onde a participación de ambos os dous sexos aparece máis equilibrada.

Gráfica:
Distribución ocupación industrial por sexos²



Fonte: IGE. EPA 2024. Elaboración propia.

² Os datos da EPA están estimados baseándose nos resultados da mostra, polo que os resultados agregados das variables poden acadar sumas totais que superen o 100% en termos porcentuais.

A subrepresentación feminina concéntrase noutras ramas de actividade industrial máis técnicas, especialmente nas industrias extractivas, onde as mulleres só rexistran un 10% de ocupación.

- Neste contexto, o papel da muller
- na industria debe fomentarse
- articulando os mecanismos
- necesarios que faciliten a súa
- incorporación en planta e en postos
- directivos, así como aproveitando
- o talento feminino nos estudos de
- carácter científico-tecnolóxico.


▶▶ 4.3

Produtividade por persoa ocupada

Contrapóñendo as estatísticas dos dous apartados anteriores, podemos calcular o VAB industrial por persoa traballadora, é dicir, a riqueza que achega a industria ao PIB en termos de persoa ocupada no sector.

Gráficas:

Evolución VAB/ Evolución produtividade ³



Esta gráfica pon en evidencia que no período 2021-2023 o crecemento do VAB industrial vai acompañado dun incremento da produtividade por persoa ocupada no sector, logrando tamén achegas récord e amosando unha evolución paralela por parte das dúas medicións. No ano 2024, o VAB segue a súa evolución positiva e a produtividade acada o terceiro mellor resultado da serie histórica de datos.

A dixitalización é un factor que beneficia claramente a produtividade. As novas maneiras de traballar supoñen cambios fundamentais no modelo de organización, fomentando a axilidade grazas á asistencia da tecnoloxía dixital. Estes cambios tamén requiren potenciar novas habilidades e experiencias colaborativas e compartidas intra e intersectoriais.

³ A produtividade calculouse dividindo o VAB industrial anual entre o número de ocupados medios na industria ese mesmo ano.

⁴ Os datos anuais de 2022 son provisionais. Os datos anuais de 2023 e 2024 son avances.



Os plans directores contan con eixes estratéxicos que tratan de **fomentar o desenvolvemento da dixitalización e a formación das persoas**, como vía de aumentar a produtividade e a competitividade das empresas.

Todo este proceso de cambio debe entenderse dentro da xa citada transformación dixital e verde, xa que a sustentabilidade é outro vector clave neste proceso de cambio dos sistemas produtivos e do modelo de negocio.



4.4

Exportacións



Outro factor que favorece a expansión da industria galega, e que serve para diversificar mercados e minimizar riscos, é o da internacionalización.




Cifras récord,

As exportacións galegas están marcando cifras récord, superando os 31.000M€ no 2024.

Gráficas:
Evolución das exportacións 2009-2024

- Exportacións total
- Exportacións industria
- Lineal (Exportacións totais)




Fonte: IGE. Elaboración propia.

(Datos en miles de euros)

O maior peso das exportacións corresponde ao sector industrial, xa que supón arredor do 95% do total das exportacións galegas. Centrándose nos resultados referidos a CNAE industriais (desde o 05 ao 39), a cifra de exportacións sitúase arredor dos 29.600 millóns de euros atendendo ao resultado do ano 2024.

A internacionalización, o desenvolvemento de negocio e a apertura de novos mercados constitúen outro vector de competitividade que fomenta a diversificación de clientes e a minimización de riscos.

►► 4.5 Conclusións e retos



A industria galega evolucionou positivamente nos últimos anos malia o contexto socioeconómico cambiante dos últimos anos: inestabilidade económica global marcada polos conflitos xeopolíticos, que tiveron un efecto importante nas cadeas de subministración combinada coa crise enerxética que afectou negativamente á produción e á exportación. Ademais, os esforzos en sustentabilidade e a adaptación ás normativas medioambientais esixiron de investimentos significativos que, aínda que necesarios a longo prazo, supuxeron un verdadeiro reto inmediato.

En conxunto, a industria galega demostrou unha sobresaínte capacidade de resiliencia e adaptación, sentando as bases para un futuro promedor, aínda que con importantes desafíos por superar.

Boa mostra é que, a pesar deste contexto global, a industria galega evolucionou positivamente en cifras de VAB industrial e xeración de emprego, e está conseguindo cifras récord en exportacións.

Estes datos positivos resultan esperanzadores, pero, no actual contexto de transición dixital e verde, a industria debe adaptarse e posicionarse neste novo contexto produtivo para mellorar a súa competitividade e para converter Galicia nun polo de atracción de novos investimentos e proxectos industriais.



Deste modo, a posta en marcha dos plans directores debe ir **orientada a acadar novos retos e obxectivos**:



O VAB industrial debe **aumentar o seu peso estrutural** e continuar cunha senda de evolución positiva que nos permita lograr o obxectivo do 20 %.



A cifra de ocupación industrial **debe de seguir aumentando** nos próximos anos, fomentando a incorporación das mulleres en ramas industriais fortemente masculinizadas.



Deben impulsarse medidas que sirvan de estímulo para atraer man de obra, especialmente de persoas mozas, e para mellorar a imaxe da industria na sociedade, co fin de combater a escaseza de persoal e a falta de remuda xeracional.



A produtividade industrial debe mellorarse coa incorporación das **novas tecnoloxías**, coa dixitalización de procesos e coa adaptación aos novos requisitos do mercado de traballo. O fomento da innovación servirá de panca para acadar estes obxectivos.



O **impulso da internacionalización** vai permitir que se sigan acadando cifras récord nos próximos anos.



Por último, debe de **fomentarse un ecosistema industrial que facilite a implantación de novos proxectos** e que proporcione as políticas públicas que promovan o impulso e a consolidación da industria galega.

A análise de cada actividade industrial estratéxica vai permitir afondar en todos estes retos e definir outros que poidan xurdir das diferentes prioridades demandadas desde o sector.



Esta información servirá como punto de partida para deseñar e planificar a política industrial de Galicia.



Plan director do sector forestal madeira





Tras unha análise e caracterización da industria en Galicia, que pon de manifesto o seu carácter estratéxico para a Comunidade Autónoma, elaboráronse os diferentes plans directores de industrias sectoriais, cada un orientado a abordar as particularidades e necesidades de sectores clave para a nosa economía. O Plan Director do Sector Forestal-Madeira preséntase como un documento estratéxico esencial dirixido a fomentar a innovación, a eficiencia e a sustentabilidade no sector.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia co desenvolvemento industrial sustentable e a promoción da competitividade dos sectores estratéxicos, levouse a cabo unha análise exhaustiva da industria forestal-madeira. Esta análise permitiu identificar as fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas específicas do sector, proporcionando un contexto sólido e detallado para o deseño de intervencións específicas.

Este plan non só reflicte as conclusións da análise sectorial previa, senón que tamén propón accións concretas e metas alcanzables que permitirán consolidar a posición de Galicia como referente no ámbito desta cadea de valor a escala nacional e internacional. As ditas accións, como xa se puxo de manifesto nos anteriores apartados, están aliñadas coas distintas políticas europeas e nacionais, ás que complementan desde o ámbito máis próximo e que mellor coñece o tecido industrial: o rexional. Así, a través deste plan, a Xunta de Galicia impulsará a transformación tecnolóxica, a capacitación dos profesionais e a colaboración entre empresas, centros de investigación e administracións públicas, asegurando así un futuro próspero para o sector forestal-madeira en Galicia.

05.





Análise da situación actual do sector forestal-madeira

5.1 Cadea de valor forestal-madeira

5.2 Magnitudes sectoriais

5.3 Proxectos estratéxicos

5.4 DAFO

►► 5.1 Cadea de valor forestal-madeira



A cadea de valor forestal-madeira caracterízase pola súa complexidade e ramificación, e non é doado definir os seus límites, o que segue a provocar disparidades á hora de analizala. A distintos niveis (por exemplo, a nivel europeo e nacional) utilízanse diferentes delimitacións do sector, o que complica moitas veces a comparación entre distintos documentos sobre o sector. A cadea forestal-madeira ten unha relevancia cualitativa moi elevada en Galicia pola gran cantidade de sectores cos que se relaciona. Non só inclúe as empresas directamente dedicadas á produción ou transformación da madeira, senón tamén múltiples provedores de bens de equipo, servizos complementarios, infraestruturas como portos e ferrocarrís e actividades de investigación. Debido a esta interdependencia, cando aumenta a produción no núcleo principal da cadea, tamén medra o emprego noutros sectores que lle achega consumos intermedios. De feito, segundo as táboas input-output do IGE, a industria forestal-madeira mantén relacións comerciais co 80% das actividades económicas galegas e realiza compras superiores a 10 millóns de euros anuais en máis de vinte delas.

A estrutura do sector non responde a unha pirámide simple, senón a unha rede moi complexa formada por numerosos nodos e conexións. Isto explica que o seu desenvolvemento futuro precise dun impulso múltiple, capaz de fortalecer distintos puntos da cadea e aproveitar as sinerxías existentes entre eles. O primeiro elo corresponde á silvicultura e explotación forestal (R02), que abrangue a produción de madeira e leña, a recollida de produtos forestais non madeireiros e servizos de apoio como a extinción de incendios. O segundo elo inclúe as actividades de transformación enerxética, mecánica e química, recollidas en parte pola industria da madeira (R16) –serrados, taboleiros, vigas, chapas– e pola industria do papel (R17), dedicada á produción de pasta, papel e derivados, aínda que moitas transformacións non quedan plenamente reflectidas nestas categorías. Segue despois a segunda transformación, que engloba as ramas R16, R17 e R31 (fabricación de mobles). Esta última inclúe tamén produtos como colchóns ou somieres, difíciles de separar estatisticamente, e integra materiais e procesos moi diversos.


Cómpre salientar tamén a crecente importancia de fabricación de produtos innovadores –plásticos, tecidos ou materiais sustentables– que conectan con numerosas cadeas de valor adicionais.

Descrición da Cadea de Valor Forestal-Madeira e as actividades económicas (CNAE09)

	Actividades R02 Silvicultura e explotación forestal
	Actividades R16 Industria da Madeira
	Actividades R17 Industria do Papel
	Actividades R31 Fabricación de Mobles
	Actividades de varias ramas de cadea forestal-madeira
	Actividades de ramas de fóra da cadea

Actividades de subministracións complementarias

R13	– Industria téxtil
R15	– Industria do coiro e do calzado
R20	– Industria química
R22	– Fabricación de produtos de caucho e plásticos
R23	– Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
R25	– Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo
R35	– Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado



Actividades de equipamento

- R26 – Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
- R28 – Fabricación de maquinaria e equipo
- R29 – Fabricación de vehículos a motor
- R33 – Reparación e instalación de maquinaria e equipo
- R35 – Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
- R36 – Captación, depuración e distribución de auga
- R37 – Recollida e tratamento de augas residuais → instalacións de tratamento
- R38 – Recollida, tratamento e eliminación de residuos
- R41 – Construción de edificios
- R42 – Enxeñaría civil
- R43 – Actividades de construción especializada

Actividades de apoio

- R33 – Reparación e instalación de maquinaria e equipo
- R38 – Xestión de residuos e materiais reciclables
- R39 – Actividades de saneamento e xestión de residuos
- R49 – Transporte terrestre e por tubaxe
- R50 – Transporte marítimo e por vías navegables interiores
- R69 – Actividades xurídicas e de contabilidade
- R70 – Actividades de sedes centrais; consultoría de xestión empresarial
- R71 – Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas
- R72 – Investigación e desenvolvemento
- R73 – Publicidade e estudos de mercado
- R74 – Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
- R85 – Educación, formación regrada e non regrada, formación profesional e continua
- R86 – Actividades sanitarias (cando inclúe vixilancia da saúde laboral)
- R94 – Actividades asociativas

5.2 Magnitudes sectoriais

Entre os anos 2016 e 2023, a industria forestal-madeira de Galicia mantivo un peso relativamente constante dentro do conxunto da industria galega. En canto ao número de locais industriais, a suma dos sectores da madeira, papel e mobles (CNAE 16+17+31) representou arredor do 14% en 2016, descendendo ao 13% a partir de 2019.

A cifra de negocios neta da industria forestal representa entre o 5% e o 6% da facturación industrial total galega. A madeira (CNAE 16) achega o 3-4%, cun pequeno incremento en 2021, e tanto a pasta e o papel (CNAE 17) como os mobles (CNAE 31) manteñen unha cota do 1%. Finalmente, o investimento en activos materiais é o indicador que máis variación amosa. A industria forestal chegou a representar o 14% do investimento industrial en 2019, impulsada polo sector da madeira, que ese ano acadou o 10%, posiblemente debido a proxectos de modernización ou ampliación. Con todo, nos anos seguintes o investimento reduciuse ata o 8% en 2022, mantendo así unha tendencia irregular.


En termos de ocupación, a industria forestal empregou arredor do 9%-10% do total das traballadoras e traballadores da industria galega. Tanto esta información como a comentada en parágrafos anteriores, parte da serie de datos dispoñible na Estatística estrutural de empresas, onde se toma como referencia o último ano publicado.

A industria forestal
empregou o

9-10%


do total das traballadoras
e traballadores da industria galega

Gráfica: Número de locais




Fonte: IGE. Estatística estrutural de empresas desde 2016. Resultados por agrupacións e sectores de actividade. CNAE-09. Galicia

Gráfica: Persoas ocupadas



Fonte: IGE. Estatística estrutural de empresas desde 2016. Resultados por agrupacións e sectores de actividade. CNAE-09. Galicia

Gráfica: Cifra de negocios neta



Fonte: IGE. Estatística estrutural de empresas desde 2016. Resultados por agrupacións e sectores de actividade. CNAE-09. Galicia. Datos en miles de euros.

A industria forestal-madeira galega mantén unha forte dependencia do mercado europeo, especialmente da zona euro. Aínda que a tendencia exportadora é positiva a medio prazo, nalgúns subsectores percíbese certa desaceleración nos dous últimos anos, o que reforza a necesidade de diversificar mercados e afondar na internacionalización. Os principais destinos das exportacións seguen sendo Portugal e Francia, cun peso relevante tamén do Reino Unido, Alemaña ou Italia segundo o subsector.

A balanza comercial da industria forestal galega evoluciona de forma xeralmente positiva desde 2008, acadando en 2024 o mellor resultado da serie. Destaca o forte incremento do saldo na madeira e cortiza, a recuperación progresiva do papel e, sobre todo, a mellora notable da fabricación de mobles, que pasa de saldos negativos a un máximo histórico en 2024, evidenciando unha mellora competitiva e un maior posicionamento no mercado internacional.

Malia o aumento da cifra de negocios, o sector forestal-madeira en Galicia vive unha forte redución de empresas, sobre todo microempresas, mentres gañan peso as medianas e grandes. Entre 2014 e 2023 o número total de entidades baixou un 28%, destacando a caída das que teñen 0-2 persoas traballadoras. En conxunto, o sector avanza cara a unha estrutura máis concentrada e profesionalizada, con empresas de maior tamaño.

►► 5.3 Proxectos estratéxicos

Nos vindeiros dez anos, o sector da madeira en Galicia ten oportunidades estratéxicas se é quen de combinar tradición forestal, innovación tecnolóxica e sustentabilidade. Neste contexto, o impulso das economías verdes e circulares será determinante. A necesidade, tanto a nivel europeo como global, de atopar solucións máis sostibles cara a unha bioeconomía circular sitúan a madeira como un substituto clave de materiais fósiles en ámbitos como a construción, o deseño, os téxtiles ou a produción de todo tipo de biomateriais. Deste xeito, a industria forestal-madeira, alén da súa propia condición de sector estratéxico, está chamada a ser un aliado para a descarbonización doutros sectores estratéxicos.

Dentro dos proxectos estratéxicos potenciais, son de destacar os que poden potenciar a **construción e rehabilitación con madeira**, apoiada en produtos innovadores estruturais tanto en madeira como en hibridación con outros materiais. A industrialización do sector permitirá construír edificios máis sostibles, reducir emisións e aproveitar o nicho competitivo a escala ibérica e europea. En paralelo, a revalorización da madeira no deseño e o auxe de elementos de carpintaría en interiorismo, decoración e revestimentos reforzan a demanda de produtos de maior valor engadido, favorecendo a modernización das empresas e os seus sistemas produtivos.

Outro ámbito clave será o desenvolvemento e a instalación de liñas dentro do concepto xenérico de **“biorrefinaría”** como unidades industriais para o aproveitamento máximo da madeira a través de sucesivas transformacións mecánicas, químicas e enerxéticas avanzadas da madeira ou os seus subprodutos. Isto concéctase coa de produción dunha gama diversa de biomateriais como bioplásticos para envases, biocombustibles, celulosa moldeable, fibras téxtiles ou biochar, todos eles cruciais nunha economía baixa en carbono. O avance en materiais máis sofisticados –nanomateriais, *composites* avanzados–, así como a crecente incorporación de pasta reciclada para novos produtos, completan unha visión de economía circular plenamente integrada.

A **dixitalización da cadea forestal-madeira**, mediante IoT, intelixencia artificial e sistemas de trazabilidade avanzada, permitirá mellorar a xestión dos montes, optimizar procesos industriais e comerciais e garantir sustentabilidade certificada. Finalmente, a creación de *hubs* de innovación e formación especializada consolidará a transferencia de coñecemento, impulsará *startups* da bioeconomía e fortalecerá o liderado de Galicia como referente europeo na valorización sostible dos seus recursos forestais.

Análise interna do sector: debilidades e fortalezas

DEBILIDADES (-) | FACTORES INTERNOS

- 1 A cadea de transformación está especializada en produtos intermedios característicos dos primeiros elos da cadea forestal (madeira, taboleiro...), coa conseguinte perda de valor engadido ao non se realizaren dentro da economía unha parte das transformacións finais.
A creación de valor engadido bruto (€) por m³ de madeira é de entre 2 e 6 veces inferior á doutras xeografías europeas como Italia (Galicia = 30-72 €/m³ vs. Italia = 215 €/m³).
- 2 Unha parte importante do sector non ten acceso ou experiencia en novas canles de comercialización emerxente. A este feito únese a escasa cultura cooperativa para achegarse a mercados ou a escasa diferenciación do produto.
Maior penetración de canles indirectas de venda en comparación con outros países europeos (Galicia = 85% vs. Italia/Suecia = 75% ou Francia/Alemaña = 80%).
- 3 Desaliñamento entre a percepción da sociedade e a importancia real do sector no territorio e na economía galega.
- 4 O sector caracterízase por un baixo investimento en I+D+i.
- 5 As ramas de actividade que integran este complexo produtivo decrecen no período de crise a unha taxa media do -7,9% fronte ao -1,2% do total da economía.
- 6 Nalgúns elos da cadea non existe capacidade exportadora suficiente para paliar descensos de demanda interna. Isto vén agravado pola falta de masa crítica e polo feble posicionamento do produto/marca no mercado internacional.
- 7 Os primeiros elos da cadea de valor industrial vense moi afectados polas dificultades propias do aproveitamento forestal en Galicia (incerteza, abandono, minifundismo, pouca diversificación, potencial impacto do cambio climático, etc.).
- 8 Persistencia de estereotipos sobre as condicións do emprego industrial que dificulta a súa consideración como unha opción profesional atractiva estable e de calidade, especialmente entre a mocidade.
- 9 A escasa incorporación da muller ás actividades ligadas ao aproveitamento forestal e á transformación industrial dos produtos forestais.

FORTALEZAS (+) | FACTORES INTERNOS

- 1 Liderado da industria da madeira a nivel estatal por cifra de negocios. Ademais, trátase dun sector clave na economía galega, con peso relevante tanto no sector primario (15% do VEB) como no secundario (4.^a industria).
- 2 Existencia dun Plan Forestal de Galicia revisado en consenso co sector en 2021 con indicadores de seguimento e períodos de revisión.
- 3 Existencia de empresas líderes con importante capacidade de arrastre (nomeadamente o da madeira industrial/taboleiros ou a pasta de papel) ou que achegan recursos moi relevantes para o sector e que lle conferiron estabilidade en segmentos de alto valor (deseño, mobiliario, *contract*, etc.).
- 4 Compromiso por parte da Administración pública e investimentos aliñados coas prioridades do sector.
- 5 En 52 dos 313 concellos galegos a industria de base forestal representa máis do 30% dos establecementos industriais. En sete comarcas a industria forestal figura entre as tres primeiras actividades industriais.
- 6 Existe unha completa oferta formativa en materia forestal, tanto universitaria como de formación profesional. Ademais, hai centros e grupos de investigación, tanto na universidade como nos centros tecnolóxicos, con capacidade de proporcionar coñecemento en materias relacionadas co sector.
- 7 O sector é quen de xerar oportunidades e valor distribuído entre os miles de silvicultores e centos de comunidades veciñais que venden madeira ao ano.
- 8 Boa parte do sector ten unha importante autodependencia enerxética baseada na xeración de enerxía térmica a partir de biomasa. Ademais, as empresas do sector contan cun importante *know-how* sobre a subministración, manipulación e transformación de biomasa forestal. Unha parte importante das empresas teñen xeración eléctrica fotovoltaica.
- 9 Malia as dificultades, algunhas empresas amosaron nos últimos anos, non sen esforzo, un incremento da capacidade exportadora en segmentos tradicionalmente pouco proclives ao comercio exterior.
- 10 A existencia de Centros Integrados de Formación Profesional con potencialidade para poder ampliar as súas especialidades formativas dentro da rama forestal-madeira.

Análise externa do sector: ameazas e oportunidades

AMEAZAS (-) | FACTORES EXTERNOS

- 1 Efectos ambientais tanto na potencial subministración de materia prima como nas propias instalacións ou nas redes loxísticas.
- 2 Endurecemento dos requisitos de impacto ambiental para as empresas (foco na UE) cunha complexidade crecente. Por exemplo, o cumprimento do EUDR e a implicación de trazabilidade asociada.
- 3 Importancia crecente das tendencias de conservación dos bosques en equilibrio coa promoción da madeira como material sostible. A nivel europeo, a Estratexia para a Biodiversidade, que amplía as zonas protexidas ata o 30 % de todas as superficies terrestres e mariñas da UE, podería ser un exemplo.
- 4 Expansión da capacidade produtiva en economías emerxentes, que pode poñer en risco a competitividade dos produtos elaborados en países cunha base de custos máis elevada.
- 5 O futuro do sector terá que enfrontar unha competitividade internacional crecente. Ademais da competencia con outros produtos, a competencia intrasectorial aumentará e os países máis desenvolvidos seguirán perdendo cota de mercado debido aos seus maiores custos de produción e menores retornos do investimento comparados con países emerxentes que, ademais, dispoñan de recursos forestais competitivos.
- 6 Dificultade de acceso a talento, debido, entre outros factores, á falta de man de obra formada, ou ao enfoque das novas xeracións cara a outros sectores.
- 7 O maior custo estrutural do aprovisionamento de madeira pode debilitar, en escarios de aumento de custos de materia prima, a competitividade fronte a outras xeografías. Esta circunstancia obriga a reforzar a mobilización sustentable do recurso local, a optimizar a cadea loxística de proximidade e a condicionar novas capacidades industriais a balances de fibra verificables e sustentables.

OPORTUNIDADES (+) | FACTORES EXTERNOS

- 1 A **segunda transformación da madeira** ofrece unha oportunidade clave para aumentar o valor engadido bruto, a competitividade e a diferenciación do sector forestal-madeira en Galicia. Permite explorar casos de uso con maior VAB por m³, especialmente en segmentos nos que Galicia xa conta cun forte posicionamento, como o mobiliario, a carpintaría a medida ou a construción en madeira técnica. A innovación, o deseño e a incorporación de novas tecnoloxías (CNC, dixitalización, BIM e mecanizado avanzado) melloran a eficiencia, a calidade e a personalización dos produtos, facilitando o acceso a nichos premium e mercados internacionais. Ademais, o aproveitamento de subprodutos e residuos impulsa a economía circular e responde á crecente demanda de materiais sostibles.
- 2 Incorporación de capacidades dixitais ao longo de toda a cadea de valor que permitan maximizar a produtividade, optimizar os custos e minimizar riscos: Na **industria de transformación**, uso de **novos casos de uso dixitais** durante o proceso produtivo, así como na **comercialización** dos produtos.
- 3 Prevese un importante aumento da escaseza de madeira en Europa que pode beneficiar as rexións con maior vocación produtiva.
- 4 A Unión Europea está a desenvolver unha nova Estratexia Forestal Europea (A new EU Forest Strategy: for forests and the forest-based sector), baseada na xestión forestal sostible e multifuncional, eficiencia no uso dos recursos, que pretende mellorar a contribución do sector forestal ao desenvolvemento rural, e promover o consumo dos produtos baseados na madeira.
- 5 Ata 2050 os produtos baseados en madeira e fibra terán unha importancia decisiva. A industria forestal vaise beneficiar do seu potencial para promover a "economía verde" co uso da madeira, a bioenerxía e os novos biomateriais.
- 6 A reciclabilidade da inmensa maioría dos produtos forestais beneficiarase dunha maior concienciación ambiental por parte das persoas consumidoras e de políticas de xestión de residuos máis esixentes.
- 7 Tanto en Galicia como no Estado, existe unha enorme marxe de crecemento do emprego de madeira na construción, especialmente na construción industrializada.

06.





Tendencias e proxección a futuro do sector forestal-madeira

6.1 Impulso das economías “verdes” e circulares

6.2. Dixitalización avanzada e *e-economy*

6.3 Auxe das economías emerxentes

6.4 Avaliación do impacto potencial das tendencias



06.

Tendencias e proxección a futuro da industria forestal-madeira

Na actualidade, tres megatendencias a nivel global dan forma ás perspectivas de futuro do sector:

A. Impulso das economías “verdes” e circulares. O endurecemento dos requisitos medioambientais, especialmente na UE, e o desenvolvemento de novas solucións impulsan a economía “verde”. Neste contexto, a madeira consolidouse como un substituto clave de materiais fósiles en industrias como a construción, o deseño e os téxtiles.

B. Dixitalización avanzada e *e-economy*. A crecente adopción de capacidades dixitais xerou novas oportunidades, como a mellora da produtividade na produción, e transformou os hábitos das persoas consumidoras. Por exemplo, o auxe do e-commerce impulsou a demanda de envases de cartón, mentres que a dixitalización reduciu a demanda de produtos como o papel gráfico.

C. Auxe das economías emerxentes. O incremento da riqueza, así como do nivel de urbanización e educación, sobre todo nas economías emerxentes, está a aumentar a demanda de produtos como o papel tisú e outros produtos hixiénicos. Ademais de seren un polo crecente de demanda, estas economías emerxentes estanse posicionando como un polo de capacidade produtiva, por exemplo investindo na construción de novas plantas de papel tisú.

►► 6.1

Impulso das economías “verdes” e circulares



· Construción e rehabilitación de edificios/vivendas con madeira

A construción xera o 40% das emisións globais de carbono, e a madeira está a posicionarse como unha solución clave pola súa menor pegada de carbono fronte a materiais como o cemento e o aceiro. Ademais, ofrece vantaxes estruturais como a relación resistencia-peso, o illamento térmico e a resistencia sísmica, permitindo obras un 25% máis rápidas con reducións do 90% nas entregas de material e do 70% na man de obra.

A construción e rehabilitación de vivendas e edificios en altura impulsadas por novos produtos como o CLT, Glulam e SLC ou entramado lixeiro, representan grandes oportunidades. Aínda que a madeira industrializada supón só entre o 0,5% e o 1% da edificación en España, está a medrar en rexións como Cataluña, Euskadi e Galicia, especialmente na vivenda colectiva e en procesos de rehabilitación. Espérase que o CLT lidere o crecemento europeo cun 17% anual ata 2030.

· Revalorización da madeira como referente no deseño

A madeira destaca no deseño pola súa sustentabilidade, estética e confort. A súa menor pegada de carbono, impulsada por regulamentos como o Regulamento de Ecodeseño (ESPR) e o Pasaporte Dixital de Produto (DPP), reforza o seu papel clave na descarbonización. A súa versatilidade estética permite adaptarse a estilos diversos con alta personalización, desde pezas arquitectónicas ata detalles decorativos. Finalmente, as súas propiedades illantes melloran o confort térmico e acústico en interiores.

Estes factores posicionárona en eventos e feiras clave como un material moi valorado. No sector do mobiliario, a cifra de negocio medrou un 3,7% anual (2014-2020) e as exportacións acadaron os 2.613 M€ en 2021 (+4,8% anual desde 2016), cunha repunta do 25,2% en 2021, liderado por unha corporación multinacional fabricante e vendedor de mobiliario e interiorismo, que incrementou a súa facturación en España máis dun 60% en 10 anos.

· Auxe da utilización de elementos de carpintaría en interiorismo, decoración e revestimentos

A madeira gaña protagonismo en elementos de carpintaría como paneis, portas e marcos personalizados, impulsada polos avances tecnolóxicos e melloras nos tratamentos. A incorporación de tecnoloxías como o corte CNC e a impresión 3D ampliou as posibilidades de deseño, permitindo crear patróns e formas complexas.

De cara ao futuro, espérase que a demanda global de produtos de madeira acabados (fiestras, portas, solos, etc.) medre un 7,3% anual ata 2028, pasando de 339 mil millóns de dólares en 2024 a 449 mil millóns de dólares en 2028, consolidando o seu papel clave no mercado.

· Incremento da relevancia das fibras celulósicas no mercado téxtil

O mercado global de fibras téxtiles está en transformación pola crecente demanda de sustentabilidade e un consumidor máis consciente. As fibras celulósicas sostibles, como o lyocell, xorden como solución clave fronte ás fibras naturais e sintéticas, que presentan altos impactos ambientais. Actualmente, representan só o 6% do mercado global (7,2 dun total de 120 Mt), pero espérase un crecemento anual do 4-6% ata 2030, acadando máis de 2.300 M\$ en 2031 (fronte a 1.300 M\$ en 2021).

Xunto ao crecemento das fibras celulósicas téxtiles de orixe virxe, emerxe a reciclaxe química de fibras (celulosa téxtil), inicialmente en volumes reducidos, pero con alto potencial a medio prazo por impulso regulatorio e tecnolóxico.

· Impulso aos biomateriais como substitutos doutros materiais fósiles

A madeira e os seus derivados xorden como substitutos sostibles fronte a materiais fósiles en tres áreas clave:

- Bioplásticos para envases. O mercado de bioplásticos de celulosa medrará un 15,8% anual ata 2026, impulsado por restricións como o imposto de 0,45 €/kg aos plásticos non reutilizables e a demanda do 70% das persoas consumidoras por envases sostibles.
- Biocombustibles. Agárdase un crecemento anual do 14,1% entre 2022 e 2030, mentres que a gasolina e o diésel caerán ata un -4% e -3%, respectivamente, debido ás políticas globais e ao investimento privado.
- Celulosa moldeable. A celulosa moldeada constitúe unha solución substitutiva do plástico en envases, cunha traxectoria ascendente impulsada por regulacións europeas e a preferencia do consumidor. O seu crecemento, con todo, afronta desafíos: custos de produción aínda elevados e requisitos de desempeño en humidade e barreiras. As liñas de I+D xa están a superar estas limitacións, con solucións comerciais implantadas que melloran a resistencia á humidade e ás graxas. A evolución normativa e a economía de escala contribuirán a reducir custos e acelerar a súa adopción.

· Desenvolvemento doutros materiais avanzados

A madeira impulsa novas liñas de negocio en materiais avanzados, destacando dúas áreas clave:

- Nanomateriais. O avance na nanotecnoloxía abre aplicacións no eido da enerxía (eléctrodos de baterías), electrónica (pantallas e chips) e industria alimentaria (recubrimentos). Espérase que o mercado global alcance os 33,6 mil millóns de dólares en 2030, medrando a un ritmo anual do 34% desde 2020.
- *Composites* avanzados. Materiais como a fibra de carbono a partir de lignina ofrecen unha alta relación resistencia-peso, procesos eficientes e económicos, e unha pegada de carbono limitada ao reutilizaren subprodutos como a lignina. Aínda que é un sector emerxente, empresas líderes en industrias como a aeronáutica, a automoción e a enerxía xa están a investir no seu desenvolvemento (p. ex., Airbus, BASF, Nissan, Siemens-Gamesa, Boeing, etc.).

· Crecente incorporación de pasta reciclada para fabricar novos produtos

En 2021, o 41% da demanda global de pasta proviña de fibras virxes, dominada por BHKP (56%) e BSKP (39%). No futuro, agárdase que o consumo de pasta reciclada medre un 3,3% anual, superando o ritmo de crecemento do consumo global de pasta (2,9%), consolidando así a súa posición de liderado.

Aínda co avance da pasta reciclada, o mercado de BHKP está a crecer. Factores como a crecente adopción de procesos de branqueo ecolóxicos e a innovación en materiais biodegradables contribúen a esta tendencia.

A fibra reciclada reforza a súa cota en envases, tisú e certas aplicacións gráficas, con materias primas secundarias procedentes de OCC e fluxos posconsumo/posindustrial. Galicia pode capturar valor mediante sistemas de recollida, clasificación e a integración con plataformas loxísticas e industrias de envase.



· Endurecemento dos requisitos de impacto ambiental para as empresas (foco na Unión Europea)

A Unión Europea lidera o endurecemento dos requisitos ambientais con políticas clave como o EUDR (2023/1115) e o *Fit for 55*. A EUDR garante que os produtos consumidos na UE non contribúan á deforestación nin á degradación forestal. *Fit for 55* establece medidas para reducir as emisións nun 55 % para 2030 (en comparación con 1990). Outros instrumentos da Unión neste eido son:

- ETS: Mercado de dereitos de emisión para industrias electointensivas e o sector enerxético.
- Fondo de Clima Sostible: Apoia financeiramente a implementación de políticas de redución de emisións.
- CBAM (Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono): Desde 2025 aplicárase unha tarifa ás materias primas importadas (cemento, aceiro, aluminio, etc.) de países sen estándares climáticos equivalentes, igualando os custos de emisións entre rexións. Ata 2025, a importación destas materias estará suxeita unicamente a estritas obrigas de reporte.

· Crecemento do investimento en solucións de economía circular

A economía circular gañou pulo nos últimos anos, impulsada por investimentos privados que buscan facer fronte a desafíos como o cambio climático, a escaseza de recursos e a presión reguladora na Unión Europea (Pacto Verde e Plan de Acción para a Economía Circular). Máis do 40% das empresas europeas xa invisten neste tipo de iniciativas.

Os investimentos privados favorecen un uso máis eficiente dos recursos forestais, fomentando a reutilización de produtos de madeira de longa vida útil e a valorización da biomasa. Destacan solucións como a reutilización e reciclaxe de materias de construción, a transformación de residuos en biocombustibles ou biomateriais, a integración de sistemas de ciclo pechado, e reservando o aproveitamento enerxético como opción posterior vinculada a subprodutos e ao final da vida útil e materiais non aptos para a súa valorización material.

Desde o ano 2010, na UE identificáronse sete oportunidades clave para valorizar biomasa, salientando a produción de biogás como o principal destino de investimento (81 millóns de dólares), seguida polos biocombustibles (63 millóns de dólares).

· Impulso ao incremento da capacidade instalada de biomasa

O cambio climático é un dos maiores desafíos actuais, e a transición enerxética é clave para combatelo. En España, o Marco Estratéxico de Enerxía e Clima (2019) establece medidas normativas para a descarbonización e a adaptación climática, destacando:

- Lei de cambio climático e transición enerxética: Facilita a descarbonización cara a 2050.
- Plan Nacional de Enerxía e Clima 2023-2030: Aumentará a capacidade renovable ata o 81% da xeración eléctrica en 2030 (vs. 50 % en 2023).
- Plan de Adaptación ao Cambio Climático: Reduce danos actuais e futuros, construíndo unha sociedade máis resiliente.
- Estratexia de Transición Xusta: Garante medidas equitativas para traballadores e territorios afectados pola transición enerxética.

A biomasa, como fonte renovable, será clave para aproveitar recursos locais, reducir os gases de efecto invernadoiro (GEI) e substituír os combustibles fósiles. Segundo o PNIEC, a súa capacidade instalada en España triplicárase ata os 1.409 MW en 2030, fronte aos 413 MW de 2019, consolidando o seu papel na xestión de recursos e no desenvolvemento rural.

▶▶ 6.2

Dixitalización avanzada e e-economy

· Desprazamento do papel gráfico e auxe dos envases de papel, implicando unha reconversión da capacidade produtiva

A demanda de papel gráfico (xornais, revistas, catálogos) caeu significativamente debido á dixitalización e á crecente conciencia sobre a sustentabilidade, con descensos anuais medios de entre -7,1% e -4,1% en economías desenvolvidas desde 2010. En contraste, a demanda de envases de papel medrou de forma constante, representando en 2019 un mercado 2,3 veces maior que o do papel gráfico.

Como resposta, a industria adaptou a súa capacidade produtiva cara a segmentos en crecemento. Desde 2002, 140 plantas reconvertéron a súa produción, principalmente de papel gráfico a cartón ondulado (34 conversións) e envases de papel (16 conversións).

Ademais da reciclaxe, a BHKP semiblanqueada ou sen branquear ofrece propiedades mecánicas e de sustentabilidade adecuadas para solucións de embalaxe, aplicacións onde se valoran a cor natural e a baixa pegada de carbono.

· Desenvolvemento da metodoloxía BIM (*building information modeling*) e incorporación na xestión de proxectos

O *building information modeling* (BIM) está revolucionando a construción ao mellorar custos, tempos e sustentabilidade mediante a centralización dixital dos proxectos, permitindo aforros de ata un 20% e reducindo residuos nun 15%. En España, o Plan BIM (2023) esixe a súa implementación gradual na contratación pública entre 2024 e 2030, impulsando a dixitalización do sector. Proxectos relevantes implementados en Galicia xa amosan a súa crecente adopción.

A implementación do BIM enfróntase a dous retos clave: baixo nivel de adopción na industria e falta de formación profesional, segundo o Informe Diagnóstico BIM 2021.

· Dixitalización e automatización de procesos, mellorando a eficiencia e reducindo custos

A dixitalización é clave para transformar o sector forestal-madeira, mellorando a eficiencia operativa. O proxecto DESIRA (Horizon 2020) identificou 10 capacidades dixitais clave, destacando *data analytics* para decisións informadas (64%) ou Planificación e simulación con intelixencia artificial (48%).

Outras capacidades inclúen trazabilidade con *blockchain* (43%), sistemas autónomos (23%) e realidade aumentada (22%), ademais do uso da nube e redes sociais para almacenamento e boas prácticas. Estas tecnoloxías impulsan a transformación dixital do sector.





6.3

Auxe das economías emerxentes



· Aumento da demanda de tisú e produtos de hixiene, sobre todo nos mercados emerxentes

O consumo de tisú está directamente relacionado co nivel de desenvolvemento económico, confirmado por unha forte correlación entre o PIB per cápita e o consumo de papel hixiénico. Co crecemento esperado da clase media global a un ritmo do 3,9 % anual ata 2030, especialmente en Asia-Pacífico e América Central e do Sur, a demanda de produtos de tisú seguirá en aumento.

Por outra banda, globalmente, varias tendencias impulsan a demanda de produtos de hixiene:

- O envellecemento da poboación, cunha proporción de persoas maiores de 65 anos que se triplicará en 2050 respecto a 1960, aumentará a demanda de produtos para a incontinencia.
- O aumento do poder adquisitivo, reflectido no crecemento do 21,4 % do PIB per cápita en España (2017-2023), impulsará a demanda de produtos derivados do *fluff*, como artigos de hixiene feminina, toallíñas e máscaras desbotables.
- A pesar da caída nas taxas de fertilidade nos países ricos, espérase que o consumo en Europa continúa medrando, impulsado polos hábitos de consumo.

En canto á produción, actualmente América do Norte domina o mercado de *fluff* co 83 % da capacidade produtiva global, pero prevese un aumento do peso de América do Sur nos próximos anos.

Galicia conta coa oportunidade de instalar capacidade industrial susceptible de optimización para aplicacións hixiénicas (pasta *fluff*), o que permitiría un abastecemento próximo e menor pegada de carbono en mercados europeos.



6.4

Avaliación do impacto potencial das tendencias:



As tendencias globais avaliáronse en función de dúas variables críticas que permitirán priorizar as máis relevantes para o sector:

- A probabilidade de que a tendencia se materialice, diferenciando entre as que xa son unha realidade, e nunha escala de alta-media-baixa para as que se espera que poidan materializarse no futuro.
- Impacto esperado para o sector en Galicia, no caso de producirse, valorado nunha escala de 4 segmentos entre moi alto, alto, medio e baixo.

Como resultado, clasificáronse as tendencias en 3 grupos:

- **Tendencias prioritarias (cuadrícula sombreada en azul escuro):** O sector debe actuar proactivamente para captar oportunidades no uso final da madeira, como a súa aplicación en deseño, carpintaría e construción. Ademais, destacan a dixitalización, coa metodoloxía BIM e a optimización de procesos ao longo da cadea de valor, así como o impulso da biomasa aliñado cos obxectivos de descarbonización. Por último, o desenvolvemento de solucións de economía circular será clave para xerar valor.
- **Tendencias a explorar selectivamente (cuadrícula sombreada en azul claro):** Galicia debe afondar en áreas onde xa existe unha vantaxe competitiva; por exemplo, no aumento da demanda de tisú e produtos hixiénicos, aproveitando a capacidade produtiva existente, a relevancia crecente das fibras celulósicas téxtiles, impulsada por proxectos sostibles en Galicia ou as oportunidades no mercado de créditos voluntarios de CO₂, formalizado pola Xunta.
- **Tendencias non prioritarias (sen sombreado):** Aínda que non son urxentes, deben ser monitorizadas a longo prazo pola súa posible relevancia futura.

Análise das tendencias en función da probabilidade e do impacto potencial

Probabilidade					
Realidade actual			Desprazamento papel gráfico a envases		
		Aumento demanda tisú e produtos hixiénicos	Impulso biomasa	Revalidación madeira en deseño	
			Metodoloxía BIM		
Alta	Aumento uso polpa reciclada	Endurecemento requisitos ambientais	Construción e rehabilitación en madeira	Auxe utilización madeira en interiorismo, decoración e revestimentos	
			Economía circular		
Media		Incremento relevancia fibras téxtiles	Impulso biomateriais	Dixitalización procesos	
Baixa	Materiais avanzados				
		Baixo	Medio	Alto	Moi Alto
		Mercado de produtos		Transformación de madeira	
		Impacto potencial			

Fonte: Análise estratéxica do sector forestal madeira. 2024.

07.






Obxectivos estratéxicos e criterios esenciais de intervención

7.1 Obxectivo estratéxico 1

7.2 Obxectivo estratéxico 2

07. | Obxectivos estratéxicos e criterios esenciais de intervención



· **O obxectivo xeral do plan**
 · **director é potenciar e fortalecer**
 · **o desenvolvemento da actividade**
 · **industrial no sector** para
 · consolidalo como unha cadea
 · de valor competitiva no ámbito
 · internacional, a través da innovación,
 · a dixitalización e a sustentabilidade,
 · co fin de xerar alto valor engadido e
 · empregos estables de calidade.
 ·

Este obxectivo xeral desprégase en dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades que aparecen recollidos na seguinte táboa:


Obxectivos Estratéxicos	Eixes	Ámbitos de prioridades
OE1. Impulsar e consolidar a industria galega aumentando a súa produtividade e competitividade	Eixe 1 Industria galega produtiva, sustentable e exportadora	P.1 Internacionalización
		P.2 Dixitalización
		P.3 Sustentabilidade
	Eixe 2 Competitividade sectorial e consolidación de proxectos	P.4 Competitividade e innovación
		P.5 Investimento
	Eixe 3 Persoas	P.6 Persoas
OE2. Reforzar o ecosistema industrial	Eixe 4 Mellora de infraestruturas e promoción do solo industrial	P.7 Infraestrutura e solo industrial
	Eixe 5 Nova gobernanza	

►► 7.1 Obxectivo estratéxico 1

Co obxectivo estratéxico 1 (OE1) trátase de "Impulsar e consolidar a industria galega aumentando a súa produtividade e competitividade". Estrutúrase en 3 eixes que se desenvolven a continuación.



7.1.1 *Industria galega produtiva, sustentable e exportadora*




A dixitalización e a sustentabilidade están estreitamente relacionadas. Aplicadas a produtos, procesos e servizos, permiten mellorar a produtividade da industria galega e incrementar a súa capacidade de xerar valor.

O proceso de transformación dixital e verde implica cambios en toda a organización industrial, no modelo de negocio e na toma de decisións. A medida que se implanta a tecnoloxía dixital, hai que atopar un equilibrio e asegurar que o seu impacto ambiental sexa o menor posible.

Paralelamente, esta mellora de procesos debería de ir acompañada dunha aposta pola internacionalización de produtos e apertura comercial, xa que é unha estratexia que beneficia o proxecto empresarial e permite diversificar mercados e riscos.

En consecuencia, cómpre poñer en marcha medidas que melloren a produtividade e a xeración de valor da industria galega e que, por outra banda, fagan de Galicia un territorio óptimo para o desenvolvemento desta aposta e un referente industrial internacionalmente.



7.1.2 Competitividade sectorial e consolidación de proxectos

Os desafíos e oportunidades que conforman o actual contexto socioeconómico supoñen non só que as empresas industriais xa establecidas fagan un esforzo de transformación, senón que sexa imprescindible o concurso de novas capacidades industriais que acheguen novas solucións e cubran novas necesidades.

- Deste xeito, é necesario **impulsar a implantación de iniciativas** que traian consigo esas novas capacidades industriais en forma de novos elos en cadeas de valor preexistentes ou de cadeas de valor incipientes completamente novas.



Este eixe trata de fomentar o desenvolvemento industrial fortalecendo e completando cadeas de valor, xerando un ecosistema de innovación e articulando actuacións que vaian dirixidas a mellorar a competitividade sectorial e o seu posicionamento estratéxico. Ademais, inclúe instrumentos e medidas que permitan incrementar a capacidade produtiva, tanto ás empresas que estean desenvolvendo a súa transición industrial ou experimentando melloras de xestión e organización como a aquelas outras en dificultades para que poidan solucionar problemas de liquidez que minen a súa competitividade.

A industria galega debe coñecer a oferta de medidas que, desde a Administración, se están poñendo á disposición do sector para fomentar e consolidar o seu crecemento, así como do asesoramento e acompañamento que debe despreñar para facilitar a implantación e o desenvolvemento das iniciativas industriais en Galicia.

7.1.3 Persoas

O capital humano vinculado á industria é unha peza clave para o seu crecemento e para a mellora da súa competitividade. Resulta determinante na toma de decisións estratéxicas relacionadas co investimento, a transformación dixital, a internacionalización e a implantación de novos procesos produtivos e comerciais, así como na aplicación de tecnoloxías emerxentes, no desenvolvemento de procesos de innovación e no impulso do deseño industrial.

- **O talento constitúe unha condición crítica para a fixación e o crecemento do tecido industrial,** posto que, en boa medida, a industria require presencialidade, e estas capacidades deben atoparse fisicamente no contorno.



Así, coñecer as necesidades formativas da industria galega supón, por un lado, identificar os perfís profesionais máis demandados que, por tanto, cómpre atraer, e, por outra banda, determinar as accións formativas que convén dirixir tanto ás persoas profesionais xa empregadas como ás que se atopan en proceso de formación.

Neste contexto, a capacitación do capital humano supón un vector de éxito, pero debe ir acompañado dun plan que reteña talento e atraia novas vocacións, xa que as actividades industriais non só demandan cualificación, senón tamén man de obra que amose interese por iniciar unha carreira profesional no sector.

Por último, a formación, a incorporación, a remuda xeracional e a captación de talento debe enfocarse tamén coa perspectiva de avanzar na igualdade de xénero, cos mecanismos axeitados que faciliten a incorporación das mulleres en actividades industriais e en postos directivos, así como en aproveitar o talento feminino nos estudos de carácter científico-tecnolóxico.

►► 7.2 Obxectivo estratéxico 2

O obxectivo estratéxico 2 (OE2) fai referencia a “Reforzar o ecosistema industrial” e estará integrado por unha parte máis intanxible, consistente na coordinación e no establecemento de colaboracións con axentes a todos os niveis; e por unha parte máis tanxible, onde se inclúen as infraestruturas e os servizos que facilitan o desenvolvemento da actividade, ademais do papel tractor e de liderado exercido desde a Consellería de Economía e Industria.

7.2.1 *Mellora de infraestruturas e promoción do solo industrial*

As áreas industriais deben reunir as condicións e ofrecer os servizos que necesitan as distintas industrias, de tal modo que se impulse o rendemento das empresas xa establecidas e se estimule a implantación de novos proxectos.

Ademais, estimular as áreas industriais por medio de actuacións de mellora en parques empresariais supón unha correa de transmisión directa das políticas de zonificación industrial e do resto das accións de promoción industrial.

A competitividade e a innovación desenvólvense con maior eficacia en zonas de alta concentración industrial e tecnolóxica. O talento e os proxectos empresariais teñen un efecto chamada sobre novo talento e novos proxectos empresariais, ademais de contribuír á súa fixación sobre o territorio.

·
· Especializar a actividade
· industrial por elos de valor en
· áreas específicas do territorio
· implica **beneficios en termos de**
· **fomento de sinerxías de negocio;**
· **aproveitamento de oportunidades**
· **de colaboración en materia de**
· **innovación; simbiose industrial;**
· **captación e retención de talento,**
· **e agrupación de servizos.**
·



7.2.2 *Nova gobernanza*

A Xunta de Galicia vai traballar dunha maneira coordinada nas tarefas de planificación industrial, pero tamén en execución, seguimento e avaliación. A Consellería de Economía e Industria liderará esta materia actuando como un elemento facilitador da actividade industrial en Galicia.

Esta nova gobernanza, vinculada aos plans directores, vai dirixida a garantir a consecución dos obxectivos, o correcto desenvolvemento das actuacións e a implementación de posibles medidas correctivas. Para acadar estes fins, promóvese unha gobernanza participativa que aliñe os intereses da industria galega coas políticas públicas.



08.





Prioridades sectoriais

8.1 Internacionalización

8.2 Dixitalización

8.3 Sustentabilidade

8.4 Competitividade e innovación

8.5 Investimentos

8.6 Persoas

8.7 Solo e infraestruturas

Partindo da análise da situación actual do sector, identificáronse sete prioridades estratéxicas que terán un impacto clave nas empresas da industria forestal-madeira de Galicia. Estas prioridades deben ser tidas en conta á hora de definir as liñas de actuación que articularán o plan director.

As áreas temáticas, prioridades e medidas foron definidas a partir dunha revisión de documentos estratéxicos relevantes e procesos participativos levados a cabo nos últimos anos. En particular, cómpre destacar como fontes principais:

- Plan Forestal de Galicia, especialmente o eixe IV "Recursos forestais e cadea monte-industria" e o apartado IV.3 "Impulso da industria forestal de Galicia".
- A documentación xerada durante a vixencia do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, o Clúster da Madeira e o Deseño, a Asociación Provincial de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Serradoiros e Rematantes de Madeira de Galicia para a elaboración do "Análise estratéxico do sector forestal madeira 2024".
- O Plan Estratéxico CIMA 2025-2028 do Clúster da Madeira e o Deseño.
- O documento denominado "Resumo executivo das visitas realizadas polo Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia a empresarios da canle *contract*".
- Os documentos estratéxicos do Clúster da Biomasa de Galicia.
- A Axenda de Impulso da Industria Forestal 2022, que incorpora os resultados do proceso participativo correspondente que contou coa participación de máis de 70 persoas de 30 empresas de toda a cadea de valor.
- As medidas orientadas ao sector forestal recollidas na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
- A Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 de Galicia, tanto a avaliación intermedia do período 2014-2020 como os resultados do proceso participativo para o período 2021-2027, con especial atención ao reto 2 ("Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento") e ao reto 1 ("Modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación").

Este conxunto de referencias permite establecer unha base sólida, coherente e participada sobre a que construír un plan director orientado á sustentabilidade, competitividade e modernización do sector.


É importante salientar que o ámbito de actuación deste plan director se centra especificamente na industria forestal-madeira de Galicia, entendida como o conxunto de actividades vinculadas á transformación e valorización industrial da madeira e os seus derivados.

Neste sentido, o Plan articúlase de forma complementaria co Plan Forestal de Galicia, que constitúe o instrumento básico para o deseño e a execución da política forestal da Comunidade Autónoma (art. 72 Lei 7/2012), especialmente a través do seu Eixe IV, dedicado aos recursos forestais e á cadea monte-industria.

Así, sendo evidente a conexión existente entre a industria e o recurso forestal, este documento non contempla medidas directamente vinculadas á xestión forestal ou ao aproveitamento silvícola, por seren competencias definidas e abordadas no marco do Plan Forestal. O obxectivo é garantir unha adecuada coordinación entre ambos instrumentos estratéxicos, evitando duplicidades e reforzando a coherencia das políticas públicas.

De feito, a Xunta de Galicia garante a coherencia entre o sector primario forestal e o sector industrial mediante a coordinación existente entre as Consellerías do Medio Rural e de Economía e Industria, así como con outros instrumentos, como a Comisión de Coordinación da Industria e dos Recursos Forestais, creada para garantir a axeitada coordinación entre ambos os dous eidos de actuación.

▶▶ 8.1 Internacionalización



A procura de novos mercados de exportación e a internacionalización constituíu unha estratexia clave para as empresas galegas da industria forestal-madeira, ao permitirles ampliar a súa presenza exterior, diversificar riscos e impulsar o seu crecemento. Desde os anos 90, as exportacións do sector forestal-madeira en Galicia amosan unha tendencia crecente. No 2000 alcanzaban os 441 millóns de euros, mentres que en 2025 superaron o limiar dos 1.242 millóns, multiplicándose por tres.

Acceder a novos mercados require unha análise exhaustiva, unha estratexia ben definida e unha adaptación ás condicións locais para garantir o éxito. No que respecta á internacionalización da industria forestal-madeira, as prioridades sectoriais en Galicia céntranse en reforzar a visión e a imaxe internacional do sector, así como as súas capacidades comerciais e a súa competitividade a nivel global.


As accións deben enfocarse no fortalecemento das capacidades comerciais mediante formación e financiamento, comprensión das necesidades e expectativas dos mercados internacionais, misións directas e inversas de prescritores internacionais, axudas á xeración de novas redes comerciais no exterior (oficina técnica e comercial), e no mantemento e consolidación das xa existentes. Ademais, cómpre fomentar a colaboración sectorial entre empresas e axentes innovadores, e desenvolver un plan de comunicación unificado que poña en valor a competitividade e a sustentabilidade do sector galego nos mercados exteriores.

▶▶ 8.2 Dixitalización

Aínda que a industria da madeira en Galicia é unha actividade cunha fonda tradición, a dixitalización está a transformar o sector. A madeira leva tempo sendo un material de construción de alta tecnoloxía. De feito, poucos sectores da construción experimentaron un grao de automatización tan avanzado como o da industria da madeira, especialmente no ámbito produtivo.

Ata o de agora, o comercio da madeira desenvolveuse ao longo de toda a cadea loxística dun xeito maioritariamente analóxico e cun número reducido de procesos dixitalizados. Mentres a dixitalización revolucionou a industria produtiva nos últimos anos, o comercio da madeira segue a percibirse, en ocasións, como anticuado.

A industria forestal-madeira precisa de mellorar a integración tanto coas fases previas como coas vencelladas ao consumo e posconsumo dos seus produtos, a través de procesos máis áxiles, integrando provedores, fabricantes e clientes nun sistema cohesivo e modernizado. Estas melloras permitirán desenvolver unha maior eficiencia e un nivel de servizo acorde cos estándares actuais, adaptándose ás cambiantes demandas do mercado.



A dixitalización integral da información e dos procesos ao longo de todas as fases e ramificacións da cadea de valor e entre os distintos axentes permite optimizar os fluxos de traballo, aumentar a produtividade, acelerar a toma de decisións con datos en tempo real, evitar redundancias de datos e minimizar fontes de erro. Ademais, facilita a transparencia, a trazabilidade, o cumprimento das novas normativas nacionais e europeas, así como a xestión e arquivamento da información e o seu uso na formación e a mellora continua.

Os principios da Industria 4.0 baséanse na dixitalización continua da produción e da loxística, así como na interconexión de obxectos e sistemas autónomos e intelixentes, e a incorporación de ferramentas de IA co obxectivo de lograr unha produción máis flexible e optimizada. Isto abrangue toda a cadea de valor da madeira.

A dixitalización non consiste só en implementar tecnoloxías, senón en transformar a cadea de valor completa, alcanzando tamén o ámbito da loxística, debido á importancia de utilizar tecnoloxía dixital para automatizar e mellorar os procesos loxísticos en todas as fases da cadea de subministración, desde a planificación e o seguimento dos pedidos ata a entrega final ao cliente. A dixitalización ofrece oportunidades para facer os procesos máis eficientes e adaptados ás demandas actuais.

Cómpre levar a cabo, en liña co recollido no apartado 8.6, unha actualización da oferta de formación continua incorporando todas as competencias precisas para este proceso de transformación dixital e así mellorar a recualificación profesional e a adaptación ás competencias das persoas traballadoras.

►► 8.3 Sustentabilidade

A madeira e os seus derivados están a consolidarse como alternativas renovables fronte aos materiais de orixe fósil, con gran potencial por desenvolver aínda nos ámbitos da construción, dos bioplásticos, biocombustibles e derivados da celulosa.



Así mesmo, cómpre avanzar cara a procesos produtivos máis limpos e eficientes, que reduzan a pegada de carbono mediante o uso de maquinaria moderna, cadeas loxísticas de baixa pegada, eficiencia enerxética e a adopción de tratamentos de baixo impacto ambiental. O fomento da economía circular debe traducirse en accións concretas como a reutilización de restos forestais, a valorización de subprodutos, o impulso da madeira como material ecolóxico e biofílico e unha aposta pola reciclabilidade dos produtos posconsumo.

No eido europeo e estatal, as políticas impulsan o uso da madeira mediante financiamento público, o fomento da demanda en sectores como a construción e a innovación en biomateriais derivados da celulosa e a lignina, polos seus beneficios ambientais. A promoción dunha construción pública sustentable e exemplarizante permitirá visibilizar os beneficios da madeira en termos ambientais, sociais e económicos, servindo de motor para un cambio real e duradeiro no sector. Así mesmo, o desenvolvemento da bioenerxía de xeito harmónico coas cadeas de valor principais da madeira resulta fundamental para acadar os obxectivos renovables da UE.


O Plan Forestal de Galicia sinala que a evolución do recurso madeireiro debe estar adaptada ás necesidades de abastecemento da industria, mediante a planificación estratéxica dunha produción de madeira de calidade e en cantidades axeitadas, cun horizonte temporal amplo. Por este motivo, debería, en coordinación coas distintas medidas do PFG, analizarse o recurso madeireiro dispoñible a partir dos resultados do Inventario Forestal Continuo de Galicia, e, en colaboración co sector, definir así as necesidades de madeira industrial (en termos de cantidade e calidade).

Paralelamente, deberá estimularse a xestión forestal sostible a través de certificacións de orixe e sistemas de trazabilidade, ampliando as áreas protexidas e restaurando os ecosistemas e procesos naturais. Ademais de fonte de materia prima para os elos iniciais da cadea de valor da madeira, a xestión forestal sostible é esencial para previr incendios e adaptarse a fenómenos climáticos extremos.

►► 8.4 Competitividade e innovación



A competitividade industrial é un factor clave para fortalecer a posición de Galicia no contexto global, xa que permite aproveitar oportunidades ligadas á innovación, á sustentabilidade, á colaboración e ao desenvolvemento de habilidades. As empresas e os territorios que acadan altos niveis de competitividade teñen máis capacidade para atraer investimentos, xerar emprego e captar talento, contribuíndo ao crecemento económico sustentable.



No caso do sector forestal-madeira, esta competitividade debe apoiarse nun enfoque estratéxico baseado na profesionalización, na dixitalización de procesos e na diversificación produtiva, impulsando novos modelos operativos e comerciais adaptados ás demandas actuais. A innovación é un motor esencial deste proceso. A transición cara a modelos máis colaborativos e abertos resulta fundamental para acelerar o desenvolvemento de novas tecnoloxías, produtos e procesos. Neste contexto, o impulso dun ecosistema de innovación conectado a escala internacional e vinculado ao sector forestal e do hábitat permitiría atraer talento, investimentos e proxectos de I+D, facilitando a transferencia de coñecemento e garantindo a posición do sector á vangarda a medio e longo prazo.

A aposta pola sustentabilidade, a economía circular e o desenvolvemento de biomateriais ou biocombustibles abre novas oportunidades de mercado, especialmente nos ámbitos da rehabilitación, a construción e o hábitat saudable tanto no medio urbano como no rural. A diferenciación a través do deseño, o acceso á materia prima local e o impulso de produtos innovadores e sostibles baseados na primeira transformación (incluída a madeira técnica e aserrada) sitúan Galicia como referente a escala nacional e internacional. Por iso, é imprescindible seguir fortalecendo a colaboración entre axentes públicos e privados, desenvolver alianzas e promover modelos de negocio con maior valor engadido, fomentando un ecosistema forestal-madeira máis competitivo, resiliente e sustentable.

►► 8.5 Investimentos



Galicia conta cunha sólida e longa traxectoria no eido da industria forestal-madeira. Porén, nun contexto global cada vez máis competitivo, resulta estratéxico definir e potenciar as fortalezas diferenciais da rexión, xa sexa en termos de capacidade produtiva, innovación tecnolóxica ou formación especializada.

É preciso artellar estratexias que reforcen o posicionamento de Galicia como referente neste ámbito, identificando nichos de mercado con alto valor engadido, establecendo alianzas estratéxicas e promovendo a proxección internacional do sector. Neste escenario, a revitalización e a modernización do tecido da industria forestal-madeira deben sustentarse na competitividade, na sustentabilidade e na innovación como eixes vertebradores.

O desenvolvemento de novos negocios e o incremento da visibilidade exterior de Galicia como rexión especializada require un enfoque integral que incorpore elementos clave como a dispoñibilidade de solo industrial axeitado, infraestruturas eficientes, axilidade administrativa, capacidade de innovación, talento cualificado, clima laboral, alta produtividade e baixa pegada ambiental. Todos estes factores son determinantes para atraer novos investimentos á Comunidade.


A captación de financiamento público e privado resulta esencial para impulsar a competitividade e maximizar a xeración de valor no sector forestal-madeira galego, caracterizado por un tecido empresarial onde máis do 95% son microempresas con capacidade de investimento limitada. Neste sentido, é fundamental priorizar mecanismos de apoio financeiro que permitan cubrir necesidades básicas, facilitar o acceso a ferramentas de desenvolvemento empresarial e fomentar a dixitalización.

O desenvolvemento do potencial da industria forestal-madeira tamén require investimentos en novas plantas industriais e na modernización das instalacións existentes. Isto non só contribuirá a mellorar a capacidade de produción ou a diversificación de produtos, senón que lles permitirá ás empresas adaptarse ás esixencias de sustentabilidade e eficiencia.

Cómpre poñer especial énfase no fortalecemento das actividades de carpintaría, mobiliario e contract por ser as que poden incorporar máis valor engadido aos produtos elaborados con madeira galega e exercen un efecto tractor no resto de elos da cadea de valor.

Así mesmo, cómpre orientar os investimentos cara a novos modelos de negocio baseados na produción de biomateriais, na valorización dos subprodutos e na optimización do uso dos recursos, contribuíndo á redución de residuos e á transición cara a unha economía máis circular e sostible.





A xestión das persoas constitúe un eixe estratéxico clave para o desenvolvemento sostible e competitivo da industria forestal-madeira de Galicia. Igual que outros sectores industriais no conxunto do Estado, este sector enfróntase a unha escaseza crecente de persoal cualificado en varios ámbitos: en aproveitamento forestal, en liñas industriais e ata en carpintaría e instalación, o que representa un desafío de primeira orde.

A pesar de ser un dos principais motores económicos da Comunidade, a industria forestal perdeu atractivo entre a mocidade, o que derivou nunha redución progresiva da dispoñibilidade de talento. Nun contexto de transformación e adaptación ao mercado global, resulta imprescindible reverter esta tendencia e revitalizar o interese polas oportunidades profesionais que ofrece o sector.


A xestión eficaz do talento é fundamental para garantir a súa competitividade a medio e longo prazo, e para facilitar a transición do sector cara a un modelo máis innovador, sostible e tecnoloxicamente avanzado. Porén, a escaseza de perfís cualificados dificulta a resposta aos retos e oportunidades do futuro.

Para abordar este desafío, é preciso avanzar en catro liñas de actuación prioritarias:

- Reforzar a percepción social do sector e apoiar o relevo xeracional, poñendo en valor poñendo en valor o seu papel sostible e estratéxico mediante campañas de comunicación eficaces, educación ambiental e implicación cidadá, conectando a industria cos valores culturais e sociais actuais.
- Actualizar a oferta formativa, aliñándoa coas demandas reais e futuras do mercado, incorporando competencias técnicas e dixitais que lles permitan aos profesionais desenvolverse nun contorno cada vez máis esixente e dixitalizado.
- Impulsar a captación de talento novo, mediante programas específicos que posicionen o sector como unha opción profesional atractiva que ofrezca condicións laborais estables e seguras, así como con itinerarios, con itinerarios de desenvolvemento e crecemento adaptados ás expectativas das novas xeracións.
- A seguridade e a prevención de riscos na industria forestal e da madeira son fundamentais para garantir a seguridade das traballadoras e traballadores, así como a eficiencia da cadea de valor. Desde a formación continua ata o uso adecuado dos equipos de protección individual (EPI) e a organización do espazo de traballo, cada medida contribúe a crear un ámbito máis seguro, saudable e produtivo.

Para acadar estes obxectivos, é esencial fomentar a colaboración entre a Administración pública, o tecido empresarial, as universidades e os centros de formación profesional, tanto no ámbito educativo como a través de espazos de encontro, iniciativas de promoción do emprego xuvenil e programas de orientación e inserción laboral.

►► 8.7 Solo e infraestruturas



As infraestruturas son un factor fundamental para garantir a eficiencia e a competitividade de calquera sector industrial. Galicia conta con portos de referencia a nivel internacional, tres aeroportos e unha completa rede viaria e ferroviaria, pero cómpre desenvolver infraestruturas que permitan mellorar a mobilidade de materias primas, os produtos e os bens, co obxectivo de favorecer a actividade do sector a través da redución de custos, mantendo a competitividade e favorecendo as exportacións.

Con respecto á infraestrutura ferroviaria, é preciso mellorar as conexións de Galicia. Na situación actual, as empresas vense obrigadas a facer uso, de forma maioritaria, do transporte terrestre ou marítimo, que no futuro, nalgúns casos, poderían verse comprometidos polo aumento dos custos e as normativas contra a contaminación, o que fai necesario buscar unha solución a curto e medio prazo para o sector.

Para iso, é primordial ter en conta a mellora das infraestruturas existentes e a intermodalidade, así como a importancia do solo industrial para poder realizar posibles ampliacións ou captar novos investimentos que axuden a completar a cadea de valor. As redes viarias deben mellorarse e aumentar a dotación de áreas de descanso debidamente equipadas para camións. Así mesmo, contar con redes enerxéticas e de telecomunicacións de calidade será vital.



09.





Plan de acción. Medidas e mecanismos para fortalecer a industria

Tras a identificación e priorización das necesidades máis urxentes para a industria forestal-madeira en Galicia, que representan as áreas clave en que é preciso actuar para asegurar a competitividade e sustentabilidade do sector a medio e longo prazo, neste apartado preséntanse as iniciativas que a Xunta de Galicia xa está a desenvolver, así como as que prevé implementar no futuro, co fin de dar resposta ás ditas necesidades.

A Xunta de Galicia, consciente das prioridades establecidas, está a poñer en marcha diversos plans de acción, mecanismos e programas de axudas destinados a satisfacer as demandas do sector. Estes esforzos inclúen iniciativas que abranguen desde o fomento da innovación tecnolóxica e a dixitalización ata a mellora da formación profesional e a promoción da sustentabilidade ambiental.

Neste apartado, enumeraranse de forma detallada cada unha das necesidades prioritarias identificadas, acompañadas dos mecanismos que a Xunta de Galicia xa ten en funcionamento e das accións planificadas para o futuro. Deste xeito, proporciónase unha visión clara das estratexias e recursos que se están a mobilizar para apoiar o desenvolvemento da industria forestal-madeira en Galicia, asegurando que as intervencións están aliñadas coas prioridades definidas. O anterior non obsta para que haxa outras medidas de interese para as empresas do sector que se poderán consultar de maneira global a través da Oficina Económica de Galicia.

Así, este documento permitiralles aos diferentes actores do sector coñecer con precisión as ferramentas dispoñibles e os futuros plans de apoio, facilitando unha resposta coordinada e eficaz ás necesidades detectadas. Este enfoque integral pretende garantir que as intervencións da Xunta sexan efectivas e estean plenamente adaptadas ás realidades e desafíos da industria forestal-madeira en Galicia.

Ademais, como anexo a este documento, analizaranse en detalle cada un dos mecanismos dos que a Administración galega dispón.






ura
etrial

OE1

Obxectivo estratéxico 1

Impulsar e consolidar
a industria galega
aumentando a súa
produtividade e
competitividade

ova
bernanza



utura
ustrial

EIXE 1

Industria galega
produtiva,
sustentable
e exportadora

ova
bernanza





►► X1 Información e asistencia técnica para a internacionalización

De cara a acadar un maior coñecemento dos mercados destino e desenvolver un labor de vixilancia e detección de oportunidades nestes, a Xunta pon á disposición do sector non só a rede propia de oficinas de apoio á internacionalización (antenas empresariais do Igape), senón tamén unha importante rede de bolseiros de internacionalización vinculada a outras institucións como as oficinas comerciais do ICEX. Por outra parte, o sector considera de grande importancia difundir e potenciar os servizos das empresas (a nivel rexional, nacional e internacional) para apoiar o desenvolvemento de negocio.

Prioridade X1

Medida X1.1	Antenas Empresariais do Igape.	Ficha X1.1
Medida X1.2	Bolseiros de internacionalización.	Ficha X1.2

►► X2 Promoción e impulso á comercialización internacional


No ámbito das ferramentas habituais de apoio á internacionalización, a Xunta de Galicia vén dando apoio a través de actuacións como o Galicia Exporta Empresas, o Galicia Exporta Organismos Intermedios e o plan Foexga (Plan de fomento de exportacións de Galicia). No que respecta á internacionalización dixital, cóntase coa liña de axudas de Galicia Exporta Dixital (integrado no Galicia Exporta Empresas), que favorece a creación de plataformas dixitais como ferramentas *B2match* que lle permiten ao sector realizar eventos *matchmaking* en liña.

O obxectivo é apoiar as empresas do sector forestal-madeira no fortalecemento das súas capacidades comerciais tanto a nivel nacional como internacional, co obxectivo de mellorar a súa competitividade mediante estratexias efectivas e ferramentas dixitais. As actividades poderían considerar visitas a proxectos de referencia, formación en boas prácticas comerciais, fomento da presenza en feiras internacionais, a participación en redes internacionais, a necesidade de impulsar a marca "*madeira galega*" como símbolo de calidade e sustentabilidade e facer promoción dos seus produtos en mercados exteriores, o apoio económico para o desenvolvemento de canles de venda e formación específica en técnicas de comercialización, e axudas á xeración de novas redes comerciais no exterior (oficina técnica e comercial), así como ao mantemento e consolidación das xa existentes.

Prioridade X2

Medida X2.1	Galicia Exporta Empresas.	Ficha X2.1
Medida X2.2	Galicia Exporta Organismos Intermedios.	Ficha X2.2
Medida X2.3	Axudas FOEXGA-Apoio a pemes.	Ficha X2.3





►► D1 Dixitalización básica

Prioridade D1

Medida D1.1	Axudas á transformación dixital.	Ficha D1.1
Medida D1.2	Reactiva TEC.	Ficha D1.2
Medida D1.3	IA 360.	Ficha D1.3
Medida D1.4	Axudas dirixidas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación, así como á dixitalización e mellora da seguridade e saúde laboral.	Ficha D1.4
Medida D1.5	Obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística.	Ficha D1.5

D1.1 Axudas á transformación dixital

Estas axudas van destinadas a poñer en marcha proxectos de dixitalización cuxa finalidade sexa implantar solucións para o soporte dixital de procesos nunha empresa ou para proxectos de interconexión dixital de procesos entre unha empresa galega e outras empresas ou entre dúas ou máis empresas galegas, como poden ser ordes de fabricación distribuída, sistemas de facturación, ou procesos entre un líder industrial cara ás pemes que conforman a súa cadea de valor.

D1.2 Reactiva TEC

Como a maioría das empresas galegas, na industria forestal-madeira existe un gran número de microempresas con menos de 10 traballadores (96%), o que dificulta que poidan acceder a servizos especializados de innovación tecnolóxica debido ao seu reducido tamaño e capacidade económica. Neste contexto nace o Programa Reactiva-Tec, xestionado pola Amtega; é unha iniciativa cofinanciada pola Unión Europea que busca mellorar a competitividade das pemes galegas a través de servizos avanzados en innovación tecnolóxica dixital. O programa ofrece cinco liñas principais de apoio: diagnóstico do nivel de innovación tecnolóxica, estratexias de ciberseguridade, dixitalización de procesos con *big data*, solucións para captar e fidelizar clientes e implementación de ferramentas baseadas en *software* libre.

D1.3 IA 360

A finalidade desta axuda é potenciar a innovación a través do desenvolvemento e aplicación da intelixencia artificial no tecido industrial galego e a súa cadea de valor. Centrarase nas empresas que pertencen a algún dos sectores estratéxicos e de especial interese definidos pola Xunta de Galicia, así como aos sectores emerxentes de especial relevancia ou vencellados aos plans directores da Xunta de Galicia. Estrutúrase en dúas liñas:

- Liña A: desenvolvemento de tecnoloxía baseada en IA para a mellora de procesos industriais e a comercialización de novos produtos ou servizos con foco nos sectores incentivables.
- Liña B: adquisición e implantación de solucións baseadas en intelixencia artificial para a mellora da produtividade empresarial.

D1.4 Axudas dirixidas á valoración, segunda transformación e ecoinnovación e á dixitalización e mellora de seguridade e saúde laboral

Estas axudas promovidas pola Axencia da Industria Forestal inclúen unha liña de dixitalización que subvenciona proxectos que modernicen tecnoloxicamente a industria forestal mediante a incorporación de sistemas dixitais. Son subvencionables actuacións como a implantación de ferramentas para dixitalizar procesos específicos ou para a xestión integral da empresa (ERP, CRM), así como solucións para xestionar o ciclo de vida dos produtos (PDM, PLM, DMF). Tamén inclúe sistemas de control e mellora da produción mediante captura de datos, automatización, supervisión remota, sensorización e mantemento preventivo, así como proxectos de fabricación avanzada que incorporen impresión 3D. Está previsto que a dixitalización inclúa a posibilidade de subvencionar proxectos para implantar a metodoloxía BIM nas empresas.

Ademais, subvenciónanse sistemas de planificación de recursos e loxística, iniciativas de sensorización e rastrexabilidade de produtos, tecnoloxías de interconexión física e virtual (IoT), procesamento masivo de datos, ciberseguridade e aplicacións de analítica avanzada, intelixencia artificial ou aprendizaxe automática. Tamén se apoian interfaces dixitais para relacións comerciais e sistemas que integren horizontal ou verticalmente a cadea de valor.

D1.5 Obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística

Estes instrumentos destinados a organismos intermedios de carácter empresarial de Galicia teñen como obxectivo fomentar o encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de implantación de ferramentas colaborativas sectoriais nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade ou a loxística avanzada, susceptibles de optar ás axudas establecidas noutras convocatorias do Igape ou outras administracións galegas ou estatais, ou ben oportunidades de hibridación intersectorial.

As temáticas propostas en cada obradoiro responden a un ou varios destes eidos:

- dixitalización empresarial e transformación dixital
- innovación empresarial
- sustentabilidade en calquera das súas vertentes
- loxística avanzada e sustentable

►► D2 Incorporación de capacidades, proxectos e servizos de dixitalización avanzada

Adicionalmente aos instrumentos que se inclúen neste apartado, cómpre indicar que a nova Estratexia de Innovación do Igape vai ser aprobada proximamente incorporando un conxunto de instrumentos orientados a impulsar a dixitalización das empresas galegas. O obxectivo é que as empresas poidan adaptarse á economía dixital, aumentar a súa competitividade e responder mellor ás demandas do mercado.

Prioridade D2

Medida D2.1	Rede FORTRA.	Ficha D2.1
Medida D2.2	Axudas á transformación dixital.	Ficha D1.1
Medida D2.3	Industria Innova.	Ficha D2.3
Medida D2.4	Axudas dirixidas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación, así como á dixitalización e mellora da seguridade e saúde laboral.	Ficha D1.4
Medida D2.5	Axudas para a organización de actividades formativas non regradas e actividades de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira.	Ficha D2.5
Medida D2.6	Programa Nexos.	Ficha D2.6
Medida D2.7	Proxectos I+D Empresarial.	Ficha D2.7
Medida D2.8	Investimento para infraestruturas locais (infraestruturas abertas e colaborativas).	Ficha D2.8
Medida D2.9	Fábrica europea de intelixencia artificial One Health.	Ficha D2.9

D2.1 Rede FORTRA (trazabilidade forestal)

O sector precisa desenvolver e implementar capacidades dixitais que permitan realizar a declaración de dilixencia debida (DDD) e garantir a trazabilidade completa da madeira ao longo de toda a cadea de valor. Estas capacidades deben asegurar o cumprimento da normativa EUDR (Regulamento da Unión Europea sobre produtos libres de deforestación) e responder ás esixencias de clientes e consumidores.

FORTRA é unha ferramenta dixital impulsada pola Xunta de Galicia que se pon á disposición das empresas forestais e dos consumidores co obxectivo de dar trazabilidade aos produtos baseados en madeira con tecnoloxía blockchain, rexistrando as operacións realizadas por todas as empresas que forman parte do proceso de transformación, desde o bosque ata o que chega ao mercado. Con FORTRA, a Xunta pretende potenciar o uso de produtos de proximidade (producidos e transformados en Galicia), así como compras responsables (produtos de baixa ou nula pegada de carbono) e respectuosas co medio ambiente (orixe legal, obriga de repoboar tras a corta ou certificación forestal).

D2.3 Industria Innova

Esta iniciativa, que vén substituír o programa “Fábrica intelixente e sustentable”, é un programa de apoio ao desenvolvemento da innovación das empresas galegas que está orientado a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e á innovación de procesos e organización.

D2.5 Axudas para a organización de actividades formativas non regradas e actividades de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira

Estas axudas, promovidas pola Axencia da Industria Forestal, van dirixidas a mellorar e reforzar as habilidades profesionais para incrementar a competitividade e o coñecemento en todas as fases da cadea de valor, así como a colaborar coa finalidade das asociacións do sector. O obxectivo estratéxico é contribuír a unha concienciación colectiva baseada na percepción da industria forestal-madeira como unha industria estratéxica, innovadora, moderna e peza esencial na transición cara ao novo modelo de economía circular, favorecendo a participación dos axentes clave na divulgación da utilidade da madeira e os seus produtos derivados.

D2.6 Programa Nexos

O programa Nexos inclúe axudas para impulsar a transferencia de tecnoloxía e a adopción de solucións innovadoras para cubrir ámbitos de carácter estratéxico para os distintos sectores, a través de proxectos colaborativos de I+D+i desenvolvidos por consorcios de empresas que agrupen pemes e nos cales pode participar unha grande empresa. O obxectivo é fomentar a cooperación entre pemes e demais axentes do sistema rexional de innovación, primando a selección dos proxectos máis novidosos e, en especial, a súa orientación ao mercado.

D2.7 Proxectos I+D Empresarial

Estas axudas impulsan a xeración de solucións innovadoras para cubrir as necesidades estratéxicas dos distintos sectores a través de proxectos de I+D desenvolvidos por empresas a través de proxectos individuais. Os proxectos elixibles deben ser proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental con alto potencial de aplicación industrial, liderados por empresas individuais e orientados ao reforzo de capacidades tecnolóxicas estratéxicas, principalmente ao desenvolvemento de tecnoloxías STEP (*Strategic Technologies for Europe Platform*).

D2.8 Investimento para infraestruturas locais (infraestruturas abertas e colaborativas)


Esta liña ten por obxectivo apoiar os proxectos de creación de infraestruturas en Galicia que contribúan a nivel local a mellorar o contorno das empresas e das persoas consumidoras e a modernizar e desenvolver a base industrial.

D2.9 Fábrica europea de intelixencia artificial no ámbito da *One Health*

A Xunta de Galicia acollerá no Cesga a nova fábrica europea de intelixencia artificial para o ámbito *One Health*, un espazo promovido pola Comisión Europea para deseñar, probar e aplicar solucións avanzadas de IA. A iniciativa, chamada *1HealthAI*, contará cun supercomputador específico e cunha plataforma optimizada para IA experimental, que ofrecerá servizos gratuítos a empresas e centros de investigación.

Este proxecto impulsará a cooperación europea e terá impacto en toda a cadea de valor, abordando retos vinculados á saúde humana, animal e ambiental. Entre os seus principais ámbitos de especialización inclúese o sector forestal.





►► S1 Xeración de valor

Prioridade S1

Medida S1.1	Axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos construtivos.	Ficha S1.1
Medida S1.2	Convenios de colaboración para fomentar o emprego da madeira na construción pública.	Ficha S1.2
Medida S1.3	Oficinas de Economía Circular Industrial.	Ficha S1.3
Medida S1.4	Rede Galega de Economía Circular.	Ficha S1.4
Medida S1.5	Cis Madeira: Proxecto valorización de frondosas.	Ficha S1.5

S1.1 Axudas para realizar proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos construtivos

No marco do desenvolvemento de solucións de hábitat saudable, tanto a construción como a rehabilitación –en contornos urbanos e rurais, así como en edificacións residenciais e non residenciais– abren novas oportunidades para incorporar produtos e sistemas construtivos baseados na madeira. O fomento do uso da madeira na construción e rehabilitación de edificios persegue dinamizar a demanda e fortalecer a oferta, a través da mellora do volume e da calidade da madeira dispoñible.

De xeito complementario, impulsaranse programas de formación especializada para profesionais do sector, así como o desenvolvemento de protocolos técnicos e estándares que favorezan a prescrición e o uso da madeira na edificación. Estas accións permitirán posicionar Galicia como un referente nos mercados emerxentes vinculados á madeira estrutural, como o da madeira contralaminada (CLT), a madeira laminada ou o entramado lixeiro.

Adicionalmente, desde o Instituto Galego da Vivenda e Solo estase a elaborar o Plan de Acción para o impulso da construción industrializada. Neste plan vaise realizar un estudo das actuacións necesarias para fomentar a industrialización, analizando toda a cadea de valor e as necesidades de distintos axentes. En concreto, incluírase un estudo das problemáticas asociadas á falta de experiencia, nivel actual de dixitalización (xestión BIM), cambios de modelo de xestión de obras e cambio no modelo de contratación. Como resultado deste traballo, desenvolveranse propostas que responderán a estas necesidades, o que repercutirá positivamente no conxunto da cadea de valor da construción e, en consecuencia, na industria da madeira.

S1.2 Convenios de colaboración para fomentar o emprego da madeira na construción pública

O desenvolvemento de convenios de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal e os departamentos promotores de construcións públicas para promover o uso de materiais sustentables será unha ferramenta básica de fomento. Estes acordos colaborativos buscarán incorporar sistemas construtivos que empreguen materiais de orixe biolóxica e reciclables, como a madeira, nas obras públicas de ampliación, rehabilitación, reforma e nova creación, co fin de reducir a pegada de carbono na edificación pública.

S1.3 Oficina de Economía Circular Industrial

A Oficina de Economía Circular Industrial (OECI), integrada no Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (Priga), ofrece asesoramento directo ás empresas e identifica as súas necesidades para impulsar modelos de negocio máis sostibles. O seu obxectivo é promover un cambio cultural e produtivo que consolide Galicia como referente na transición verde. Entre os seus servizos destacan o asesoramento personalizado, a formación especializada, o apoio a proxectos colaborativos e o acceso a financiamento. Ademais, a OECI analiza oportunidades e necesidades do sector industrial galego para elaborar o Inventario Galego de Accións Circulares.

S1.4 Rede Galega de Economía Circular

A Rede Galega de Economía Circular é unha iniciativa clave para acelerar a transición de Galicia cara a un modelo económico circular, promovendo o uso eficiente dos recursos, a valorización de materiais e unha produción máis sostible. Funciona como unha plataforma transversal de colaboración e gobernanza, favorecendo a coordinación entre administracións, empresas, centros de coñecemento e sociedade civil, e impulsando proxectos que reforzan un desenvolvemento competitivo e baixo en carbono.

A Rede Galega de Economía Circular enmárcase na Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030 e contribúe aos obxectivos europeos de transición ecolóxica.

S1.5 Valorización da madeira de frondosas

A valorización sostible das masas de frondosas autóctonas galegas constitúe un obxectivo estratéxico para mellorar a calidade do recurso, optimizar o seu aproveitamento e orientar o seu uso cara a aplicacións de maior valor engadido, como a construción ou o deseño.

As actuacións previstas inclúen a implementación de técnicas avanzadas para desenvolver novos usos da madeira en sectores como a carpintaría e a construción, así como o establecemento de alianzas con axentes da industria e da innovación. Prevese realizar accións formativas, concursos de deseño con prototipos innovadores e elaborar un Plan de valorización sostible da madeira de frondosas. Ademais, fomentárase o desenvolvemento de novos produtos derivados e o aproveitamento de especies autóctonas, contribuíndo á diversificación das materias primas utilizadas pola industria. Ao mesmo tempo, esta iniciativa apoiará a conservación e a restauración da biodiversidade mediante unha xestión forestal sostible no territorio galego.

►► S2 Eficiencia enerxética

Prioridade S2

Medida S2.1	Proxectos de enerxías renovables térmicas.	Ficha S2.1
Medida S2.2	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética.	Ficha S2.2
Medida S2.3	Proxectos de enerxía solar fotovoltaica.	Ficha S2.3
Medida S2.4	Estratexia galega de impulso da biomasa.	Ficha S2.4
Medida S2.5	Medidas para o avance no cumprimento de criterios ASG.	Ficha S2.5

S2.1 Proxectos de enerxías renovables térmicas

Esta liña fomentará o despregamento de instalacións con enerxías renovables térmicas, que contribúan á transición enerxética, á redución da pegada de carbono e ao fomento do uso de fontes de enerxía renovable nas empresas. Estes proxectos inclúen de xeito especial as instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible, aínda que tamén consideran outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica.

S2.2 Proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas

A elevada demanda enerxética dos procesos produtivos da industria forestal-madeira fai imprescindible contar con instrumentos de apoio específicos que impulsen proxectos de autoconsumo, aforro e eficiencia enerxética, así como reducir as emisións, especialmente dos gases de efecto invernadoiro. Neste ámbito, resulta prioritario mellorar a eficiencia das instalacións de secado nos serradoiros, un dos puntos críticos en termos de consumo enerxético.

S2.3 Proxectos de enerxía solar fotovoltaica

Esta liña apoiará proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para xerar electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos.

S2.4 Desenvolvemento dunha Estratexia Galega de Impulso da Biomasa

De xeito complementario ás medidas de impulso do sector forestal, considérase estratéxico promover o uso sustentable da biomasa como fonte de enerxía en Galicia. Esta iniciativa busca mellorar a xestión forestal activa, fomentar a implantación de enerxías renovables e reforzar a conexión da sociedade cos recursos do monte galego. A acción estará coordinada coa Axenda Enerxética de Galicia 2030, que conta co apoio de fondos públicos xestionados polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

En consonancia co establecido pola Lei de montes de Galicia, o aproveitamento da biomasa forestal desenvolverase baixo criterios estritos de sustentabilidade. A regulación deste aproveitamento procurará garantir a conservación da biodiversidade, a estabilidade dos solos e o mantemento dos ciclos ecolóxicos naturais. Así mesmo, procurárase a valorización integral dos montes nos seus diferentes usos e aproveitamentos, asegurando a compatibilidade coas actividades tradicionais da industria forestal-madeira e coordinado co Programa estratéxico de aproveitamento da biomasa forestal (liña de acción 1.2.2) do Plan Forestal de Galicia.


Entre as accións previstas, inclúese a creación de programas de compra verde local que favorezan o consumo de biomasa de proximidade. Impulsaranse, ademais, redes de calor locais e comunidades bioenerxéticas ao servizo de infraestruturas públicas e privadas. A biomasa local será obxecto de procesos de valorización mediante a implantación de selos de calidade que certifiquen a súa orixe e un impacto ambiental positivo.

S2.5 Medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) nas pemes galegas

A crecente esixencia normativa nesta materia, xunto coa constante actualización á que se ven sometidas as empresas do sector, supón un reto adicional para o conxunto do tecido empresarial. Esta presión pode mitigarse mediante programas de axuda orientados a implantar medidas que favorezan o avance no cumprimento dos criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG), especialmente no caso das pemes, que dispoñen de recursos máis limitados. Cómpre salientar que, desde o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), xa se está a dar resposta a algunhas destas necesidades identificadas como prioritarias polo propio sector.

As axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) nas pemes galegas van destinadas a poñer en marcha proxectos individuais nos cales unha empresa aborda medidas de impacto especificamente deseñadas ou desenvolvidas para o seu ámbito de actividade, cuxa finalidade sexa desenvolver e implantar solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas, compoñentes, semielaborados e produtos finais, para acadar reducións e aforros na utilización de recursos naturais, auga e enerxía, e diminucións na xeración de subprodutos ou refugалlos, coa tendencia de converter os refugалlos en recursos de uso noutros procesos produtivos, e tamén as actuacións dirixidas a desenvolver a responsabilidade social empresarial e avanzar nos mellores modelos de gobernanza nas organizacións.






utura
ustrial

ova
bernanza

EIXE 2

Competitividade sectorial
e consolidación de proxectos





►► C1 Punto de acollida centralizado


A Xunta de Galicia conta coa Oficina Económica de Galicia, que é un punto de acollida centralizado e singular para facilitar e axilizar a implantación, posta en marcha e desenvolvemento das iniciativas empresariais, e presta consulta dun amplo catálogo de servizos.

Prioridade C1

Medida C1.1

Oficina Económica de Galicia.

Ficha C1.1



►► C2 Fomento da capacidade de organismos de investigación e agrupacións empresariais innovadoras

Prioridade C2

Medida C2.1	Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras.	Ficha C2.1
Medida C2.2	Programa Unidades Mixtas de Investigación.	Ficha C2.2
Medida C2.3	Fortalecemento dos centros de investigación e os centros tecnolóxicos galegos.	Ficha C2.3
Medida C2.4	Ignicia proba de concepto.	Ficha C2.4
Medida C2.5	Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados.	Ficha C2.5

C2.1 Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras

Esta liña de axudas ten por obxectivo apoiar proxectos compostos por plans de actuación que dean mellor apoio á competitividade sustentable, á innovación e a cooperación empresarial en distintos ámbitos da actividade en Galicia. As axudas previstas nestas bases destínanse ás agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras, que se conciben como combinación no espazo xeográfico galego de empresas e centros tecnolóxicos, de investigación ou formación, públicos ou privados involucrados nun proceso colaborativo destinado a ter beneficios derivados da cooperación e cuxa actividade se organiza arredor dunha cadea de valor ou sector tecnolóxico ou a dun mercado ou segmento obxectivo.

C2.2 Programa de unidades mixtas de investigación

A creación e posta en marcha de unidades mixtas de investigación é considerada un instrumento favorecedor da cooperación entre os organismos de investigación de Galicia e o tecido empresarial para desenvolver de forma conxunta e coordinada actividades de investigación, innovación e desenvolvemento aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia.

C2.3 Fortalecemento dos centros de investigación e os centros tecnolóxicos galegos

O fortalecemento dos centros de investigación e dos centros tecnolóxicos galegos é fundamental para impulsar a innovación e a competitividade da industria da madeira en Galicia. Estes centros actuarán como motores de desenvolvemento tecnolóxico, promovendo proxectos de I+D que permitan avanzar na valorización dos recursos forestais, na creación de biomateriais sostíbeis e na optimización dos procesos produtivos. Ademais, favorecerán a transferencia de coñecemento e tecnoloxía ás empresas do sector, facilitando a adopción de solucións innovadoras que melloren a eficiencia, a calidade e a sostibilidade da cadea de valor forestal-madeira. Esta medida inclúe a redacción, con participación do sector empresarial, dunha axenda de investigación que recolla as liñas prioritarias de investigación e programe o seu desenvolvemento.



C2.4 Ignicia proba de concepto

Nesta actuación promóvese o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galego, a través da consecución de licenzas de comercialización ou a creación de *spin-offs*. O esixente proceso de avaliación e o intensivo apoio durante a execución teñen como obxectivo garantir o seu impacto na sociedade. As entidades beneficiarias reciben un financiamento do 100 % dos custos en forma de achega patrimonial onerosa. Ademais, recibirán asesoramento experto para definir o plan de desenvolvemento e comercialización e garantir a chegada ao mercado, así como unha auditoría legal para determinar a viabilidade de explotación. Tamén acceden a formación e acompañamento para a procura de socios empresariais, investidores e clientes potenciais.

C2.5 Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia

Nesta actuación, a Axencia Galega de Innovación apoiará os centros tecnolóxicos consolidados para financiar gastos estruturais e de funcionamento coa finalidade de incentivar a transferencia de resultados da investigación, do coñecemento e das capacidades tecnolóxicas dos centros ao mercado.

►► C3 Proxectos de innovación colaborativa

A colaboración entre pemes, grandes empresas e provedores de solucións é fundamental para manter un nivel de competitividade do sector.

Convocatorias como a Industria Innova, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras; o programa Nexos e o Vinnovate do Gain; ou o espazo de datos como novo concepto de xestión de datos integrador e colaborador.

Prioridade C3

Medida C3.1	Industria Innova.	Ficha D2.3
Medida C3.2	Programa Nexos.	Ficha D2.6
Medida C3.3	Vinnovate Galicia.	Ficha C3.3
Medida C3.4	Espazo de datos.	Ficha C3.4



C3.3 Vinnovate Galicia

A Axencia Galega de Innovación participa na Vanguard Initiative, unha rede de 33 rexións europeas que busca impulsar a I+D vinculada ás súas cadeas de valor prioritarias. En 2024, esta iniciativa lanzou o mecanismo de financiamento interrexional Vinnovate, pensado para crear consorcios entre axentes de diferentes rexións e promover proxectos estratéxicos compartidos. O obxectivo principal é fortalecer a colaboración e a proxección internacional do ecosistema galego de I+D+i mediante proxectos cooperativos, nos cales debe participar obrigatoriamente unha peme.

C3.4 Espazo de datos

Os espazos de datos son un concepto de xestión de datos: establecen regras e sistemas tecnolóxicos para integrar e intercambiar datos. O que xorde é un ecosistema de datos federado baseado en políticas e normas compartidas. Os datos distribúense entre distintos puntos de almacenamento e intégranse segundo as necesidades. Proporcionanse ferramentas para descubrir, acceder e analizar datos distribuídos entre industrias, empresas e entidades. A industria forestal-madeira de Galicia pode beneficiarse dos espazos de datos mellorando a coordinación da cadea de subministración, impulsando a innovación, garantindo a trazabilidade e a certificación, valorizando subprodutos e facilitando o acceso a mercados e financiamento sostible.

►► C4 Servizos de mellora competitiva

Prioridade C4		
Medida C4.1	Re-acciona.	Ficha C4.1
Medida C4.2	Servizos Peme Europa.	Ficha C4.2
Medida C4.3	CIS Madeira.	Ficha C4.3

C4.1 Re-acciona

O programa Re-acciona permítelles ás pemes executar proxectos en distintos ámbitos que inciden na mellora da súa competitividade; entre outros, estratexia, *compliance*, talento, ASG (Re-acciona ASG), finanzas, loxística, relanzamento comercial e innovación.

C4.2 Servizos Peme Europa

Peme Europa ofrece apoio ás pemes para mellorar o seu posicionamento e participación en proxectos europeos de I+D+i. Entre os seus servizos inclúense a diagnose da empresa, o deseño de itinerarios personalizados para acceder a Horizonte Europa (ideación, estruturación de proxectos, redes e consorcios), xornadas informativas co CDTI, un observatorio de convocatorias relevantes, busca de socios e accións para reforzar a presenza europea das empresas galegas.

C4.3 CIS Madeira

O CIS Madeira, creado en 1996, é un organismo público que impulsa a innovación na industria da madeira e apoia o desenvolvemento sustentable do sector forestal en Galicia.

As súas principais funcións inclúen desenvolver proxectos de innovación, dar soporte técnico á Xunta en iniciativas de construción con madeira, ofrecer servizos técnicos ás empresas, colaborar con centros de investigación e universidades, e realizar actividades formativas dirixidas a prescritesores, centros de investigación e colexios profesionais.

O CIS-Madeira é nodo de referencia do ecosistema de innovación e debe desenvolverse a súa colaboración co resto dos centros de coñecemento e potenciar a súa relación coas empresas.

►► C5 Maximización da xeración de valor do sector forestal-madeira

Prioridade C5

Medida C5.1	Ticket Innova.	Ficha C5.1
Medida C5.2	Igape Innova.	Ficha C5.2
Medida C5.3	Agrupacións empresariais innovadoras.	Ficha C2.1
Medida C5.4	Galicia Exporta Empresas.*	Ficha X2.1
Medida C5.5	Proxectos de I+D empresarial.	Ficha D2.7

C5.1 Ticket Innova

O programa busca impulsar o uso de servizos de innovación polas pemes, especialmente das de sectores tradicionais. Preténdese fomentar a implantación da innovación e a transferencia tecnolóxica desde centros tecnolóxicos cara ás empresas, co fin de mellorar produtividade, crecemento e diferenciación. As axudas financian a contratación de servizos especializados de apoio á innovación prestados por consultorías e centros tecnolóxicos galegos. Os Tickets Innova abranguen áreas como estratexia e xestión da innovación, deseño, protección do coñecemento, certificacións fiscais en I+D+i, preparación de propostas, innovación baseada en tecnoloxías dixitais e diagnóstico da maduración dos datos.

C5.2 Igape Innova

Dentro das axudas dirixidas ás pemes para financiar as actividades integradas en plans que lles permitan sistematizar e fortalecer a innovación da empresa, inclúense os plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade (líña 2). Esta liña recolle a concepción e o desenvolvemento de produtos, servizos ou experiencias novos ou, no caso de redeseño dos xa existentes, que se aprecie unha mellora substancial desde o punto de vista estético, funcional, técnico/productivo e económico.

* Estas axudas financian gastos para o posicionamento internacional das empresas galegas.


►► C6 Revisión da estratexia comercial

Prioridade C6

Medida C6.1	Obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística.	Ficha D1.5
Medida C6.2	Igape innova.	Ficha C5.2
Medida C6.3	Ticket Innova.	Ficha C5.1
Medida C6.4	Re-acciona.*	Ficha C4.1

* Este programa conta cun asesoramento específico para o “deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores”





►► I1 Financiamento

Neste ámbito, o sector conta con financiamento que ten como obxectivo favorecer o acceso a préstamos a longo prazo para financiar investimentos produtivos e/ou circulante estrutural e sistemas de garantías fronte a terceiros para favorecer a capacidade das pemes.

A situación actual do sector precisa de investimentos estratéxicos que faciliten a procura de solo, as xestións administrativas, o recrutamento de profesionais e a creación de solucións. O impulso á modernización da industria forestal-madeira debería incluír, asemade, un conxunto de axudas e incentivos ao apoio de investimentos estratéxicos en liñas de produción avanzadas, a renovación de maquinaria industrial, a mellora da seguridade e as instalacións contra incendios, o fomento de modelos de negocio sostíbeis con maior valor engadido, o aproveitamento de subprodutos, a mellora de infraestruturas loxísticas, o desenvolvemento comercial, e a implantación de proxectos piloto e plantas modelo que xeren coñecemento transferible.

Prioridade I1

Medida I1.1	Préstamos para investimentos.	Ficha I1.1
Medida I1.2	Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.	Ficha I1.2
Medida I1.3	Préstamos para financiamento operativo.	Ficha I1.3
Medida I1.4	Reaval Crecemento.	Ficha I1.4
Medida I1.5	Reaval Garantías.	Ficha I1.5

I1.1 Préstamos para investimentos

O programa dirixido a sociedades mercantís, persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, agrupacións de interese económico, sociedades civís e comunidades de bens, ofrece préstamos directos para financiar proxectos de investimento e o capital circulante asociado, para:

- Investimentos estratéxicos xerais: de 1 a 5 millóns de €, financiando ata o 75% do proxecto e podendo incluír ata un 50% de circulante asociado. Excepcións por interese socioeconómico ou estratéxico.
- Maquinaria en industria manufactureira: de 300.000 a 1.000.000 €, cubrindo ata o 75% do investimento en maquinaria.
- Implantación no exterior: de 100.000 a 5.000.000 €, financiando ata o 75% do investimento e o capital circulante asociado.

I1.2 Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación

Apoiar financeiramente proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación das empresas en Galicia. Os proxectos de desenvolvemento e innovación deberán ser realizados maioritariamente en centros de traballo situados en Galicia. Terán consideración de proxectos financiábles os que se atopen entre valores de TRL (*technology readiness levels*) de TRL5 e TRL9. Poderán ser financiados proxectos de desenvolvemento de produtos TIC, sempre que non sexan desenvolvidos en exclusiva e á medida para un cliente único nin para uso propio interno exclusivo.

I1.3 Préstamos para financiamento operativo

Esta liña está dirixida a empresas da industria manufactureira nas situacións en que se manifeste a necesidade de afrontar coas entidades financeiras a prestamización de operacións de circulante: entre 300.000 e 1.000.000 € de préstamo. Tamén son elixíbles os centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego. Entre 75.000 € e 1.500.000€.

I1.4 Reaval Crecemento

O principal obxectivo é favorecer o acceso a préstamos a longo prazo para financiar investimentos produtivos e/ou circulante estrutural por parte das pemes galegas. Poderán acollerse a este incentivo as pequenas e medianas empresas (persoas físicas ou xurídicas) que realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto da actuación a financiar, localizada na Comunidade Autónoma de Galicia. Poderán ser beneficiarias tamén as comunidades de bens, sociedades civís ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos establecidos.

I1.5 Reaval Garantías

O principal obxectivo é favorecer a capacidade das pemes para outorgar garantías fronte a terceiros, en modalidade de avais financeiros, non financeiros ante terceiros e vinculados a licitacións internacionais.

►► I2 Galicia, polo de atracción de investimento

Todas estas medidas deben ir encamiñadas a crear unha estratexia dirixida a converter Galicia nun polo de atracción e retención de investimento que estea conformado dentro dun plan coordinado en que participen activamente todos os sectores industriais estratéxicos.

Dentro dos mecanismos que están promovendo esta política de márketing industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, habería que citar a Oficina Económica de Galicia, o Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e os proxectos industriais estratéxicos (PIE), xunto coas melloras das infraestruturas de apoio á industria e a dispoñibilidade de solo industrial gratuíto. Tamén cómpre citar liñas de axudas específicas para a atracción de empresas a Galicia.

Prioridade I2

Medida I2.1	Axudas para a atracción de empresas a Galicia.	Ficha I2.1
Medida I2.2	Axudas <i>startups</i> .	Ficha I2.2

I2.1 Axudas para a atracción de empresas a Galicia

Esta liña de axudas considera o financiamento de proxectos de investimento empresarial.

Poderán ser beneficiarias as pemes que vaian realizar investimentos subvencionables nun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

I2.2 Axudas a *startups*

Estas axudas teñen como obxectivo apoiar a actividade das *startups* galegas ou con sede en Galicia, subvencionando certos gastos e investimentos. Poderán beneficiarse as persoas xurídicas consideradas *startups*, incluídas as de base tecnolóxica, que desenvolvan un proxecto de emprendemento innovador con modelo de negocio escalable.


►► I3 Desenvolvemento de capacidades existentes no sector

As medidas incluídas na Prioridade D1, concretamente a D1.1, servirían para que as empresas deste sector poidan incorporar as capacidades dixitais básicas que precisen.

Por outra banda, medidas como o Ticket Innova (C5.1) servirían para apoiar ao desenvolvemento de capacidades de transformación avanzada.








utura
ustrial

ova
bernanza

EIXE 3

Persoas





►► PE1 Capacitación sectorial

No eixe das persoas, recóllense diferentes medidas encamiñadas a incrementar a capacitación que permita mellorar a cualificación (*upskilling*) e a reciclaxe (*reskilling*) e formar as persoas de recente incorporación na empresa.

Prioridade PE1

Medida PE1.1	Bonos talento empresa.	Ficha PE1.1
Medida PE1.2	Galicia suma talento: Plan de Formación Empresas.	Ficha PE1.2
Medida PE1.3	Centro Integrado de Formación Profesional en Santiago de Compostela.	Ficha PE1.3
Medida PE1.4	Mecanismo SPE para empresas en crise.	Ficha PE1.4
Medida PE1.5	Convenio para a mellora das capacidades directivas.	Ficha PE1.5
Medida PE1.6	Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B, C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas.	Ficha PE1.6
Medida PE1.7	Obradoiros de emprego (sector forestal-madeira).	Ficha PE1.7
Medida PE1.8	Acreditación de competencias.	Ficha PE1.8
Medida PE1.9	Accións de sensibilización e formación en materia de residuos.	Ficha PE1.9
Medida PE1.10	Programa educativo de economía circular.	Ficha PE1.10

PE1.1 Bonos talento empresa

O Programa Bono Talento Empresa é unha liña de axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en liña coas "microcredenciais" da Axenda de Capacidades Europea, polo que está cofinanciada nun 60 % polo FSE+. Financia proxectos de formación non formal mediante a realización de cursos ou accións formativas de curta duración que teñan como obxectivo mellorar as capacidades das empresas e contribuír ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras dos centros de traballo en Galicia, onde se deberán desenvolver as actividades formativas subvencionadas.

PE1.2 Galicia suma talento: Plan de Formación Empresas

Estas axudas teñen como finalidade o financiamento de programas de formación con compromiso de contratación destinados á cualificación profesional das persoas traballadoras desempregadas, e estarán dirixidos á adquisición e mellora das competencias profesionais necesarias para desempeñar os postos de traballo obxecto da contratación.

PE1.3 Centro Integrado de Formación Profesional en Santiago de Compostela

O CIFP Santiago presenta unha oferta formativa que, entre outras, abrangue formación preferente para persoas desempregadas nas familias de Madeira, moble e cortiza. Así mesmo, imparte un ciclo superior en Xestión forestal e do medio natural.

PE1.4 Mecanismo SPE para empresas en crise

Hai que destacar o servizo de apoio a persoas traballadoras afectadas por empresas en crise dirixido a recolocar as persoas afectadas por procesos de reestruturación ou peche de empresas. Proporciona orientación laboral personalizada, así como capacitación profesional mediante o ofrecemento de formación específica.

PE1.5 Convenio para a mellora das capacidades directivas

O Igape impulsa a formación directiva a través do convenio Capacita, orientado a promover o liderado, o *networking* e a transformación sectorial das empresas galegas. Este acordo permite organizar actividades de capacitación e actualización para cadros directivos, abordando tanto o desenvolvemento integral como áreas clave de xestión vinculadas á competitividade futura, incluíndo a transformación dixital e verde. As destinatarias deste programa son as pemes con centro de traballo en Galicia, incluíndo autónomas e autónomos, comunidades de bens, asociacións e fundacións.

PE1.6 Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas

A Lei orgánica 3/2022 crea un novo marco que integra nun único sistema toda a formación profesional, co obxectivo de ofrecer itinerarios flexibles que respondan ás necesidades de cualificación das persoas e ás demandas produtivas e sectoriais. A norma busca facilitar a aprendizaxe ao longo da vida, favorecer a produtividade e impulsar a creación de emprego. Ademais, establece que a oferta de formación profesional debe atender tamén ás persoas traballadoras ocupadas que precisen adquirir, actualizar ou ampliar competencias para mellorar a súa empregabilidade ou reorientar a súa traxectoria profesional.

PE1.7 Obradoiros de emprego (sector forestal-madeira)

Os obradoiros de emprego e as escolas obradoiro son programas mixtos destinados a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, alternando a formación para o emprego con práctica laboral (traballo en obra real), diferenciándose entre uns e outros en función da idade das persoas participantes e outros requirimentos específicos de cada convocatoria.

PE1.8 Acreditación de experiencia profesional no sector forestal-madeira

Esta medida busca recoñecer oficialmente as competencias profesionais das persoas que traballan no sector forestal-madeira e que adquiriron os seus coñecementos a través da experiencia laboral ou de formación non formal. O procedemento permanece aberto de forma continua, permitindo que calquera profesional poida iniciar o proceso cando o precise, sen estar condicionado por prazos ou convocatorias específicas.

O beneficio é dobre. Para as persoas traballadoras, supón a oportunidade de obter un certificado oficial que acredita a súa experiencia e habilidades. Este recoñecemento mellora a súa cualificación, reforza o seu perfil profesional e abre novas posibilidades de formación e promoción, incluíndo o acceso a certificados de profesionalidade ou estudos de formación profesional. En resumo, dá valor ao que xa saben facer e axúdalles a avanzar na súa carreira.

Para as empresas, contar con persoal acreditado eleva o nivel de cualificación interna, mellora a competitividade e contribúe a demostrar o seu compromiso coa responsabilidade social corporativa. Ademais, permite anticiparse a futuras esixencias de titulación obrigatoria para determinadas funcións dentro do sector.

PE1.9 Accións de sensibilización e formación en materia de residuos

Esta medida ten por obxectivo impulsar un cambio cultural sostido na sociedade galega, promovendo hábitos responsables no uso de recursos, na prevención de residuos e na transición cara a modelos de consumo sustentable. Tendo en conta o potencial que a industria forestal-madeira ten para valorizar os residuos de madeira e papel, é importante que este traballo co conxunto da cidadanía e co sistema educativo reforce as boas prácticas neste eido.

PE1.10 Programa educativo de economía circular

Un dos aspectos que de xeito recorrente son citados no sector forestal-madeira é a necesidade de formar as novas xeracións na cultura en aspectos como a xestión forestal e a bioeconomía forestal. Esta medida pretende contribuír ao desenvolvemento de competencias clave en sustentabilidade e cidadanía responsable, aliñado coa normativa educativa e co marco europeo de educación ambiental na educación primaria e reforzar o papel dos centros educativos como espazos tractores de cambio social e ambiental.

►► PE2 Conexión industria-formación

Desde o sector demándase adecuar a formación profesional regrada aos requirimentos do tecido industrial. Neste senso, a formación dual intensiva proporciona unha maior flexibilidade e permite incluír módulos prácticos que se adapten ás necesidades do tecido produtivo.

Prioridade PE2

Medida PE2.1	Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP.	Ficha PE2.1
Medida PE2.2	Plan Conecta FP.	Ficha PE2.2
Medida PE2.3	Plataforma <i>software</i> EMI das oficinas de emprego de Galicia.	Ficha PE2.3
Medida PE2.4	Estadías profesorado de FP.	Ficha PE2.4
Medida PE2.5	Formación de alta especialización para o profesorado.	Ficha PE2.5

PE2.1 Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP

A Rede galega de dinamización da relación con empresas, que actúa como punto de atención ao empresariado e establecerá unha canle de comunicación entre administracións, centros educativos e empresa.

PE2.2 Plan Conecta FP

O Plan Conecta FP, dirixido a definir novos perfís profesionais relacionados co futuro do sector e as necesidades de persoal cualificado, desde o aproveitamento forestal e as liñas industriais ata carpinteiros e instaladores.

PE2.3 Plataforma *software* EMI das oficinas de emprego de Galicia

Por outro lado, a ferramenta de *software* para Perfilaxe Competencial Emprego Intelixente (EMI) e IA aplicada ao mercado laboral, posta en marcha nas oficinas de emprego de Galicia, permite detectar sectores emerxentes de emprego e empresas que están contratando en cada unha das ocupacións. Realiza unha sincronización de oferta e demanda en tempo real grazas á intelixencia artificial e detecta as necesidades competenciais non cubertas segundo os requirimentos do mercado de traballo.

PE2.4 Estadías para profesorado de FP

Adicionalmente, hai outros instrumentos que facilitan a adecuación formativa, como as estadías formativas en empresas ou organismos equiparados, que permiten que o profesorado conte cunha formación enfocada ás necesidades do tecido produtivo.

PE2.5 Formación de alta especialización para o profesorado

A formación en alta especialización para o profesorado de FP impartida no Centro Galego de Innovación e Formación Profesional permite desenvolver proxectos de especialización centrándose na innovación tecnolóxica.

▶▶ PE3 Atracción de talento

Medidas dirixidas a incorporar estudantes dos últimos anos tanto de formación profesional como de formación universitaria nas empresas como parte do seu itinerario formativo.

Prioridade PE3

Medida PE3.1	Doutoramentos industriais.	Ficha PE3.1
Medida PE3.2	Retorna Cualifica Empleo.	Ficha PE3.2
Medida PE3.3	Arraigamento sociolaboral.	Ficha PE3.3
Medida PE3.4	Plan FPGal360.	Ficha PE3.4
Medida PE3.5	Re-acciona*	Ficha C4.1
Medida PE3.6	Definición dun plan de comunicación.	Ficha PE3.6

PE3.1 Doutoramentos industriais

Este programa ten como obxectivo favorecer a contratación de estudantes do sistema universitario galego en empresas e centros tecnolóxicos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia para que poidan desenvolver a súa tese de doutoramento nun contorno empresarial real, orientando así o proxecto de investigación á resolución das necesidades e problemas concretos dunha empresa ou centro tecnolóxico.

PE3.2 Retorna Cualifica Empleo

O Programa Retorna Cualifica Empleo busca ofrecerlles ás persoas emigradas e ás súas familias a oportunidade de regresar e desenvolver un proxecto de vida na Comunidade. Para iso, facilita información e formación que garanten unha inserción laboral efectiva ao chegar a Galicia.

PE3.3 Arraigamento sociolaboral

Programa dirixido a persoas migrantes en Galicia en situación irregular para que obteñan unha autorización de residencia temporal sempre que contén cun ou varios contratos de traballo e nas condicións establecidas pola normativa vixente en materia de estranxeiría.

PE3.4 Plan FPGal360

O Plan FPGal360, de orientación profesional integral, estrutúrase en tres eixes principais: reducir o abandono escolar prematuro, fortalecer un sistema integral de orientación profesional e vocacional, e facilitar a titulación da mocidade sen cualificación. As súas liñas de actuación inclúen formación e información para orientadores, equipos directivos e docentes; orientación profesional ao alumnado desde idades temperás; apoio específico a estudantes vulnerables ou que abandonasen o sistema educativo; atención á mocidade sen formación acreditada; asesoramento a persoas desempregadas para acreditar competencias adquiridas por experiencia laboral; e colaboración con asociacións, institucións e colectivos públicos implicados na orientación profesional e laboral.

** Este programa prevé unha liña de consultoría en captación, fidelización e xestión de talento. O obxectivo deste servizo é axudar ás pequenas e medianas empresas a optimizar as súas estratexias de captación, fidelización e xestión do talento, considerado un recurso esencial para o crecemento e o éxito organizativo. Ademais, o servizo busca orientar a definición das políticas de contratación, formación, promoción e retribución dentro da empresa.*

PE3.6 Definición dun plan de comunicación (interno e externo)

O obxectivo do plan de comunicación é potenciar a visibilidade do sector forestal-madeira, destacando o impacto económico, social e ambiental. Este plan será elaborado polas entidades do sector co apoio da Axencia Galega da Industria Forestal. Dentro das actuacións a desenvolver, incluíranse as seguintes:

- Definición dos contidos para as actividades de difusión das axudas para a organización formativas.
- Comunicación tradicional e novas tecnoloxías.
- Reforzar a imaxe positiva do sector e favorecer a atracción de talento e investimentos.
- Relación cos investimentos realizados en zonas rurais.

►► PE4 Recursos humanos e axudas á contratación

Prioridade PE4

Medida PE4.1	Axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE).	Ficha PE4.1
Medida PE4.2	Programa Galicia Emprega.	Ficha PE4.2
Medida PE4.3	Programa Investigo.	Ficha PE4.3
Medida PE4.4	Programa Primeira Experiencia Laboral.	Ficha PE4.4
Medida PE4.5	Programa para apoio ao emprego autónomo e a cota cero.	Ficha PE4.5

PE4.1 Axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE)

Trátase dun programa de axudas para fomentar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE). Conta con tres liñas: liña I, para elaborar e implantar plans de igualdade; liña II, para a conciliación, que inclúe incentivos ao teletraballo, á flexibilidade horaria e á adquisición de tecnoloxías que permitan o teletraballo; e liña III, para obter certificacións de RSE. Os beneficiarios son pemes ou autónomos e autónomas con persoal contratado en Galicia, e para as liñas II e III tamén poden optar empresas con centros de traballo en Galicia.

PE4.2 Programa Galicia Emprega de incentivos á contratación por conta allea

As axudas están destinadas a fomentar a contratación de persoas desempregadas, especialmente aquelas con maiores dificultades de inserción laboral, tanto en empresas ordinarias como en entidades sen ánimo de lucro. Inclúen catro modalidades: contratación indefinida a xornada completa, incremento de xornada en contratos indefinidos, aumento da duración anual dos contratos fixos-descontinuos e axudas para adaptar postos ou eliminar barreiras. As contías dependen do colectivo contratado e aumentan un 15% se o centro está en concello rural. Son beneficiarias as persoas empregadoras e empresas de calquera forma xurídica, incluídas autónomas, así como centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, segundo os criterios da convocatoria.

PE4.3 Programa Investigo

As subvencións do Programa Investigo están destinadas á contratación de persoas mozas de entre 16 e 30 anos para realizar tarefas e proxectos de investigación e innovación en empresas e centros de I+D+i en Galicia. Estas axudas buscan facilitar a inserción laboral de investigadoras, tecnólogas e persoal técnico, aumentando a competitividade e promovendo actividades preferentemente vinculadas á transición ecolóxica, economía verde, dixitalización, enxeñaría de datos e outras áreas da RIS3 2021-2027. Poden beneficiarse empresas privadas con proxectos de I+D+i e centros privados sen ánimo de lucro que teñan a I+D+i como actividade principal.

PE4.4 Programa Primeira Experiencia Profesional

O programa busca fomentar a contratación de mozos e mozas menores de 30 anos en desemprego mediante contratos formativos, mellorando a súa empregabilidade e facilitando a súa inserción laboral en Galicia. Prevese a formalización de contratos para práctica profesional e contratos de formación en alternancia, dotando as persoas mozas de competencias útiles para toda a súa vida laboral. Os beneficiarios son empresas e persoas empregadoras, incluídas autónomas, comunidades de bens e sociedades civís, así como centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, sempre que os contratos se realicen en centros de traballo radicados en Galicia. O obxectivo último é proporcionar primeira experiencia laboral, promover a empregabilidade e reter o talento xuvenil na Comunidade Autónoma.

PE4.5 Programa para apoio ao emprego autónomo e a cota cero

O obxectivo é crear un marco integral de apoio ás persoas traballadoras autónomas de Galicia mediante cinco programas de subvencións que cobren todo o ciclo do emprendemento: inicio da actividade, segunda oportunidade, consolidación de negocios, remuda xeracional e conciliación da vida laboral e persoal. Estes programas buscan fomentar o emprego por conta propia, mellorar a competitividade e a sustentabilidade dos proxectos, garantir a continuidade dos negocios no medio rural e promover a igualdade de oportunidades, apoiando especialmente mulleres e mozos. Cada programa está orientado a unha fase concreta: iniciar actividade, retomar proxectos anteriores, consolidar negocios con máis de 42 meses, facilitar a remuda xeracional e favorecer a conciliación laboral.



►► PE5 Seguridade e saúde laboral


Prioridade PE5

Medida PE5.1

Medidas extraordinarias en materia de seguridade e saúde laboral.

Fichas G3.3 e G3.4





utura
ustrial

OE2

Obxectivo estratéxico 2


Reforzar o
ecosistema
industrial

ova
bernanza


EIXE 4

Mellora das infraestruturas
e promoción do solo industrial





Infraestrutura e solo industrial



►► IF1 Planificación e promoción de solo industrial

A Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial é o órgano competente en materia de solo industrial. No desenvolvemento das súas funcións, está a traballar na implantación de medidas dirixidas a mellorar a información sobre a súa dispoñibilidade no territorio e a articular mecanismos que cubran a necesidade de acceso a solo industrial competitivo ben localizado e adaptado ao sector forestal-madeira que complementen outras medidas, como a extensión do réxime de dereito de superficie a todas as parcelas ofertadas por Xestión do Solo de Galicia (Xestur, S.A.), cos oito primeiros anos gratuítos nesta modalidade.

Prioridade IF1

Medida IF1.1	Actualización do Censo do Solo Empresarial de Galicia.	Ficha IF1.1
Medida IF1.2	Flexibilización dos mecanismos de venda ou alugueiro de solo empresarial.	Ficha IF1.2

IF1.1 Actualización do Censo do Solo Empresarial de Galicia

O Censo de Solo Empresarial de Galicia vén configurado normativamente como un rexistro público de natureza administrativa, onde as persoas promotoras das áreas empresariais deben inscribilas obrigatoriamente.

A elaboración do Censo de Solo Empresarial de Galicia resulta necesaria para coñecer mellor a situación real da diversa tipoloxía das áreas empresariais existentes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a constante actualización da información. Esta información actualizada permitirá realizar unha toma eficiente de decisións co fin de incrementar a modernización e competitividade das zonas industriais, atraer investimentos, captar novas empresas e favorecer a creación de emprego e o equilibrio territorial.

IF1.2 Flexibilización dos mecanismos de venda ou alugueiro de solo empresarial

A dispoñibilidade de solo empresarial a baixo custo constitúe unha panca fundamental para o estímulo de novas actividades empresariais. Por esta razón, desenvolveranse medidas de flexibilización dos mecanismos de venda ou alugueiro do solo empresarial promovido pola Xunta de Galicia (como a medida, xa implantada, de extensión do modelo de dereito de superficie a todas as parcelas ofrecidas pola sociedade Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A.), o que, sen dúbida, permitirá axudar a implantar novas empresas na Comunidade Autónoma.

►► IF2 Mellora das infraestruturas de parques e asentamentos industriais

Prioridade IF2

Medida IF2.1

Axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas de parques empresariais.

Ficha IF2.1

Medida IF2.2

Axudas para o reforzo e a extensión das redes de distribución eléctrica.

Ficha IF2.2

IF2.1 Axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas de parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia

Os parques empresariais existentes, a pesar do seu alto nivel de ocupación, presentan carencias de infraestruturas e novas necesidades en comunicación, enerxía e servizos comúns, así como adaptación ás normativas posteriores á súa creación. Por iso, a Consellería de Economía e Industria impulsa a renovación e mellora destes parques mediante un programa de axudas, co obxectivo de facilitar a implantación e fixación de empresas e xerar emprego local.

IF2.2 Axudas para o reforzo e a extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais existentes ou en desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia

Estas subvencións teñen por obxecto o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais existentes ou en desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de fomentar a implantación e a fixación de empresas.

►► IF3 Mellora das infraestruturas loxísticas

A mellora das infraestruturas loxísticas é clave para fortalecer a competitividade da industria forestal-madeira en Galicia. Entre as accións prioritarias destacan a optimización das conexións loxísticas, incluíndo portos, a intermodalidade, as plataformas interiores e o transporte ferroviario, así como o apoio á implantación de operadores de tráfico loxístico. Estas medidas, xunto coa mellora das infraestruturas forestais, contribúen a reducir as barreiras que dificultan o aproveitamento eficiente dos recursos forestais, impulsando así o desenvolvemento sustentable do sector.

Prioridade IF3

Medida IF3.1	Axudas a investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais	Ficha IF3.1
Medida IF3.2	Préstamos para financiar maquinaria en empresas industriais	Ficha I1.1
Medida IF3.3	Posta en marcha da Estratexia ferroviaria para o desenvolvemento intermodal de Galicia	Ficha IF3.3

IF3.1 Axudas a investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais

A Axencia Galega da Industria Forestal promove unha liña de axudas destinada a impulsar investimentos novos no sector, orientados a modernizar a actividade e aumentar a súa competitividade. Estes investimentos deben ser completamente novos e non poden iniciarse nin empregarse antes de presentar a solicitude de axuda, nin tampouco antes da inspección inicial obrigatoria que valide o proxecto. O obxectivo principal é garantir que os fondos públicos se destinen a actuacións efectivas, transparentes e aliñadas co desenvolvemento sustentable do ámbito forestal galego.

As axudas estrutúranse en cinco liñas de investimento elixibles. A liña 1 aposta pola xestión forestal activa, favorecendo actuacións que melloren a planificación, o coidado e o aproveitamento responsable dos montes. A liña 2 céntrase na madeira e na biomasa, promovendo tecnoloxías e procesos que optimicen a súa produción e transformación. A liña 3 diríxese ao impulso da castaña e da resina, produtos estratéxicos no rural galego. A liña 4 busca incrementar o valor engadido na primeira transformación da madeira, apoiando maquinaria e innovación que melloren a competitividade. Finalmente, a liña 5 abrangue plans e ferramentas de xestión empresarial, fundamentais para profesionalizar o sector.


Poderán beneficiarse destas axudas microempresas e pemes do sector forestal situadas en Galicia, sempre que os investimentos se realicen en zonas rurais e contribúan ao desenvolvemento sostible e á dinamización económica destes territorios.

IF3.3 Posta en marcha da Estratexia Ferroviaria para o Desenvolvemento Intermodal de Galicia

A Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes vai pór en marcha un documento estratéxico dirixido a afondar na análise da situación actual do transporte ferroviario de mercadorías en Galicia e definir unha folia de ruta para impulsar o seu desenvolvemento como peza clave dun sistema loxístico intermodal, competitivo e sustentable que impulse o noso territorio como espazo loxístico de referencia na Europa Atlántica.

Adicionalmente, o sector detecta a necesidade complementaria de melloras da infraestrutura viaria, a intermodalidade lixeira e os servizos loxísticos capilares.


Neste senso, cómpre salientar que, paralelamente ao desenvolvemento deste plan, estase a elaborar o Plan Director da Loxística Industrial, documento onde se van incluír medidas concretas dirixidas a favorecer a optimización da función loxística en Galicia. A súa posta en marcha servirá para favorecer o crecemento da industria en xeral e do sector forestal madeira en particular.




EIXE 5

Nova governanza





Nova gobernanza



►► G1 Coordinación e seguimento

A nova política industrial da Consellería de Economía e Industria pivota sobre a articulación dos plans directores, e, para a súa posta en marcha, require dunha colaboración integral entre a Administración e os representantes da industria, tanto do sector privado como dos representantes de persoas traballadoras e axentes sociais.

Esta interacción debe realizarse de forma coordinada, atendendo, por un lado, aos requirimentos do tecido industrial e, por outro, á xestión eficiente dos recursos públicos dispoñibles por parte da Xunta de Galicia para atender estas demandas.

Prioridade G1

Medida G1.1	Comisións de seguimento sectoriais.	Ficha G1.1
Medida G1.2	Fortalecemento do diálogo social.	Ficha G1.2
Medida G1.3	Grupos de traballo con organismos da Xunta.	Ficha G1.3


►► G2 Avaliación

A implantación dos plans directores vai ser obxecto de seguimento continuado a través das ferramentas e indicadores asociados ao mapa industrial de Galicia, instrumento de política industrial a implantar dentro do marco dos plans directores.

Por outra banda, e con obxecto de informar todas as partes interesadas, elaborárase un informe bianual de impacto do plan, realizando unha análise dos indicadores asociados ás diferentes liñas de actuación, e de impacto global atendendo á evolución das variables macroeconómicas.

Prioridade G2

Medida G2.1	Posta en marcha do mapa industrial de Galicia.	Ficha G2.1
Medida G2.2	Análises bianuais de impacto do plan director.	Ficha G2.2



►► G3 Criterios de intervención

A Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético actúa como punto de contacto para a entrada dos proxectos industriais que contén cunha serie de requisitos vinculados ao investimento asociado e emprego xerado.

Por outra banda, este plan director terá en conta, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, criterios de valoración positiva e de sensibilización para fomentar a incorporación das mulleres en actividades industriais onde se atopen infrarrepresentadas.

A pesar de que os índices de sinistralidade en materia de seguridade industrial e de prevención de riscos laborais son baixos, a mellora das condicións que repercuten nestes dous ámbitos debe ser un obxectivo continuo para os órganos competentes da Xunta de Galicia.

Neste sentido, continuaranse promovendo, por unha parte, medidas de mellora da seguridade industrial no sector forestal-madeira en Galicia que permitan acadar maiores cotas de cumprimento dos regulamentos no dito ámbito. Estas medidas poderanse desenvolver en colaboración con entidades do sector público e privado e, con este fin, teranse en conta especialmente as propostas emanadas do Consello Galego de Seguridade Industrial.

Por outra parte, en relación coa prevención de riscos laborais, a Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 constitúe o instrumento a medio prazo para desenvolver de forma ordenada e eficaz as políticas do Goberno galego nesta materia. Esta planificación adóptase co máximo consenso cos interlocutores sociais polo convencemento de que unha materia de tanta sensibilidade debe ser abordada no marco do diálogo social.

Pola súa parte, en materia de prevención de riscos laborais, ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga), como órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais, correspóndelle a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade e saúde laboral establezan os poderes públicos de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

O Issga estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade do persoal traballador respecto dos centros de traballo de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo. Na súa actuación abrangue especificamente as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas en relación cos seus socios e socias de traballo. Así mesmo, leva a cabo actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación coas traballadoras e os traballadores por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas ás pequenas e medianas empresas.



Prioridade G3

Medida G3.1	Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e proxectos industriais estratéxicos (PIE).	Ficha G3.1
Medida G3.2	Discriminación positiva para a incorporación das mulleres na industria.	Ficha G3.2
Medida G3.3	Medidas extraordinarias en materia de seguridade industrial.	Ficha G3.3
Medida G3.4	Medidas desenvoltras en materia de seguridade e saúde laboral.	Ficha G3.4

►► G4 Comunicación e difusión

Prioridade G4

Medida G4.1	Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores.	Ficha G4.1
--------------------	--	------------

G4.1. Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores

Estratexia dirixida a difundir os plans directores nun dobre sentido: externo, de cara ao tecido industrial e a sociedade en xeral; e interno, dentro da comunicación entre departamentos da Xunta de Galicia.

Dentro da comunicación externa, tense previsto realizar unha presentación sectorial do plan director, incidindo nas actuacións que aparecen salientadas en cada documento estratéxico e no marco económico asociado. Como medida de difusión de impacto xeral, os plans directores serán publicados no portal da Consellería de Economía e Industria unha vez aprobados no Consello da Xunta.

A nivel interno, toda a información de seguimento e avaliación dos plans será comunicada aos distintos departamentos da Xunta de Galicia con competencia na materia, facilitando a necesaria coordinación institucional e o desenvolvemento operativo do plan director.

10.





Marco económico-financeiro e planificación

10.

Marco económico-financiero e planificación

O marco económico-financiero e planificación do plan director establece as bases financeiras e organizativas para a implementación de diversas medidas destinadas a impulsar a economía e a competitividade industrial en Galicia. Este apartado proporciona unha visión integral das medidas planificadas, detallando os seus orzamentos e prazos de execución.

As medidas agrúpanse en diferentes ámbitos estratéxicos, cada un dos cales desempeña un papel crucial no desenvolvemento industrial e económico da rexión. Estas áreas son:



Internacionalización:

inclúe accións para fomentar a presenza internacional das empresas.



Dixitalización:

prevé iniciativas para promover a transformación dixital e a trazabilidade da cadea de valor.



Sustentabilidade:

céntrase na xeración de valor, na eficiencia enerxética e en promover o uso sustentable da biomasa como fonte de enerxía de Galicia.



Competitividade e innovación:

enfocado en fortalecer a innovación, o posicionamento estratéxico, a transformación avanzada da cadea de valor e a reformulación da estratexia comercial.



Investimentos:

facilita o financiamento de proxectos estratéxicos e a atracción de investimentos.



Persoas:

dirixido á capacitación profesional, á adecuación da formación co sector produtivo e á atracción do talento.



Infraestruturas e solo:


abarca a planificación e o desenvolvemento de infraestruturas industriais e a xestión do solo empresarial.



Nova gobernanza:

inclúe medidas para fortalecer a gobernanza e a participación de axentes sociais e económicos.

A continuación, para cada unha destas áreas estratéxicas, agrúpanse as diferentes medidas clasificadas por ámbito de aplicación:




Transversais:

medidas xerais para o conxunto dos sectores económicos.



Industriais:

medidas dirixidas ao conxunto do sector industrial.



Sectoriais:

medidas directas dirixidas ao sector forestal-madeira.

As medidas relacionadas teñen un orzamento global, pero hai que ponderalas nos casos en que non estean dirixidas exclusivamente ao sector forestal-madeira.

Así pois, dentro do marco económico e financeiro, as medidas con carácter transversal serán ponderadas segundo o peso da cifra de negocios do sector forestal-madeira con respecto á cifra total da economía galega*, as medidas dirixidas ao conxunto da industria serán ponderadas segundo o peso da cifra de negocios da industria da madeira con respecto á cifra total da industria galega, e as medidas sectoriais serán ponderadas cun 100%.

A modo de síntese, a ponderación do orzamento global realizarase do seguinte xeito:

2,1%	Transversal
5,5%	Industrial
100%	Sectorial

* O peso transversal calcúlase atendendo ao volume total da cifra de negocios da economía galega. Para calcular a cifra de negocios total, súmase o volume de negocio recollido nas tres enquisas estruturais de empresas publicadas polo IGE: sector industrial, comercio e servizos. O sector forestal-madeira achega a cifra de negocios recollida nas ramas de "Madeira e cortiza", "Industria do papel" e "Fabricación de mobles", todas elas incluídas dentro da letra C da Industria manufacturera.



Medidas priorizadas polo sector						
	Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)	
INTERNACIONALIZACIÓN	Antenas Empresariais	1.027.153	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Bolseiros de internacionalización	3.500.732	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Galicia Exporta Empresas	9.300.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Galicia Exporta OOII	2.200.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Plan FOEXGA- Apoio a pemes	4.280.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
DIXITALIZACIÓN	Axudas á transformación dixital	5.900.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Programa Reactiva-TEC	2.546.082	AMTEGA	Transversal	2,1%	
	IA 360	3.125.351	IGAPE	Transversal	2,1%	
	IA360-2026	10.000.000	IGAPE	Industrial	5,5%	
	Axudas á valoración, segunda transformación e ecoinnovación e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde laboral	8.130.088	XERA	Sectorial	100%	
	Obradoiros de dixitalización, sustentabilidade e loxística	1.050.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Rede FORTRA	531.195	XERA	Sectorial	100%	
	Industria Innova	15.000.000	IGAPE	Industrial	5,5%	
	Axudas para a organización de actividades formativas non regradas e actividades de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira	798.000	XERA	Sectorial	100%	
	Programa NEXOS	27.480.000	GAIN	Transversal	2,1%	
	Programa I+D Empresarial	3.000.000	GAIN	Transversal	2,1%	
	Investimentos para infraestruturas locais (infraestruturas abertas e colaborativas)	7.000.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Fábrica Europea de IA en One Health	N/A	GAIN	Transversal	-	

Orzamento ponderado por anualidades				
	2026 (€)	2027 (€)	2028 (€)	TOTAL (€)
	10.650,21	10.920,00	Por determinar	21.570,21
	22.905,37	28.455,00	22.155,00	73.515,37
	195.300,00	Por determinar	Por determinar	195.300,00
	46.200,00	Por determinar	Por determinar	46.200,00
	66.780,00	23.100,00	Por determinar	89.880,00
	63.000,00	60.900,00	Por determinar	123.900,00
	26.733,86	26.733,86	Por determinar	53.467,72
	65.632,38	-	-	65.632,38
	275.000,00	275.000,00	Por determinar	550.000,00
	4.100.000,00	4.030.088,00	Por determinar	8.130.088,00
	14.700,00	7.350,00	Por determinar	22.050,00
	225.000,00	306.195,00	Por determinar	531.195,00
	189.062,50	446.875,00	189.062,50	825.000,00
	500.000,00	298.000,00	Por determinar	798.000,00
	155.400,00	260.400,00	161.280,00	577.080,00
	10.500,00	26.250,00	26.250,00	63.000,00
	42.000,00	42.000,00	63.000,00	147.000,00
	-	-	-	-

Medidas priorizadas polo sector					
	Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)
SUSTENTABILIDADE	Axudas para a realización de proxectos de obras que empreguen produtos de madeira como elemento construtivo	4.165.000	XERA	Sectorial	100%
	Convenios de colaboración para fomentar o emprego da madeira na construción pública	N/A	XERA	Sectorial	-
	Oficinas de Economía Industrial Circular	1.117.021	D.X Calidade Ambiental e Sostibili- dade	Industrial	5,5%
	Rede galega de economía circular				
	Proxecto Valorización de frondosas	42.500	CIS Madeira	Sectorial	100%
	Proxectos de enerxías renovables térmicas	2.100.000	INEGA	Transversal	2,1%
	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética	22.500.000	INEGA	Transversal	2,1%
	Proxectos de enerxía solar fotovoltaica	6.500.000	INEGA	Transversal	2,1%
	Estratexia de Impulso da Biomasa	30.000	INEGA	Sectorial	100%
	Medidas para avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG)	500.000	IGAPE	Transversal	2,1%
COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN	Oficina Económica de Galicia	N/A	IGAPE	Transversal	-
	Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras	1.300.000	IGAPE	Transversal	2,1%
	Programa de Unidades Mixtas de Investigación	11.000.000	GAIN	Transversal	2,1%
	Fortalecemento dos centros de investigación e os centros tecnolóxicos galegos	9.250.000	GAIN	Transversal	2,1%
	Ignicia proba de concepto	3.670.000	GAIN	Transversal	2,1%
	Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia	9.300.000	GAIN	Transversal	2,1%
	Vinnovate Galicia	900.000	GAIN	Transversal	2,1%
	Espazo de datos	1.277.500	IGAPE	Transversal	2,1%
	Programa Re-acciona	3.335.000	IGAPE	Transversal	2,1%

Orzamento ponderado por anualidades				
	2026 (€)	2027 (€)	2028 (€)	TOTAL (€)
	2.450.000,00	1.715.000,00	0,00	4.165.000,00
	-	-	-	-
	38.397,59	23.038,57	Por determinar	61.436,16
	25.000,00	17.500,00	Por determinar	42.500,00
	44.100,00	Por determinar	Por determinar	44.100,00
	157.500,00	157.500,00	157.500,00	472.500,00
	73.500,00	63.000,00	Por determinar	136.500,00
	30.000,00	-	-	30.000,00
	10.500,00	Por determinar	Por determinar	10.500,00
	-	-	-	-
	27.300,00	Por determinar	Por determinar	27.300,00
	73.500,00	94.500,00	63.000,00	231.000,00
	58.800,00	77.175,00	58.275,00	194.250,00
	39.270,00	37.800,00	Por determinar	77.070,00
	65.100,00	65.100,00	65.100,00	195.300,00
	6.300,00	8.400,00	4.200,00	18.900,00
	26.827,50	Por determinar	Por determinar	26.827,50
	49.035,00	21.000,00	Por determinar	70.035,00

Medidas priorizadas polo sector						
Liñas de actuación		Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)	
	Servizos Peme Europa	N/A	GAIN	Transversal	-	
	Servizos do CIS Madeira	N/A	XERA	Sectorial	-	
	Ticket Innova	1.000.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Igape Innova/Igape Innova 2026	6.000.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
INVESTIMENTOS	Préstamos para investimentos	62.500.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación					
	Préstamos para financiamento operativo					
	Reaval crecemento	19.000.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Reaval garantías					
	Axudas para a atracción de empresas a Galicia	35.640.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
	Axudas <i>startups</i>	1.500.000	IGAPE	Transversal	2,1%	
PERSOAS	Bonos talento empresa	1.250.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,1%	
	Galicia suma talento: Plan de Formación Empresas	8.500.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,1%	
	Centro integrado de Formación Profesional Santiago de Compostela	111.823	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Sectorial	100%	
	Mecanismo SPE para empresas en crise	N/A	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	-	
	Convenio para a mellor das capacidades directivas	150.000	IGAPE	Transversal	2,1%	

Orzamento ponderado por anualidades				
	2026 (€)	2027 (€)	2028 (€)	TOTAL (€)
	-	-	-	-
	-	-	-	-
	21.000,00	Por determinar	Por determinar	21.000,00
	84.000,00	42.000,00	Por determinar	126.000,00
	866.250,00	446.250,00	Por determinar	1.312.500,00
	85.050,00	198.450,00	115.500,00	399.000,00
	181.440,00	273.000,00	294.000,00	748.440,00
	31.500,00	Por determinar	Por determinar	31.500,00
	26.250,00	Por determinar	Por determinar	26.250,00
	168.000,00	10.500,00	Por determinar	178.500,00
	83.867,40	27.955,80	0,00	111.823,20
	-	-	-	-
	3.150,00	Por determinar	Por determinar	3.150,00

Medidas priorizadas polo sector					
Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)	
Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave	4.000.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,1%	
Obradoiros de emprego	20.000.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Sectorial	100%	
Acreditación de experiencia profesional	238.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	2,1%	
Plan FPGAL 360					
Accións de sensibilización e formación en materia de residuos	1.070.000	D.X. Calidade Ambiental e Sostibilidade	Industrial	5,5%	
Programa educativo de economía circular	236.871	D.X. Calidade Ambiental e Sostibilidade	Industrial	5,5%	
Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP	600.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	2,1%	
Plan Conecta FP					
Plataforma <i>software</i> EMI das OE de Galicia	866.408	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,1%	
Estadías profesorado FP	320.000	D.X. Formación Profesional	Transversal	2,1%	
Formación de alta especialización para o profesorado					
Doutoramentos industriais	2.412.750	GAIN	Transversal	2,1%	
Retorna Cualifica Emprego	1.840.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,1%	
Arraigamento sociolaboral	1.250.000	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	Transversal	2,1%	
Plan de Comunicación	180.000	XERA	Sectorial	100%	

Orzamento ponderado por anualidades			
2026 (€)	2027 (€)	2028 (€)	TOTAL (€)
84.000,00	Por determinar	Por determinar	84.000,00
15.000.000	5.000.000	Por determinar	20.000.000
4.998,00	Por determinar	Por determinar	4.998,00
58.850,00	Por determinar	Por determinar	58.850,00
13.027,92	Por determinar	Por determinar	13.027,92
12.600,00	Por determinar	Por determinar	12.600,00
14.555,66	3.638,92	Por determinar	18.194,58
6.720,00	Por determinar	Por determinar	6.720,00
9.954,00	21.483,00	19.230,75	50.667,75
38.640,00	Por determinar	Por determinar	38.640,00
26.250,00	Por determinar	Por determinar	26.250,00
100.000,00	80.000,00	-	180.000,00

Medidas priorizadas polo sector						
Liñas de actuación		Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)	
	Axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a RSE	4.200.000	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,1%	
	Programa Galicia Emprega	59.100.000	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,1%	
	Programa Investigo	14.452.200	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,1%	
	Programa Primeira Experiencia Profesional	18.844.209	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,1%	
	Programa para apoio ao emprego autónomo e a cota cero	28.956.500	S.X Emprego e RRLL	Transversal	2,1%	
INFRAESTRUTURAS E SOLO	Actualización do Censo do Solo Empresarial	N/A	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	-	
	Flexibilización dos mecanismos de venda ou alugueiro de solo empresarial	5.000.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	5,5%	
	Axudas infraestruturas de parques empresariais	3.448.438	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	5,5%	
	Axudas reforzo e extensión de redes de distribución eléctrica	2.500.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	5,5%	
	Axudas investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización produtos forestais	15.498.189	XERA	Sectorial	100,0%	
	Posta en marcha Estratexia Ferroviaria	N/A	D.X. Mobilidade	Transversal	2,1%	

Orzamento ponderado por anualidades				
	2026 (€)	2027 (€)	2028 (€)	TOTAL (€)
	29.400,00	29.400,00	29.400,00	88.200,00
	413.700,00	413.700,00	413.700,00	1.241.100,00
	101.165,40	101.165,40	101.165,40	303.496,20
	131.909,46	131.909,46	131.909,46	395.728,39
	608.086,50	Por determinar	Por determinar	608.086,50
	-	-	-	-
	91.666,67	91.666,67	91.666,67	275.000,00
	189.664,08	Por determinar	Por determinar	189.664,08
	13.750	34.375	89.375	137.500
	10.166.667,00	5.331.522,00	Por determinar	15.498.189
	-	-	-	-

Medidas priorizadas polo sector					
	Liñas de actuación	Orzamento previsto	Organismo	Ámbito	Ponderación (%)
NOVA GOBERNANZA	Comisión de seguimento sectorial	N/A	XERA	Sectorial	100%
	Fortalecemento do diálogo social	N/A	S.X. Emprego e Relacións Laborais S.X. Industria e Desenvolvemento Enerxético	Sectorial	-
	Grupos de traballo con organismos Xunta	N/A	XERA D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Sectorial	-
	Posta en marcha do mapa industrial de Galicia	65.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial AMTEGA	Industrial	5,5%
	Análises bianuais de impacto do plan director	10.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial XERA	Sectorial	100%
	Plan de Impulso e de aceleración de proxectos	700.000	S.X. Industria e Desenvolvemento Enerxético	Industrial	5,5%
	Discriminación positiva para a incorporación das mulleres na industria	N/A	XERA D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial e D.X. Promoción da Igualdade	Industrial	-
	Medidas extraordinarias en materia de seguridade industrial	400.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial	Industrial	5,5%
	Medidas desenvoltas en materia de seguridade e saúde laboral	N/A	ISSGA	Sectorial	-
	Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores	10.000	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial XERA	Sectorial	100%



Orzamento ponderado por anualidades				
	2026 (€)	2027 (€)	2028 (€)	TOTAL (€)
	-	-	-	-
	-	-	-	-
	-	-	-	-
	3.575,00	-	-	3.575,00
	-	10.000,00	-	10.000,00
	38.500,00	Por determinar	Por determinar	38.500,00
	-	-	-	-
	22.000,00	0,00	0,00	22.000,00
	-	-	-	-
	10.000,00	-	-	10.000,00

	2026	2027	2028	TOTAL
TOTAL MEDIDAS Á DISPOSICIÓN DO SECTOR	37.924.181,50€	Dotación xa confirmada: 20.369.296,68€ <i>(21 medidas por determinar orzamento 2027)</i>	Dotación xa confirmada: 2.095.769,78€ <i>(41 medidas por determinar orzamento 2028)</i>	Dotación xa confirmada: 60.389.247,96€

11.





Sistema de gobernanza: procedemento de seguimento e avaliación

- 11.1. Organigrama de fluxo: gobernanza plans directores
- 11.2. Dirección e liderado do plan
- 11.3. Xestión e coordinación
- 11.4. Participación de axentes económicos e sociais
- 11.5. Seguimento e avaliación
- 11.6. Cadro de mando e indicadores de seguimento



11.

Sistema de gobernanza: procedemento de seguimento e avaliación

O sistema de gobernanza asegura a correcta execución e seguimento do plan director, garantindo a coordinación entre as diferentes entidades responsables, así como a participación activa de axentes económicos e sociais. A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia desempeña un papel crucial na gobernanza do sector forestal-madeira, asegurando a promoción e dinamización da economía e da política industrial. A súa responsabilidade inclúe a coordinación de políticas económicas e industriais, o apoio á competitividade empresarial e o fomento do desenvolvemento tecnolóxico e sustentable.

A través da planificación, do financiamento e da xestión do solo industrial, así como da promoción de industrias específicas, a consellería garante un contorno favorable para o crecemento económico e a eficiencia operativa do sector. Ademais, xestiona asuntos relacionados coa propiedade industrial e coa metroloxía, impulsando un marco regulatorio adecuado para as actividades industriais e asegurando o cumprimento dos estándares de calidade e precisión nos procesos produtivos.

►► 11.1 Organigrama de fluxo: gobernanza plans directores

- **Dirección:**
Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
- **Liderado:**
Axencia Galega da Industria Forestal.
- **Xestión e coordinación:**
Grupos de traballo Xunta-industria, coordinados desde a Axencia Galega da Industria Forestal en colaboración coa Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.
- **Participación público-privada:**
Comisións sectoriais + mesa de diálogo social + participación cidadá a través do Portal de Transparencia.
- **Seguimento:**
Equipo técnico da Axencia Galega da Industria Forestal en colaboración coa Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial + departamentos da Xunta de Galicia en función das medidas das que son entidade responsable.
- **Aviación:**
Equipo técnico da Axencia Galega da Industria Forestal en colaboración coa Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.

►► 11.2 Dirección e liderado do plan

A Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético desempeña un papel fundamental na dirección, coordinación e impulso das actuacións de política industrial desenvolvidas desde a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (DXEISE). Esta secretaría encárgase de desenvolver o marco estratéxico, definir as directrices e obxectivos que guiarán as políticas industriais e asegurar a participación de todas as entidades responsables, coordinándoas para que traballen de maneira harmonizada. Ademais, proporciónalles os recursos necesarios e apoio técnico ás entidades para a execución correcta das medidas.

Por outra banda, a Axencia Galega da Industria Forestal é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Economía e Industria que ten como finalidade actuar como instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

-
-
- Durante o período de vixencia do plan, a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) liderará a súa
- implementación, coordinando o
- traballo que van realizar as distintas
- entidades implicadas e asegurando
- o seguimento e a avaliación de cada
- unha das medidas incluídas no plan.
-



►► 11.3 Xestión e coordinación

A xestión e coordinación do plan director leva-se a cabo a través dun grupo de traballo integrado polos representantes dos distintos departamentos da Xunta de Galicia con competencia na materia e será liderado pola XERA coa colaboración da DXEISE. Este grupo reunirse de forma ordinaria unha vez ao ano e de maneira extraordinaria cando sexa necesario, para avaliar a evolución do plan e coordinar as políticas públicas dos diferentes departamentos e entidades responsables.

A convocatoria deste grupo de traballo será formalizada pola Axencia Galega da Industria Forestal, quen se encargará de, polo menos cun mes de antelación, facer chegar o lugar, data e hora para levar a cabo a dita reunión. Esta convocatoria irá acompañada dunha orde do día cos temas que se van tratar e será enviada por vía electrónica ás persoas designadas.

Adicionalmente, cada departamento designará unha persoa de contacto que coordinará as accións específicas e asegurarán a comunicación fluída co equipo técnico da XERA-DXEISE, constituíndo, se fose preciso, subgrupos de traballo vinculados ao seguimento das diferentes prioridades sectoriais.

.....

-
-
-
-
-
-
-

Así mesmo, será presentado ante o Consello Galego de Economía e Competitividade.

Este proceso estrutúrase da seguinte maneira:

- XUNTA DE GALICIA · PLAN DIRECTOR DO SECTOR FORESTAL-MADEIRA 2026-2028 | 163

4) Avaliaranse os resultados das axudas públicas existentes. Esta información será obtida a través das persoas de contacto designadas por cada departamento responsable da implementación desas axudas e utilizarase para axustar e mellorar as políticas en curso.

5) O equipo técnico da XERA-DXEISE elaborará informes de seguimento periódicos. Estes informes incluírán tanto información cualitativa (proporcionada pola comisión sectorial) como cuantitativa (cadro de mando de indicadores de execución e demais estatísticas do mapa industrial). Os informes de seguimento serán presentados ao grupo de traballo Xunta-industria, e servirán de soporte técnico para analizar avances, identificar desafíos ou propoñer axustes estratéxicos.

▶▶ 11.6 Cadro de mando e indicadores de seguimento

Para ter unha ferramenta que permita un seguimento en tempo real da execución dos plans directores, contarase cun cadro de mando integral que permita visualizar os diferentes indicadores deseñados para o seguimento deste.

Entre os indicadores de seguimento, identifícanse tanto indicadores estratéxicos como indicadores de execución. A análise terá en conta a evolución de todos eles, tomando como punto de partida o dato de 2025 (ou o último dato dispoñible no momento de iniciar o seguimento).

É necesario facer fincapé en que os indicadores estratéxicos están enfocados a medir a evolución do sector industrial en Galicia desde un punto de vista global, tendo en conta todos os subsectores industriais da Comunidade, mentres que os indicadores de execución se refiren a cada medida en particular incluída neste plan.

Nas táboas que se presentan a continuación, enuméranse os diferentes indicadores que se terán en conta para construír o cadro de mando integral e a súa posterior análise.

Esta lista de indicadores irase ampliando ao longo da posta en marcha do plan, sempre que se dispoña de estatísticas oficiais que contén con datos recentes e relevantes para a análise da evolución do sector.



INDICADORES ESTRATÉXICOS				
	Evolución en función do dato de partida 2025			
	2025	2026	2027	2028
VAB industrial				
% VAB industrial				
Ocupación industrial				
% Ocupación industrial				
% Ocupación industrial feminina				
Produtividade (VAB industrial/ocupación industrial)				
Exportacións totais				
Exportacións industriais				
Salarios industriais				
Índice de produción industrial				
Índice de cifra de negocios na industria				

INDICADORES DE EXECUCIÓN

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Galicia Exporta Empresas	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións					
		RCRO2 Invetimentos privados que acompañan o apoio público					
Galicia Exporta OOI	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións					
		RCRO2 Invetimentos privados que acompañan o apoio público					
FOEXGA pemes	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións					
		RCRO2 Invetimentos privados que acompañan o apoio público					
Axudas á ansformación dixital das pemes	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (164)					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (164)					
		RCR13 Empresas que acadan unha alta intensidade dixital (131)					
Reactiva TEC	AMTEGA	303 empresas					
IA 360/IA 360 2026	IGAPE	200 empresas/150 empresas					
Valorización, 2ª transformación e ecoinnovación dos produtos forestais	XERA	PO0196 - Número de proxectos subvencionados					
Rede FORTRA	XERA	PO0185 – Número de operacións					
Industria Innova	IGAPE	40 empresas					

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Organización de actividades formativas non regradas e actividades de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira	XERA	P227.H- Participantes en accións de formación. Homes					
		P227.M- Participantes en accións de formación. Mulleres					
		PO0196 – Número de proxectos subvencionados					
Nexos	GAIN	Empresas apoiadas a través de subvencións (50)					
		Investimentos privados que acompañan o apoio público (9.018.903,84€)					
Proxectos I+D Empresarial	GAIN	Empresas apoiadas a través de subvencións (14)					
		Investimento privado que acompaña o apoio público (840.000€)					
Investimento para infraestruturas locais	IGAPE	RC001 empresas apoiadas (5)					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (5)					
		RCR02 Investimentos privados que acompañan o apoio público (2.500.000€)					
Realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos construtivos	XERA	PO0185- Número de operacións					
		DOC002- Número de empresas que reciben subvención					
Oficina de Economía Circular Industrial/ Rede de Economía Circular	D.X. Calidade Ambiental e Economía Circular	RCO107 (Meta 2029: 1.150.000€)					
		RCO34 (Meta 2029: 46.649 t/ano)					
		RCR103 (Meta 2029: 180.720 t/ano)					
Valorización de frondosas	XERA	POO020- Actuacións de estudo, difusión e promoción					

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Proxectos de aforro e eficiencia enerxética	INEGA	RC001 Empresas apoiadas (100)					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (100)					
		RCR26 Consumo anual primario de enerxía (do cal: vivendas, edificios públicos, empresas, outros) en MWh/ano. Valor estimado asociado ao indicador RCR26: - Consumo anual primario inicial: 1.300.000 MWh/ano - Consumo anual primario final: 1.225.000 MWh/ano					
		RCR29 Emisión de gases de efecto invernadoiro calculados en toneladas de CO2eq./ano. Valor estimado asociado á operación do indicador RCR29: - Emisións iniciais dos procesos apoiados: 336.700t/ano - Emisións finais dos procesos apoiados: 317.275 t/ano					
Unidades mixtas de investigación	GAIN	N.º de organismos de investigación beneficiarios (27)					
		Investimento mobilizado (euros): 11.176.250€					
Axudas para o fortalecemento e ampliación dos centros tecnolóxicos	GAIN	Investigadores/as que traballan en instalacións de investigación apoiadas (ETC anuais): 55					
		Investimentos privados que acompañan o apoio público: 1.534.601,05€					
Consolidación e estruturação de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados	GAIN	Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados. Homes (697)					
		Investigadoras/ano participando en proxectos cofinanciados. Mulleres (370)					
		Entidades beneficiadas: 9					
Vinnovate	GAIN	Empresas apoiadas a través de subvencións (8)					
		Investimentos privados que acompañan o apoio público (500.000€)					
Re-acciona	IGAPE	RC013 Valor de servizos, produtos e procesos dixitais desenvolvidos para as empresas (4.168.750€)					
		RCR12 Usuarios de novos produtos, servizos e aplicacións dixitais desenvolvidas por empresas (2.084)					

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
CIS Madeira	XERA	POO185 Número de operacións					
Ticket Innova	IGAPE	50 empresas					
Igape Innova/Igape Innova 2026	IGAPE	43 empresas/43 empresas					
Préstamos para investimentos	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (meta 36)					
Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación							
Préstamos para financiamento operativo							
Reaval crecemento	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (meta 1200)					
Reaval garantía							
Atracción de empresas	IGAPE	RC001 Empresas apoiadas (45)					
		RC002 Empresas apoiadas a través de subvencións (45)					
		RCR02 Investimento privado que acompaña o apoio público (79.333.333€)					
Bonos talento empresa	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227H Persoas participantes homes: 469					
		P227M Persoas participantes mulleres: 433					
Galicia suma talento: Plan Formación Empresas	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	PEG P227H Participantes en accións de formación homes: 1.846					
		P227M Participantes en accións de formación mulleres: 970					

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C e competencias clave (liña microformacións)	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227M Participantes en accións de formación. Mulleres: 741					
		P227H Participantes en accións de formación. Homes 512					
Plan FPGal 360	D.X. Formación Profesional	Nº de accións de orientación realizadas					
Acreditación de experiencia laboral		Nº de unidades de competencia acreditadas nos distintos sectores					
Rede galega de dinamización da relación con empresas na Formación Profesional	D.X. Formación Profesional	Oferta de ensinanzas de FP adaptadas ás demandas dos sectores produtivos/ Posta en marcha de novos proxectos de FP dual intensiva					
Plan Conecta FP Galicia							
Plataforma EMI Oficinas de Emprego	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	EECO18 Número de administracións públicas ou servizos públicos obxecto de apoio: 1					
		ER603 Resultado positivo para as institucións do mercado laboral: 1					
Estadías formativas en empresas ou organismos equiparados (profesorado FP)	D.X. Formación Profesional	Estadías formativas en empresas e proxectos de formación desenvolto					
Proxectos de formación do profesorado de FP e de ensinanzas de réxime especial e formación en alta especialización para o profesorado de FP							
Doutoramentos industriais	GAIN	N.º de doutorandos/as (60)					
		N.º de entidades beneficiarias (60)					



	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida			
			2025	2026	2027	2028	
Retorna Cualifica Emprego	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227H: Persoas participantes homes: 112					
		P227M: Persoas participantes mulleres: 120					
Arraigamento Sociolaboral	D.X. Formación e Cualificación para o Emprego	P227H: Persoas participantes homes: 76					
		P227M: Persoas participantes mulleres: 82					
Plan de Comunicación	XERA	PO0185- Número de operacións					
Programa Axudas para a igualdade, conciliación, RSE	S.X. Emprego e RRLL	SOEE17 N.º de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento					
		SC05 Persoas con emprego, incluídas persoas traballadoras por conta propia (distinguen homes/mulleres)					
Programa Galicia Emprega (incentivos á contratación)	S.X. Emprego e RRLL	SC06H Persoas menores de 30 anos de idade (homes)					
		SC06M Persoas menores de 30 anos de idade (mulleres)					
		SC16H Participantes con discapacidade. Homes					
		SC16M Participantes con discapacidade. Mulleres					
		SC01M Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Mulleres					
		SC01H Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Homes					
		DOC001 Número de empresas que reciben axudas					
		P1027H Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes					
		P1027M Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres					
Programa Investigo	S.X. Emprego e RRLL	SC01M Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Mulleres					
		SC01H Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Homes					
		DOC001 Número de empresas que reciben axudas					

	Unidade	Indicador	Dato de partida	Evolución con respecto ao dato de partida		
			2025	2026	2027	2028
Programa primeira experiencia	S.X. Emprego e RRLl	SC01M Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Mulleres				
		SC01H Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración. Homes				
		DOC001 Número de empresas que reciben axudas				
Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais	XERA	DOC002- Número de empresas que reciben subvención				
Posta en marcha do mapa industrial de Galicia	D.X. Estratexia Industrial e Solo Empresarial/ AMTEGA	DOE024 Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica				





12.





Conclusión

12.

Conclusión

Tal e como se ten exposto ao longo do plan, as medidas previstas nel tratarán de potenciar o sector forestal-madeira de Galicia nos vindeiros anos e, especialmente, no período 2026-2028.

A análise continua dos resultados das medidas, que se realizará conxuntamente co sector, permitirá a súa adaptación e, de ser o caso, redefinición, o que se plasmará nas futuras actualizacións e modificacións deste plan que se consideren necesarias. Este proceso permitirá que a Administración autonómica dea unha resposta áxil e eficiente ás necesidades deste sector, co obxectivo de contribuír a que afronte con éxito os retos actuais, e manteña a posición de liderado que hoxe en día ten dentro do escenario europeo.

ANEXO I





| Medidas

OE1

EIXE 1

Internacionalización

Información e
asistencia técnica

MEDIDA (CÓD. X1.1)

ANTENAS EMPRESARIAIS DO IGAPE

DESCRICIÓN

- As antenas empresariais do Igape encóntranse localizadas na China (Shanghai), México (Cidade de México), EE.UU. (Miami), Emiratos Árabes Unidos (Ras al-Khaimah), Marrocos (Casablanca) e Xapón (Tokio). Son a ferramenta que está á disposición das empresas para acceder a todo tipo de información, establecer contactos, buscar novos clientes, elaborar axendas..., é dicir, para acompañalas en todo o proceso de acceso e presenza en mercados internacionais. Así, foméntase tanto o impacto como os mercados destino das empresas galegas.
- **Beneficiarios:** empresas, organismos intermedios e institucións.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (CÓD. X1.2)

ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

(Código de procedemento IG414A)

DESCRIPCIÓN

- Formación de profesionais en internacionalización empresarial mediante prácticas en Galicia e/ou no estranxeiro, co propósito de mellorar a empregabilidade e ofrecerlles ás empresas galegas profesionais que lles axuden a incrementar a súa competitividade.

Con esta convocatoria pónense á disposición 50 prazas para a capacitación de profesionais en materia de internacionalización empresarial mediante formación práctica. As bolsas terán unha duración de 11 meses prorrogables para outros 11 meses.

Os bolseiros ou bolseiras estarán destinados a organismos de internacionalización en Galicia e en destinos que inclúen 25 países en oficinas propias do Igape ou oficinas comerciais do ICEX. Os países de destino serán os principais destinos das exportacións galegas e o bolseiro poderá servir de enlace específico do sector forestal-madeira en cuestións como a procura de oportunidades de negocios e cuestións técnicas e institucionais das exportacións do sector.

Poderá valorarse incluír a opción de que os sectores industriais estratéxicos demanden unha necesidade concreta de prospección nun novo mercado cliente e que, desde o Igape, puidese xestionarse o envío dun bolseiro/a para realizar esta actividade de estudo e análise das oportunidades de negocio, en caso de non ter presenza no país obxectivo.

- **Beneficiarios/as:** mocidade galega menor de 35 anos, titulada universitaria e con coñecementos de inglés.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



OE1

EIXE 1

Internacionalización

Promoción

MEDIDA (CÓD. X2.1)

GALICIA EXPORTA EMPRESAS – AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR

(Código de procedemento IG622A)

DESCRICIÓN

- Axudas en réxime de concorrencia non competitiva para realizar accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas que incidan na proxección e no posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais.

Dentro destas actuacións, fináncianse:

1. Accións de difusión no estranxeiro, que inclúen a compra de espazos publicitarios en distintos medios e o deseño e a elaboración de catálogos.
2. Accións de promoción internacionais, que inclúen a participación en feiras internacionais e outros eventos expositivos no estranxeiro en calidade de expositor, e visitas de empresas estranxeiras.
3. Accións de prospección en mercados internacionais.
4. Accións de operatividade da internacionalización, como xestión de contratos, certificacións, rexistro de patentes e similares. Inclúe gastos de asistencia xurídica, técnica e servizos para a tradución de documentación.
5. Accións de dixitalización para a internacionalización: Accións vinculadas á adopción e uso de tecnoloxías dixitais que faciliten o acceso e posicionamento dunha empresa en mercados internacionais.

- **Beneficiarios/as:** empresas e autónomos/as.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (CÓD. X2.2)

GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS

(Código de procedemento IG421A)

DESCRIPCIÓN

- Axudas en réxime de concorrencia non competitiva, focalizadas en incentivar a posta en marcha de plans de internacionalización que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais, mediante a realización de accións de promoción no exterior de modo conxunto favorecendo a cooperación empresarial e o aproveitamento de sinerxías entre varias empresas.

Dentro destas actuacións, fináncianse:

1. Accións de difusión no estranxeiro, que inclúen compra de espazos publicitarios en distintos medios e deseño de material promocional conxunto.
 2. Accións de promoción internacionais, que inclúen tanto a participación en feiras internacionais en calidade de expositor como misións comerciais a outros países e misións comerciais a Galicia de empresas estranxeiras.
 3. Accións de prospección en mercados internacionais.
 4. Accións de operatividade da internacionalización, como plataformas de bases de datos, plataformas de comercio dixital, xestión de contratos, patentes e similares.
- **Beneficiarios:** os organismos intermedios empresariais de Galicia:
 - Asociacións empresariais.
 - Consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica.
 - Clústeres empresariais.
 - Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (CÓD. X2.3)

AXUDAS FOEXGA (FOMENTO DAS EXPORTACIÓNS GALEGAS) - PEMES**DESCRICIÓN**

- Apoio á internacionalización das pemes galegas para propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados exteriores.

Neste marco fináncianse dous tipos de actuacións:

- Participacións en misións comerciais presenciais no estranxeiro, desenvolvendo unha axenda comercial.
- Participacións en feiras, eventos e congresos de carácter internacional para a promoción no estranxeiro da empresa.

As actuacións que engloban están dirixidas a aumentar a base de empresas exportadoras, fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais, conseguir unha maior diversificación tanto sectorial como xeográfica das exportacións, incorporando novos mercados e produtos aos procesos de internacionalización das empresas galegas, e difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade.

- **Beneficiarios:** microempresas, pequenas e medianas empresas (pemes) que teñan algún centro de traballo radicado en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Cámaras oficiais de comercio, industria e navegación galegas:

- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela.
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña.
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.
- Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Tui.

OE1

EIXE 1

Dixitalización

Dixitalización básica

MEDIDA (CÓD. D1.1)

AXUDAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS PEMES (Código de procedemento IG300C)

DESCRICIÓN

- Axudas destinadas á posta en marcha de proxectos de dixitalización cuxa finalidade sexa a implantación de solucións para o soporte dixital de procesos nunha empresa ou para proxectos de interconexión dixital de procesos entre unha empresa galega e outras empresas ou entre dúas ou máis empresas galegas, como poden ser ordes de fabricación distribuída, sistemas de facturación, ou procesos entre un líder industrial cara ás pemes que conforman a súa cadea de valor.
- **Beneficiarios:** pequenas e medianas empresas (pemes), incluídos empresarios/as autónomos, que teñan un centro de traballo en Galicia onde se vaia realizar o proxecto.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



MEDIDA (CÓD. D1.2)

PROGRAMA REACTIVA-TEC

DESCRICIÓN

- Segundo os últimos datos publicados no OSIMGA, **o 96% das empresas galegas son microempresas (de 0 a 9 traballadores)**. Ademais, moitas delas teñen dificultades para poder acceder a servizos de asesoramento especializado en innovación tecnolóxica, desde a súa perspectiva dixital, debido ao seu reducido tamaño e volume de facturación.

Facilitar o acceso a estes servizos modulares de asesoramento especializado a pemes que lles permitan adaptarse ao novo contexto económico está recollido dentro das funcións da Amtega, onde se ofrecen servizos específicos de ciberseguridade, dixitalización de procesos, captación, relación e fidelización da clientela mediante recursos tecnolóxicos dixitais ou implementación de prácticas Inner Source.

- O **Programa REACTIVA-TEC** é unha iniciativa que busca mellorar a competitividade das pemes galegas mediante a oferta de servizos especializados en innovación tecnolóxica dixital.

Este programa está cofinanciado pola Unión Europea e céntrase en cinco servizos desde unha perspectiva tecnolóxica, dixital e innovadora:

- Diagnóstico de grao de innovación tecnolóxica.
- Definición e implementación de estratexias de ciberseguridade.
- Dixitalización de procesos mediante *big data*.
- Implantación de solucións para a captación e fidelización de clientes.
- Uso de solucións baseadas en *software* libre.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA -
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Dixitalización básica

MEDIDA (CÓD. D1.3)

IA 360 – 2026

(Código de procedemento IG408M)

DESCRICIÓN

- A finalidade desta axuda é potenciar a innovación a través do desenvolvemento e a aplicación da intelixencia artificial no tecido industrial galego e a súa cadea de valor, vencellado aos sectores estratéxicos e de especial relevancia para a Xunta de Galicia.

Centrarase no tecido industrial galego e as súas cadeas de valor sempre que as empresas pertencen a algún dos sectores estratéxicos e de especial interese definidos pola Xunta de Galicia, así como aos sectores emerxentes de especial relevancia ou vencellados aos plans directores da Xunta de Galicia.

Estrutúrase en dúas liñas;

- **LIÑA A;** desenvolvemento de tecnoloxía baseada en IA para a mellora de procesos industriais e a comercialización de novos produtos ou servizos con foco nos sectores incentivos.
- **LIÑA B;** adquisición e implantación de solucións baseadas en intelixencia artificial para mellorar a produtividade empresarial.

Subvencionarase a adquisición de produtos comerciais, así como o custo necesario para a adaptación e implantación do produto na estrutura da empresa. Deberá acreditarse a relación directa entre o produto e a empresa, e cuantificarse a mellora esperada na produtividade empresarial.

- **Beneficiarios:** pemes e grandes empresas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (CÓD. D1.4)

AXUDAS DIRIXIDAS Á VALORIZACIÓN, SEGUNDA TRANSFORMACIÓN E ECOINNOVACIÓN DOS PRODUTOS FORESTAIS E Á DIXITALIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE E SAÚDE NA CONTORNA LABORAL DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA E DO *CONTRACT* (Código de procedemento IN500B)

DESCRICIÓN

- Estas axudas subvencionan proxectos de investimento vinculados á transformación da madeira e os seus derivados, resina, cortiza, así como doutros produtos de orixe forestal, exceptuando os alimentarios, e que teñan como obxectivo aumentar a súa produtividade, a diversificación ou a implantación de técnicas que permitan obter novos produtos ou solucións, produtos valorizados ou procesos que favorezan a minoración do impacto ambiental.

Tamén se subvencionan proxectos de investimento que teñen por obxectivo a dixitalización e a mellora da seguridade e saúde na contorna laboral das empresas da industria forestal e do *contract*. Está previsto que a liña 3 de dixitalización inclúa a posibilidade de subvencionar proxectos para a implantación da metodoloxía BIM nas empresas.

- **As entidades beneficiarias son:**

- Pemes (incluídas as persoas autónomas) da industria forestal e do *contract* radicadas en Galicia que utilicen a madeira e os seus derivados, a resina, a cortiza ou outros produtos de orixe forestal (exceptuando os produtos alimentarios) como materia prima para elaborar os seus produtos.
- Para a liña 3 "Dixitalización", tamén poderán ser beneficiarias as asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, con base asociativa e relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira. Exclusivamente para o caso de investimentos vinculados á dixitalización, tamén poden ser beneficiarias as pemes (incluídas as persoas autónomas) que presten servizos de transporte de mercadorías por estrada que desenvolvan actividade en Galicia.
- Para a liña 6 "Ecoinnovación", tamén poderán ser beneficiarias as pemes (incluídas as persoas autónomas) radicadas en Galicia que implementen ou desenvolvan solucións ecoinnovadoras baseadas en madeira.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Axencia Galega da Industria Forestal



Dixitalización básica

MEDIDA (CÓD. D1.5)

OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARIOS DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA

(Código de procedemento IG300H)

DESCRICIÓN

- Apoio para fomentar o encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de implantación de ferramentas colaborativas sectoriais nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade ou a loxística avanzada, susceptibles de optar ás axudas establecidas noutras convocatorias do Igape ou doutras administracións galegas ou estatais, ou ben oportunidades de hibridación intersectorial. As temáticas propostas en cada obradoiro responden a un ou varios destes eidos:
 - dixitalización empresarial e transformación dixital
 - innovación empresarial
 - sustentabilidade en calquera das súas vertentes
 - loxística avanzada e sustentable
- **Beneficiarios:** os organismos intermedios de carácter empresarial de Galicia. Para estes efectos, entenderanse:
 - Entidades con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, que pertencen a unha das seguintes categorías:
 - Asociacións empresariais.
 - Fundacións empresariais ou universidade-empresa.
 - Clústeres empresariais ou *hubs* de innovación dixital ao abeiro da Estratexia galega de HID.
 - Os centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Dixitalización avanzada

OE1

EIXE 1

Dixitalización

Dixitalización
avanzada

MEDIDA (CÓD. D2.1)

REDE FORTRA

DESCRICIÓN

- FORTRA é unha ferramenta dixital impulsada pola Xunta de Galicia que se pon á disposición das empresas forestais e dos consumidores co obxectivo de dar **trazabilidade aos produtos baseados en madeira con tecnoloxía *blockchain***, rexistrando as operacións realizadas por todas as empresas que forman parte do proceso de transformación, desde o bosque ata o que chega ao mercado.
- Co proxecto FORTRA, a Xunta pretende potenciar o uso de produtos de proximidade (producidos e transformados en Galicia), así como compras responsables (produtos de baixa ou nula pegada de carbono) e respectuosas co medio ambiente (orixe legal, obrigação de repoboar tras a corta ou certificación forestal).
- A ferramenta pode ser empregada por calquera empresa que fabrique ou transforme produtos de madeira. Para comezar a usala, tan só é necesario descargar e instalar unha sinxela aplicación para Windows que serve para enviar os datos de trazabilidade de cada lote e as súas operacións. Tamén é compatible cos sistemas operativos macOS e Linux.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Axencia Galega da Industria Forestal

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA -
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)



Dixitalización avanzada

MEDIDA (CÓD. D2.3)

INDUSTRIA INNOVA

(Código de procedemento IG530B)

DESCRIPCIÓN

- Axudas dirixidas ao desenvolvemento da innovación das empresas galegas, orientadas a mellorar a súa capacidade mediante o impulso de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e a innovación de procesos e organización.
- **Beneficiarios:** empresas industriais ou de servizos con centro de traballo en Galicia, que poidan liderar proxectos empresariais de I+D+i de carácter estratéxico e organismos de investigación e difusión con centro de traballo en Galicia.

Poden ser proxectos individuais ou colaborativos dirixidos a:

- Pemes e grandes empresas galegas ou cun centro de traballo en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Dixitalización avanzada

MEDIDA (CÓD. D2.5)

**AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS
NON REGRADAS E ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN QUE IMPULSEN
O COÑECEMENTO E A COMPETITIVIDADE DA INDUSTRIA
FORESTAL-MADEIRA DE GALICIA**
(Código de procedemento IN501A)

DESCRICIÓN

- Estas axudas van dirixidas a mellorar e reforzar as habilidades profesionais para incrementar a competitividade e o coñecemento en todas as fases da cadea de valor, así como a colaborar coa finalidade das asociacións do sector. O obxectivo estratéxico é contribuír a unha concienciación colectiva baseada na percepción da industria forestal-madeira como unha industria estratéxica, innovadora, moderna e peza esencial na transición cara ao novo modelo de economía circular, favorecendo a participación dos axentes clave na divulgación da utilidade da madeira e os seus produtos derivados.
- **As entidades beneficiarias son:**
 - Asociacións, organizacións, fundacións de interese galego e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e sexan representativas da cadea de valor da industria forestal-madeira.
 - Agrupacións empresariais innovadoras (AEI) representativas da cadea de valor da industria forestal-madeira.
 - Colexios profesionais vinculados ás titulacións de Enxeñaría de Montes e/ou Enxeñaría Técnica Forestal e outros colexios profesionais cando as actividades subvencionables se correspondan coa promoción e o desenvolvemento de competencias en materia de construción en madeira.
 - Centros universitarios, cando as actividades subvencionables se correspondan coa promoción e o desenvolvemento de competencias profesionais en materia de construción en madeira.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Axencia Galega da Industria Forestal



Dixitalización avanzada

MEDIDA (CÓD. D2.6)

PROGRAMA NEXOS

(Código de procedemento IN852A)

DESCRICIÓN

- Axudas para impulsar a transferencia de tecnoloxía e a adopción de solucións innovadoras para cubrir ámbitos de carácter estratéxico para os distintos sectores, a través de proxectos colaborativos de I+D+i desenvolvidos por consorcios de empresas que agrupen pemes e nos cales pode participar unha grande empresa.
- O obxecto é fomentar a cooperación entre pemes e demais axentes do sistema rexional de innovación, primando a selección dos proxectos máis novidosos e, en especial, a súa orientación ao mercado.
- **Beneficiarios:** agrupacións de empresas formadas como mínimo por tres empresas non vinculadas entre si e como máximo por seis.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

MEDIDA (CÓD. D2.7)

PROXECTOS DE I+D EMPRESARIAL

DESCRICIÓN

- Axudas para impulsar a xeración de solucións innovadoras para cubrir as necesidades estratéxicas dos distintos sectores a través de proxectos de I+D desenvolvidos por empresas a través de proxectos individuais.
- Ten como obxectivo impulsar proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental con alto potencial de aplicación industrial, liderados por empresas individuais e orientados ao reforzo de capacidades tecnolóxicas estratéxicas, principalmente ao desenvolvemento de tecnoloxías STEP.
- Aínda que a prioridade desta convocatoria son proxectos centrados no desenvolvemento de tecnoloxía STEP, poden admitirse proxectos non plenamente STEP.
- **Beneficiarios:** empresas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

Dixitalización avanzada

MEDIDA (CÓD. D2.8)

INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (INFRAESTRUTURAS ABERTAS E COLABORATIVAS) (Código de procedemento IG408D)


DESCRICIÓN

- O obxecto das axudas é subvencionar os proxectos de creación de infraestruturas en Galicia que contribúan a nivel local a mellorar o contorno das empresas e das persoas consumidoras e a modernizar e desenvolver a base industrial.
- Non serán subvencionables os proxectos de desenvolvemento de infraestruturas de investigación, de agrupacións empresariais innovadoras, sistemas urbanos de calefacción e refrixeración enerxeticamente eficientes, infraestruturas de enerxía, reciclaxe e reutilización de residuos, infraestruturas de banda larga, cultura e conservación do patrimonio, infraestruturas deportivas e recreativas multifuncionais, aeroportos e portos.
- **Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as sociedades mercantís con centro de actividade en Galicia, coa forma xurídica de sociedade limitada ou sociedade anónima que cumpran a definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Dixitalización avanzada

MEDIDA (CÓD. D2.9)

**FÁBRICA EUROPEA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL
NO ÁMBITO DE ONE HEALTH****DESCRIPCIÓN**

- A Xunta de Galicia albergará a nova fábrica europea de intelixencia artificial (IA) para *One Health* (saúde animal, humana e medioambiental), localizada no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga).
- Estas fábricas foron ideadas pola Comisión Europea para impulsar o uso desta tecnoloxía e defínense como espazos onde se deseñan, proban e implementan solucións de intelixencia artificial. Para isto, contan con infraestruturas avanzadas, acceso áxil a conxuntos de datos masivos e diversos, ferramentas específicas e capital humano especializado.
- A fábrica de IA do ámbito de *One Health*, baixo o nome *1HealthAI*, dotarase dun novo supercomputador específico para intelixencia artificial e unha plataforma optimizada para IA experimental onde se prestarán **servizos de apoio integral a empresas e centros de investigación de forma gratuíta**.
- A repercusión terá lugar en toda a cadea de valor, promovendo desde Galicia a cooperación con outras fábricas de IA europeas que traballen en sectores relacionados ou complementarios. Especializarase en retos que se presentan baixo o enfoque de *One Health*, que inclúe a saúde das persoas, dos animais e dos ecosistemas, tendo como principais campos de actuación a medicina personalizada, o envellecemento saudable, a xestión dos recursos mariños, a biotecnoloxía azul, a agricultura, a gandería, o sector forestal, os alimentos funcionais, os nutracéuticos, o desenvolvemento farmacéutico e de vacinas, a biotecnoloxía ambiental, a economía circular e a bioenerxía.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
CESGA

OUTROS ORGANISMOS INVOLUCRADOS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS (CSIC)

UNIVERSIDADES GALEGAS E CENTROS DE INVESTIGACIÓN ASOCIADOS

CENTROS DE INVESTIGACIÓN DA REDE CIGUS

HUB EUROPEO DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE

CENTRO TECNOLÓXICO GRADIANT

OE1

EIXE 1

Sustentabilidade

Xeración de valor

MEDIDA (CÓD. S1.1)

AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS E OBRAS QUE EMPREGUEN PRODUTOS DE MADEIRA COMO ELEMENTOS CONSTRUTIVOS

(Códigos de procedemento MR502B, MR502D, MR502F e MR502G)

DESCRICIÓN

- As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto contribuír a fomentar o uso da madeira como elemento estrutural mediante unha serie de liñas de apoio:
 - Liña 1.1: axudas á redacción de proxectos de construción nova, rehabilitación ou reforma de vivendas en altura, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.
 - Liña 1.2: axudas á redacción de proxectos de construción nova, rehabilitación ou reforma de vivendas unifamiliares que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.
 - Liña 2.1: axudas á utilización de proxectos de construción nova, rehabilitación ou reforma de vivendas en altura, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.
 - Liña 2.2: axudas á utilización de produtos de madeira en obra nova, rehabilitación ou reforma de vivendas unifamiliares que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.
- **As entidades beneficiarias son:**
 - Liñas 1.1 e 2.1: as comunidades de montes veciñais en man común e as pemes, incluídas persoas autónomas, que contén con domicilio social ou cun centro de traballo radicado en Galicia, e as cooperativas, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan a súa actividade en Galicia.
 - Liñas 1.2 e 2.2: as persoas físicas, sexa de xeito individual ou unha pluralidade delas, que residan en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Axencia Galega da Industria Forestal

Xeración de valor

MEDIDA (CÓD. S1.2)

CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA FOMENTAR O EMPREGO DA MADEIRA NA CONSTRUCCIÓN PÚBLICA

DESCRIPCIÓN

- Convenios de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal e os departamentos promotores de construcións públicas para promover o uso de materiais sustentables.
- Estes acordos colaborativos buscan incorporar sistemas construtivos que empreguen materiais de orixe biolóxica e reciclables, como a madeira, nas obras públicas de ampliación, rehabilitación, reforma e nova creación, co fin de reducir a pegada de carbono na edificación pública.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Axencia Galega da Industria Forestal

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS –
Instituto Galego de Vivenda e Solo
Axencia Galega de Infraestruturas

CONSELLERÍA DE SANIDADE –
Servizo Galego de Saúde (Sergas)

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE –
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Xeración de valor

MEDIDA (CÓD. S1.3)

OFICINA DE ECONOMÍA CIRCULAR INDUSTRIAL (OECI)

DESCRICIÓN

A Oficina de Economía Circular Industrial (OECI) está enmarcada na execución do Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga), que está a brindar asesoramento directo ás empresas galegas e, a maiores, desenvolve un traballo de detección das necesidades que teñen para mover modelos de negocio sostíbles. Trátase de axudar a un cambio cultural e produtivo no sector coa intención de situar Galicia como referente da transición verde.

Servizos das oficinas de economía circular:

- Asesoramento personalizado
- Formación especializada
- Proxectos colaborativos
- Acceso a financiamento

Así mesmo, encárgase de detectar as necesidades e oportunidades estratéxicas do sector industrial galego para preparar o Inventariado Galego de Accións Circulares.

Para poder levar adiante este proceso de detección, constituíronse tres grupos de traballo:

- Grupo de traballo de **simbiose industrial**: identifica oportunidades de colaboración entre sectores e inclúe o Programa de Mentoring en Circularidade Industrial.
- Grupo sobre as capacidades reais de **tratamento de residuos industriais**.
- Grupo intersectorial para a creación da **Bolsa de subprodutos de Galicia**, orientado a fomentar o uso de materias primas recicladas na produción de novos bens.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO -
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade



MEDIDA (CÓD. S1.4)

REDE GALEGA DE ECONOMÍA CIRCULAR

DESCRIPCIÓN

A Rede Galega de Economía Circular é unha iniciativa estratéxica para acelerar a transición de Galicia cara a un modelo económico circular, promovendo o uso eficiente de recursos, a valorización de materiais e modelos produtivos sostibles.

Actúa como plataforma transversal de colaboración e gobernanza, facilitando a coordinación entre administracións, empresas, centros de coñecemento e sociedade civil, e impulsando proxectos e sinerxías que favorezan un desenvolvemento competitivo e baixo en carbono.

Enmárcase na Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030 e contribúe ao cumprimento dos obxectivos europeos en materia de transición ecolóxica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO -
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade



Xeración de valor

MEDIDA (CÓD. S1.5)


VALORIZACIÓN DE FRONDOSAS

DESCRICIÓN

- A valorización sustentable das masas de frondosas de Galicia recolle once accións orientadas cara ao aproveitamento de masas de pequeno porte e baixa calidade, de forma que, a través de operacións silvícolas, estas se convertan en masas con madeira de alta calidade.
- Utilizaranse diferentes tecnoloxías e técnicas que permitan facer viables as primeiras operacións silvícolas, co fin de avaliar a súa posible implantación en Galicia. A realización desta actividade silvícola é imprescindible para conseguir nun futuro madeira de frondosas autóctonas de alta calidade, que poida ser empregada pola industria de segunda transformación da madeira en produtos de alto valor. Ademais, estudaranse diferentes vías para a valorización dos produtos obtidos, de pequeno tamaño e pouca calidade, tanto mediante procesos de transformación convencionais como a través de novas tecnoloxías.
- Os resultados obtidos no proxecto servirán de base para elabora un Plan de valorización sustentable da madeira das masas de frondosas caducifolias que permita apoiar o desenvolvemento dunha industria baseada no aproveitamento deste recurso autóctono.
- **Beneficiarios:** microempresas, pemes do sector forestal radicadas en Galicia en relación cos investimentos realizados en zonas rurais.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Axencia Galega da Industria Forestal



OE1

EIXE 1

Sustentabilidade

Eficiencia enerxética

MEDIDA (CÓD. S2.1)

PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS

(Código de procedemento IN421G)

DESCRIPCIÓN

- Impulso ao despregamento de instalacións con enerxías renovables térmicas, que contribúan á transición enerxética, á redución da pegada de carbono e ao fomento do uso de fontes de enerxía renovables nas empresas.
- Estes proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible e outras instalacións de enerxías renovables que empreguen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica.
- **Beneficiarios:** empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais de Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

Eficiencia enerxética

MEDIDA (CÓD. S2.2)

SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS

(Código de procedemento IN417Y)

DESCRICIÓN

- Impulso á realización de medidas de aforro e eficiencia enerxética que permitan mellorar o desempeño enerxético das empresas galegas, así como as emisións de gases de efecto invernadoiro. Os proxectos apoiados conseguirán un aforro demostrado de enerxía total e enerxía primaria, e inclúense diferentes tipoloxías de actuacións.
- **Beneficiarios:** empresas e persoas autónomas con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, ou empresas de servizos enerxéticos que xestionen instalacións consumidoras mediante un contrato de servizos enerxéticos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

MEDIDA (CÓD. S2.3)

PROXECTOS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA

(Código de procedemento IN421S)

DESCRICIÓN

- Apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos.
- **Beneficiarios:**
 - Entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.
 - Entidades sen ánimo de lucro.
 - Empresas legalmente constituídas e autónomas; incluídas as empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos de servizos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

MEDIDA (CÓD. S2.4)

ESTRATEGIA GALEGA DE IMPULSO DA BIOMASA**DESCRICIÓN**

- De xeito complementario ás medidas de impulso do sector forestal, considérase estratéxico promover o uso sustentable da biomasa como fonte de enerxía en Galicia. Esta iniciativa busca mellorar a xestión forestal activa, fomentar a implantación de enerxías renovables e reforzar a conexión da sociedade cos recursos do monte galego. A acción estará coordinada coa Axenda Enerxética de Galicia 2030 que conta co respaldo de fondos públicos xestionados polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega).
- En consonancia co establecido pola Lei de Montes de Galicia, o aproveitamento da biomasa forestal desenvolverase baixo criterios estritos de sustentabilidade. A regulación deste aproveitamento procurará garantir a conservación da biodiversidade, a estabilidade dos solos e o mantemento dos ciclos ecolóxicos naturais. Así mesmo, procurarase a valorización integral dos montes nos seus diferentes usos e aproveitamentos, asegurando a compatibilidade coas actividades tradicionais da industria forestal-madeira e coordinado co Programa estratéxico de aproveitamento da biomasa forestal (liña de acción 1.2.2) do Plan Forestal de Galicia.
- Entre as accións previstas inclúense a creación de programas de compra verde local que favorezan o consumo de biomasa de proximidade. Impulsaranse, ademais, redes de calor locais e comunidades bioenerxéticas ao servizo de infraestruturas públicas e privadas. A biomasa local será obxecto de procesos de valorización mediante a implantación de selos de calidade, que certifiquen a súa orixe e impacto ambiental positivo.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Axencia Galega da Industria Forestal
Clúster da Biomasa

Eficiencia enerxética

MEDIDA (CÓD. S2.5)

**AXUDAS Á IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS PARA O AVANCE
NO CUMPRIMENTO DE CRITERIOS AMBIENTAIS, SOCIAIS
E DE GOBERNANZA (ASG) NAS PEMES GALEGAS**
(Código de procedemento IG300F)

DESCRICIÓN

- Estas axudas van destinadas á posta en marcha de proxectos individuais nos cales unha empresa aborda medidas de impacto nos factores ASG (ambientais, sociais e de gobernanza), especificamente deseñadas ou desenvolvidas para o seu ámbito de actividade, cuxa finalidade sexa o desenvolvemento e a implantación de solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas, compoñentes, semielaborados e produtos finais, para acadar reducións e aforros na utilización de recursos naturais, auga e enerxía, e diminucións na xeración de subprodutos ou refugалlos, coa tendencia de converter os refugалlos en recursos de uso noutros procesos produtivos, e tamén as actuacións dirixidas a desenvolver a responsabilidade social empresarial e avanzar nos mellores modelos de gobernanza nas organizacións.
- **Beneficiarios:** as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos os autónomos e autónomas, que teñan un centro de traballo en Galicia no cal se vaia realizar o proxecto.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Punto de acollida centralizado

OE1

EIXE 2

Competitividade
e innovación

Punto de acollida
centralizado

MEDIDA (CÓD. C1.1)

OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA

DESCRIPCIÓN

- Punto de acollida centralizado e singular da Xunta de Galicia para facilitar e axilizar a implantación, posta en marcha e desenvolvemento das iniciativas empresariais, mediante a prestación de servizos de información, atención, asesoramento, acompañamento e soporte individualizado, personalizado e especializado. A Oficina Económica de Galicia atende empresas, persoas autónomas e emprendedoras.
- Responsable da atracción de investimentos a Galicia, a través da procura de proxectos e acompañamento ás empresas foráneas que estean explorando a súa implementación na Comunidade.
- Permite recibir consultas sobre trámites e xestións relacionadas co ámbito empresarial e/ou profesional en diferentes áreas:
 - Desenvolvemento dunha iniciativa emprendedora
 - Acceso a financiamento e apoios para investir, medrar ou ser máis competitivos
 - Desenvolvemento de proxectos de innovación
 - Inicio ou avance no proceso de internacionalización
 - Impulso da transformación dixital
 - Potenciación do talento e a formación
 - Avance en modelos de eficiencia enerxética, sustentabilidade e economía circular
 - Implantación dunha empresa de fóra en Galicia
 - Resolución de incidencias e simplificación de trámites
 - Calquera outra consulta relacionada co ámbito empresarial ou profesional
- Dentro da súa vocación de servizo e ampliación e/ou mellora funcional, habilitouse unha rede de asesoramento especializado, nas seguintes temáticas:
 - Competitividade, onde se pode obter soporte e primeiras medidas de actuación nos ámbitos financeiro, xestión de persoas, operacións, creación de *startups* ou xestión circular e sostible.
 - Enerxía
 - Innovación
 - Industria, que inclúe asesoramento específico para seguridade, defensa e aeroespacial.

- A Oficina Económica de Galicia conta con máis de 100 persoas expertas/colaboradoras con ampla experiencia nos ámbitos obxecto de asesoramento. Contestación nun prazo de 24 horas e asignación dun interlocutor único para cada consulta.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS INTERNAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
CONSELLERÍA DE SANIDADE
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
CONSELLERÍA DO MAR

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS EXTERNAS

Concellos emprendedores
Cámaras de comercio
Colexios profesionais
Clústeres
Organizacións empresariais (tamén as galegas no exterior)
Autoridades portuarias
Centros tecnolóxicos
Outras entidades representativas do eido sectorial e/ou vinculadas á promoción de proxectos

Fomento de capacidades de organismos de investigación e agrupacións empresariais innovadoras

OE1

EIXE 2

Competitividade e innovación

Fomento de capacidades de organismos de investigación e agrupacións empresariais innovadoras

MEDIDA (CÓD. C2.1)

AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS (CLÚSTERES) INNOVADORAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

(Código de procedemento IG410A)

DESCRICIÓN

- Apoiar proxectos compostos por plans de actuación que dean mellor sustento á competitividade sustentable, á innovación e á cooperación empresarial en distintos ámbitos da actividade en Galicia mediante a concesión de axudas ás entidades xurídicas xestoras de agrupacións empresariais (clúster) innovadoras galegas para a realización de actividades neses campos.
- **Beneficiarios:** as axudas previstas nestas bases destínanse ás agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras, que se conciben como combinación no espazo xeográfico galego de empresas e centros tecnolóxicos, de investigación ou formación, públicos ou privados involucrados nun proceso colaborativo destinado a ter beneficios derivados da cooperación e cuxa actividade se organiza arredor dunha cadea de valor ou sector tecnolóxico ou a un mercado ou segmento obxectivo.

Os clústeres beneficiarios deberán contribuír ás necesidades públicas do seguinte xeito:

Actividades vinculadas ao desenvolvemento do plan director e á súa elaboración e/ou seguimento en colaboración coa Administración competente.

- Actualización periódica da análise DAFO da situación.
- Achega de datos socioeconómicos relevantes susceptibles de ser integrados periodicamente no mapa industrial de Galicia.
- Mapeamento actualizado da cadea de valor e mapa de capacidades sectoriais.
- Vixilancia e detección de novas cadeas de valor, nichos de mercado e oportunidades de negocio.
- Calquera outro estudo/información relevante que sexa consensuado polas partes en función do desenvolvemento dos plans directores e da evolución do propio sector industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (CÓD. C2.2)

PROGRAMA DE UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN (Códigos de procedemento IN853A, IN853B e IN853C)

DESCRICIÓN

- Este programa pretende unir o coñecemento e as capacidades dos organismos de investigación galegos coas demandas de innovación do tecido empresarial mediante a constitución de grupos mixtos de traballo para a realización conxunta e coordinada de proxectos de I+D+i con alto potencial de impacto.
- Hai 3 modalidades de axuda:
 - **Modalidade A:** axudas para a creación e posta en marcha de novas unidades mixtas de investigación.
 - **Modalidade B:** axudas para a consolidación de unidades mixtas de investigación.
 - **Modalidade C:** axudas para centros mixtos de investigación.
- **Beneficiarios:** agrupacións entre un organismo de investigación de Galicia e unha ou varias empresas, nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que formen parte dunha unidade mixta de investigación para o desenvolvemento de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i.

Consideraranse organismos de investigación:

- Os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia.
- As universidades do Sistema Universitario Galego.
- Os centros en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas.
- As fundacións de investigación sanitaria de Galicia.
- Outros organismos de investigación de Galicia que teñan definida nos seus estatutos a I+D como actividade principal.

Os pagamentos da axuda da Axencia Galega de Innovación efectuaranse aos organismos de investigación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

Fomento de capacidades de organismos de investigación e agrupacións empresariais innovadoras

MEDIDA (CÓD. C2.3)

AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO E A AMPLIACIÓN DAS CAPACIDADES DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS MEDIANTE O APOIO Á CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO E EXPERIMENTACIÓN


(Código de procedemento IN607E)

DESCRIPCIÓN

- Axudas en réxime de concorrencia competitiva para o fortalecemento dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio a investimentos para a creación e mellora de infraestruturas de investigación e apoio á experimentación.
- Esta mellora das súas capacidades estará orientada a facilitar o seu crecemento, potenciando a súa excelencia no eido internacional, e a reforzar as súas actividades de transferencia cara ao tecido produtivo, especialmente no caso das pemes.
- **Beneficiarios:** centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica en Galicia validamente inscritos no Rexistro Estatal de Centros.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)



Fomento de capacidades de organismos de investigación e agrupacións empresariais innovadoras

MEDIDA (CÓD. C2.4)

IGNICIA PROBA DE CONCEPTO

(Código de procedemento IN855A)

DESCRICIÓN

- A convocatoria promove o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galego, a través da consecución de licenzas de comercialización ou a creación de *spin-offs*. O esixente proceso de avaliación e o intensivo apoio durante a execución teñen como obxectivo garantir o seu impacto na sociedade.
- As entidades beneficiarias reciben un financiamento do 100% dos custos en forma de achega patrimonial onerosa. Ademais, recibirán asesoramento experto para definir o plan de desenvolvemento e comercialización e garantir a chegada ao mercado, así como unha auditoría legal para determinar a viabilidade de explotación. Tamén acceden a formación e acompañamento para a procura de socios empresariais, investidores e clientes potenciais.
- **Beneficiarios:** os organismos de investigación e difusión públicos ou privados sen ánimo de lucro con centro de traballo en Galicia, onde se inclúen: as universidades do SUG, os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica, os centros en Galicia do CSIC, as fundacións de investigación sanitaria, e outros organismos de investigación que teñan definida a I+D como actividade principal nos seus estatutos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)



Fomento de capacidades de organismos de investigación e agrupacións empresariais innovadoras

MEDIDA (CÓD. C2.5)

CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS NOS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS DE GALICIA (Código de procedemento IN845A)

DESCRIPCIÓN

- Subvencións da Axencia Galega de Innovación dirixidas aos centros tecnolóxicos consolidados para financiar gastos estruturais e de funcionamento coa finalidade de incentivar a transferencia de resultados da investigación, do coñecemento e das capacidades tecnolóxicas dos centros ao mercado.
- **Beneficiarios:** centros de innovación e tecnoloxía da Comunidade Autónoma que teñan a consideración de consolidados, é dicir, os que figuran inscritos no rexistro regulado no Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)



Proxectos de innovación colaborativa

OE1

EIXE 2

Competitividade e
innovación

Proxectos de
innovación
colaborativa

MEDIDA (CÓD. C3.3)

VINNOVATE GALICIA

(Código de procedemento IN848G)

DESCRICIÓN

- A Axencia Galega de Innovación forma parte da rede europea Vanguard Initiative, composta por 33 rexións e que ten por obxectivo común estimular a I+D relacionada coas cadeas de valor de maior interese para estas rexións aliñadas coas súas respectivas RIS3.
- Para desenvolver este obxectivo, a Vanguard Initiative puxo en marcha en 2024 un mecanismo de financiamento interrexional Vinnovate, instrumento conxunto que facilita a creación de consorcios entre os axentes dos ecosistemas das rexións europeas participantes para impulsar proxectos estratégicos interrexionais.
- O obxectivo é potenciar unha maior colaboración e presenza europea e internacional dos axentes do ecosistema galego de I+D+i, promovendo a realización de proxectos colaborativos interrexionais de I+D.
- A modalidade dos proxectos é en cooperación, tendo que ser un dos socios unha peme.
- **Beneficiarios:** organismos de investigación e empresas (grandes, medianas e pequenas).

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

Proxectos de innovación colaborativa

MEDIDA (CÓD. C3.4)

CONVENIO PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO DE DATOS INDUSTRIAL DE GALICIA E DESENVOLVEMENTO DE CASOS DE USO

DESCRICIÓN

- Programa de espazo de datos que se configura como unha experiencia piloto de contornos colaborativos onde diferentes organizacións e sectores poden compartir, intercambiar e utilizar datos de xeito seguro, interoperable e con control sobre a súa privacidade.
- Os espazos de datos son áreas dixitais altamente avanzadas deseñadas para facilitar a empresas, institucións ou entidades o acceso a grandes volumes de datos e ao intercambio de información baixo estritos principios de seguridade, privacidade e control.
- Trátase de facilitar a creación de novos servizos, produtos e procesos baseados en datos, e que resultarán claves para potenciar e fortalecer o desenvolvemento da intelixencia artificial no noso territorio.
- O proxecto finalizará en 2026 e executarase en dúas fases: a fase de desenvolvemento e a fase de validación. Na primeira, a iniciativa centrará os seus esforzos na posta en marcha de solucións tecnolóxicas para sectores clave da economía galega como a automoción, o naval, o sector loxístico e o aeroespacial. Na segunda fase, desenvolveranse casos de uso prácticos nos sectores seleccionados, como sistemas predictivos de demanda para o naval, aforro enerxético na automoción, planificación con drons para mellorar a última milla na loxística costeira, ou rutas intelixentes no transporte marítimo e terrestre.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)
Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (Dihgigal)



Servizos de mellora competitiva

OE1

EIXE 2

Competitividade e innovación

Servizos de mellora competitiva

MEDIDA (CÓD. C4.1)

RE-ACCIONA

(Código de procedemento IG402A)

DESCRICIÓN

- Programa que, a través dunhas empresas seleccionadas, presta unha serie de servizos vinculados coa análise e avaliación, optimización e mellora competitiva, e estratexias de competitividade avanzada.
- O programa Re-acciona ten un carácter flexible e permite readaptar os seus contidos segundo as demandas dos distintos sectores produtivos, polo que terá en conta as recomendacións transmitidas desde o tecido industrial galego.
- Actualmente está a desenvolver servizos nas seguintes áreas:
 - Análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora
 - Desenvolvemento estratéxico integral da empresa
 - Análise do cumprimento normativo e os riscos legais (*compliance*)
 - Captación, fidelización e xestión de talento
 - Desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG
 - Mellora da xestión financeira e busca de financiamento
 - Circularización e optimización dos procesos de produción e cadea loxística
 - Asesoramento para o relanzamento comercial
 - Preparación de procesos certificables
 - Apoio para empresas emerxentes innovadoras
 - Deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores
 - Protección da innovación
 - Asesoramento para o financiamento da innovación

Está previsto iniciar un servizo para asesoría en internacionalización, así como a reconfiguración e extensión, se é o caso, dos servizos actualmente definidos.

- **Beneficiarios:** pemes.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVICIOS (ENTIDADES COLABORADORAS) SELECCIONADAS MEDIANTE PROCEDIMIENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

MEDIDA (CÓD. C4.2)

SERVIZOS PEME EUROPA

DESCRIPCIÓN

- Apoio ás pemes para facilitar o seu posicionamento e participación en proxectos de I+D+i da UE.
- PEME Europa ofrece unha serie de servizos ás pemes:
 - Diagnose da empresas para coñecer a súa capacidade de participar en programas de I+D+i europeos
 - Deseño de itinerarios personalizados para participar en proxectos de Horizonte Europa:
 - identificación de oportunidades e xeración de ideas
 - estruturación de proxectos
 - establecemento de redes e colaboracións (*networking*)
 - asesoramento na formación de consorcios
 - xornadas informativas en colaboración co CDTI
 - observatorio de convocatorias máis relevantes para as empresas galegas
 - busca de socios en Horizonte Europa e oportunidades de colaboración
 - mellora do posicionamento da empresa no marco europeo
- Estes servizos están dirixidos a todo tipo de pemes, tanto as que non contan con experiencia previa en proxectos europeos como as que si a teñen pero desexan dar o paso a liderar un proxecto.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Axencia Galega de Innovación (Gain)

MEDIDA (CÓD. C4.3)


CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS TECNOLÓXICOS DA MADEIRA DE GALICIA (CIS-MADEIRA)

DESCRICIÓN

- O CIS Madeira é unha entidade pública creada en 1996 co obxectivo de prestar servizos de apoio á innovación, no ámbito da industria da transformación da madeira, e contribuír ao desenvolvemento económico sustentable do sector forestal en Galicia.
- As funcións que desempeña son as seguintes:
 - Desenvolvemento de proxectos de innovación.
 - Servizos de apoio aos departamentos da Xunta de Galicia que promoven proxectos de construción e de rehabilitación con madeira.
 - Traballos técnicos a empresas na transformación dos produtos.
 - Colaboración con outros centros de innovación e centros de investigación das universidades.
 - Desenvolvemento de actividades de formación a prescritesores de madeira tanto públicos como privados.
 - Apoio ao desenvolvemento de actividades de formación no uso da madeira aos centros de investigación e aos colexios profesionais.
- **Beneficiarios:** microempresas, pemes do sector forestal radicadas en Galicia. Centros de investigación e innovación. Colexios profesionais. Profesionais do sector da construción.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Axencia Galega da Industria Forestal



OE1

EIXE 2

Competitividade
e innovación

Maximización
da xeración
de valor no sector
forestal-madeira

MEDIDA (CÓD. C5.1)

TICKET INNOVA

(Código de procedemento IG408K)

DESCRICIÓN

- Incentivar o uso de servizos para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación polas pequenas e medianas empresas (pemes), en especial polas pertencentes a sectores tradicionais non intensivos en innovación.
- A finalidade destas axudas é fomentar a implementación da innovación nas pemes galegas e a transferencia de tecnoloxía entre os centros tecnolóxicos e as empresas, como valor engadido e como instrumento para o incremento da súa produtividade, crecemento e diferenciación no mercado.
- As axudas destinaranse a financiar a contratación, por parte das pemes, de servizos especializados de apoio á innovación que inclúan os servizos relativos á xestión da innovación e a súa implantación no mercado, realizados a través de empresas de consultoría especializadas na prestación de servizos de innovación e centros tecnolóxicos galegos.
- Tipoloxías dos tickets Innova:
 - Estratexia e xestión de innovación
 - Deseño para a innovación
 - Xestión da protección do coñecemento da innovación
 - Certificados para as deducións fiscais en I+D+i
 - Preparación de propostas a programas e axudas
 - Deseño de novos procesos ou servizos baseados en tecnoloxías dixitais
 - Diagnóstico de maduración dos datos nas pemes
- **Beneficiarios:** pemes.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

MEDIDA (CÓD. C5.2)

Igape INNOVA
(Código de procedemento IG408L)

DESCRICIÓN

- Axudas dirixidas ás pemes para o financiamento das actividades integradas en plans que lles permitan sistematizar e fortalecer a innovación da empresa (plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade e plans de innovación en procesos e organización).

Estas axudas diferenciaranse como segue:

Liña 1 – Plans de innovación en procesos e en organización: métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos innovadores, sistemas loxísticos, métodos de procesamento de información ou comunicación, métodos de márketing, procesos con beneficios medioambientais, testaxe a escala preindustrial e pilotos de tecnoloxías facilitadoras (TFE); creación de departamentos de innovación, deseño de novos procesos e organización, novos métodos ou metodoloxía enfocados á mellora organizacional.

Liña 2 – Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade: concepción e desenvolvemento de produtos, servizos ou experiencias novos ou, no caso de redeseño dos xa existentes, que se aprecie unha mellora substancial desde o punto de vista estético, funcional, técnico/productivo e económico.

• **Beneficiarios:**

- Liña 1 – Pemes
- Liña 2 – Pemes e grandes empresas

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



OE1

EIXE 2

Investimentos

Financiamento

MEDIDA (CÓD. I1.1)

PRÉSTAMOS PARA INVESTIMENTOS

(Código de procedimiento IG408B - Liña 1)

DESCRICIÓN

Préstamos directos para financiar proxectos de investimento e o aumento de capital circulante estrutural asociado a este, en tres tipoloxías, das que encaixarían as seguintes para o sector forestal madeira:

1º.- Investimentos estratéxicos con carácter xeral: investimento mínimo de 1.000.000 € ata 5.000.000 € (excepcional por interese socioeconómico ou proxectos de interese estratéxico). Ata o 75% de proxectos de investimento. Pode incluír financiamento de circulante asociado de ata o 50% do préstamo.

2º.- Para financiamento de maquinaria en empresas industriais: entre 300.000 e 1.000.000 €. Ata o 75% do investimento en maquinaria (CNAE de industria manufacturera).

4º.- Implantación no exterior.- Entre 100.000 € e 5.000.000 €. Para investimentos relacionados coa implantación no exterior, en determinados países (*Alemaña, Francia, Reino Unido, Bélxica, Irlanda, Países Baixos, Austria, Suíza, Dinamarca, Suecia, Finlandia, Noruega, Polonia, Hungría, República Checa, Estonia, Letonia, Lituania, Serbia e Montenegro, Ucraína, Eslovaquia, Croacia, Italia, Grecia, Canadá, Estados Unidos de América, México, Costa Rica, Cuba, República Dominicana, Porto Rico, El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua, Chile, Paraguai, Ecuador, Colombia, Brasil, Uruguai, Perú, Arxentina, Bolivia, Marrocos, Alxeria, Exipto, Tunisia, Libia, Mauritania, Cabo Verde, Nixeria, Senegal, Kenya, Tanzania, Angola, Mozambique, Zambia, Sudáfrica, Namibia, Israel, Emiratos Árabes Unidos, Irán, Qatar, Arabia Saudí, Omán, Turquía, Kazakistán, Uzbekistán, Asia Oriental, China, Xapón, Corea do Sur, Singapur, Tailandia, Indonesia, Filipinas, Malaisia, India (incluído Sikkim), Paquistán, Australia e Nova Zelandia*).

Financiamento de ata o 75% do investimento, incluíndo o capital circulante estrutural.

- **Beneficiarios:** sociedades mercantís, persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, agrupacións de interese económico, sociedades civís e comunidades de bens.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIAL -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Financiamento

MEDIDA (CÓD. I1.2)

PRÉSTAMOS PARA PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN

(Código de procedemento IG408B - Liña 3)

DESCRIPCIÓN

- Apoiar financeiramente proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación das empresas en Galicia. Os proxectos de desenvolvemento e innovación deberán ser realizados maioritariamente en centros de traballo situados en Galicia.

Terán consideración de proxectos financiáveis os que se atopen nalgún dos seguintes TRL (*technology readiness levels*) referidos ao nivel de madurez dunha tecnoloxía:


- TRL5: validación de compoñentes e/ou disposición destes nunha contorna relevante.
- TRL6: modelo de sistema ou subsistema ou demostración de prototipo en contorna relevante.
- TRL7: demostración de sistema ou prototipo nunha contorna real.
- TRL8: sistema completo e certificado a través de probas e demostracións.
- TRL9: sistema probado e validado no mercado.

Poderán ser financiados proxectos de desenvolvemento de produtos TIC, sempre que non sexan desenvolvidos en exclusiva e a medida para un cliente único nin para uso propio interno exclusivo.

- **Beneficiarios:** sociedades mercantís con centros de traballo en Galicia, nos cales se pretenda implementar maioritariamente un proxecto concreto de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Financiamento

MEDIDA (CÓD. I1.3)

PRÉSTAMOS PARA FINANCIAMIENTO OPERATIVO

(Código de procedimiento IG408B - Liña 4)

DESCRIPCIÓN

- Empresas da industria manufactureira naquelas situacións en que se manifeste a necesidade de afrontar coas entidades financeiras a prestamización de operacións de circulante: entre 300.000 e 1.000.000 € de préstamo.
- Centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese para o tecido empresarial galego. Entre 75.000 € e 1.500.000 €.
- **Beneficiarios:** sociedades mercantís, persoas físicas, agrupacións, sociedades civís e comunidades de bens que veñan desenvolvendo durante máis de 3 anos algunha das actividades a financiar.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)



Financiamento

MEDIDA (CÓD. I1.4)

REAVAL CRECEMENTO - PRÉSTAMOS AVALADOS PARA O CRECEMENTO DAS PEMES

(Código de procedemento IG535A - Liña 1)

DESCRICIÓN

- O principal obxectivo é favorecer o acceso a préstamos a longo prazo para financiar investimentos produtivos e/ou circulante estrutural por parte das pemes galegas.
- **Beneficiarios:** pequenas e medianas empresas (persoas físicas ou xurídicas) que realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto da actuación a financiar, localizada na Comunidade Autónoma de Galicia. Poderán ser beneficiarias tamén as comunidades de bens, sociedades civís ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos establecidos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

- Cooperativas de crédito:
Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega.
- Bancos:
Abanca, Corporación Bancaria, S.A.; Banco Santander, S.A.; Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.; Banco de Sabadell, S.A.; CaixaBank, S.A.; Bankinter, S.A.
- Sociedades de garantía recíproca
Afigal, S.G.R.; Sogarpo, S.G.R.; e Iberaval, S.G.R.



MEDIDA (CÓD. I1.5)

**REAVÁL GARANTÍAS - GARANTÍAS ANTE TERCEIROS VINCULADAS
A OPERACIÓNS DE TRÁFICO OU AVAIS TÉCNICOS**

(Código de procedemento IG535A - Liña 2)

DESCRICIÓN

- O principal obxectivo é favorecer a capacidade das pemes para outorgar garantías fronte a terceiros, en modalidade de avais financeiros, non financeiros ante terceiros e vinculados a licitacións internacionais.
- **Beneficiarios:** pequenas e medianas empresas (persoas físicas ou xurídicas) que realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto da actuación a financiar, localizada na Comunidade Autónoma de Galicia. Poderán ser beneficiarias tamén as comunidades de bens, sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, cumpran os requisitos establecidos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

- Cooperativas de crédito:
Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega.
- Bancos:
Abanca, Corporación Bancaria, S.A.; Banco Santander, S.A.; Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.; Banco de Sabadell, S.A.; CaixaBank, S.A.; Bankinter, S.A.
- Sociedades de garantía recíproca
Afigal, S.G.R.; Sogarpo, S.G.R.; e Iberaval, S.G.R.



Polo de atracción de investimento

OE1

EIXE 2

Investimentos

Polo de atracción
de investimento

MEDIDA (CÓD. I2.1)

AXUDAS PARA A ATRACCIÓN DE EMPRESAS A GALICIA

(Código de procedemento IG408H)

DESCRICIÓN

- Concesión de axudas para o financiamento de proxectos de investimento empresarial das seguintes modalidades:
 - **I.1.** Proxectos de investimento empresarial cun investimento subvencionable de entre 800.000 € e 10.000.000 €.
 - **I.2.** Proxectos de investimento igual ou superior a 100.000 €, con creación de emprego de 25 ou máis postos de traballo de carácter indefinido a tempo completo.
- **Beneficiarios:** poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes) que teñan previsto realizar un investimento nun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia, considerados subvencionables ao abeiro do disposto nas bases.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Polo de atracción de investimento

MEDIDA (CÓD. I2.2)

AXUDAS *STARTUPS*

(Código de procedemento IG408G)


DESCRIPCIÓN

- Fomentar a actividade das *startups* galegas ou cun centro de traballo en Galicia subvencionando os gastos e investimentos en que incorran desde o 1 de xaneiro de 2026 ata a data da solicitude de axuda.
- **Beneficiarios:** poderán ser beneficiarias destas axudas as *startups* galegas ou cun centro de traballo en Galicia. Considerarase startup toda persoa xurídica, incluídas as empresas de base tecnolóxica creadas ao amparo da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que reúna simultaneamente as seguintes condicións:
 - a) Ser de nova creación ou, non sendo de nova creación, cando non transcorresen máis de cinco anos desde a data de inscrición ou de sete no caso de empresas de biotecnoloxía, enerxía, industriais e outros sectores estratéxicos ou que desenvolvesen tecnoloxía propia, deseñada integramente en España.
 - b) Non xurdir dunha operación de fusión, escisión ou transformación de empresas que non teñan consideración de empresas emerxentes.
 - c) Non distribuír nin ter distribuído dividendos, ou retornos no caso de cooperativas.
 - d) Non cotizar nun mercado regulado.
 - e) Ter a súa sede social, domicilio social ou establecemento permanente en España.
 - f) Ter o 60% do persoal cun contrato laboral en España.
 - g) Desenvolver un proxecto de emprendemento innovador que conte cun modelo de negocio escalable, segundo o previsto no artigo 4.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

Capacitación sectorial



MEDIDA (CÓD. PE1.1)

BONOS TALENTO EMPRESA COFINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021- 2027

(Código de procedemento TR302D)

DESCRICIÓN


- Axudas destinadas a realizar accións formativas de carácter non formal de curta duración, dirixidas a contribuír ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras ocupadas por conta allea do cadro de persoal da entidade beneficiaria e a mellorar a competitividade das súas empresas.

As accións formativas estarán orientadas á adquisición de competencias comprendidas entre os ámbitos de capacitación prioritarios detectados nas mesas de traballo con empresas e axentes sociais realizadas no marco da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego.

- **Beneficiarios:** microempresas, pequenas e medianas empresas (pemes) e grandes empresas. Tamén persoas traballadoras autónomas que teñan contratadas ao seu cargo persoas traballadoras por conta allea.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego



Capacitación sectorial

MEDIDA (CÓD. PE1.2)

GALICIA SUMA TALENTO: PLAN DE FORMACIÓN EMPRESAS

(Código de procedemento TR301P)

DESCRIPCIÓN


- Axudas destinadas a realizar accións formativas para o emprego con compromiso de contratación na Comunidade Autónoma de Galicia, que garden relación coa actividade empresarial das entidades solicitantes e estean incluídas no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal no marco do Sistema de formación para o emprego no ámbito laboral ou no Sistema de Formación Profesional, graos A, B e C.

De non existiren, por non estaren dadas de alta no catálogo, especialidades formativas que respondan ás necesidades específicas de formación, as empresas poderán solicitar impartir especialidades que, no momento de presentar a solicitude de subvención, non estean incluídas nel.

- **Beneficiarios:** empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, e as agrupacións temporais de empresas que presenten solicitude conxunta, mediante un convenio que acredite a correspondente agrupación, que adquiran, no marco da actividade subvencionada, o compromiso de contratación das persoas traballadoras aprobadas e/ou formadas ao que se refire a orde da convocatoria. Tamén empresas que sexan entidades de formación e que sexan titulares de centros ou entidades de formación homologados para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral da Comunidade Autónoma de Galicia nas especialidades formativas para as cales soliciten subvención ou nos graos A, B ou C do Sistema de Formación Profesional.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN -
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego



Capacitación sectorial

MEDIDA (CÓD. PE1.3)

FORMACIÓN NO SECTOR FORESTAL NO CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCRICIÓN

- Formación do Sistema de Formación Profesional conducente á obtención dun certificado profesional da familia profesional agraria e da área profesional forestal. Impártese o certificado profesional de Aproveitamentos forestais e actividades auxiliares en conservación e mellora de montes.
- **Persoas beneficiarias:** estas accións formativas están dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

MEDIDA (CÓD. PE1.4)

APOIO A PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR EMPRESAS EN CRISE

DESCRICIÓN

- Este programa permite recolocar os traballadores e as traballadoras afectados por procesos de reestruturación ou peche nas empresas ou por traballar en sectores incluídos en convenios de transición xusta.
- O programa ofrece unha orientación laboral personalizada; a realización de prospección empresarial e intermediación laboral á medida mediante persoal técnico especializado, así como a súa capacitación profesional mediante o ofrecemento de formación específica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Capacitación sectorial

MEDIDA (CÓD. PE1.5)

CONVENIO PARA A MELLORA DAS CAPACIDADES DIRECTIVAS

DESCRIPCIÓN

- Convenio de colaboración para a organización de eventos de capacitación, concienciación e posta ao día dos cadros directivos das empresas galegas, tanto en materia de desenvolvemento integral como nas diferentes áreas de xestión que poidan incidir na conta de resultados futura das empresas e na transformación dixital e verde.
- **Beneficiarios:** pemes con centro de traballo en Galicia (incluídas as persoas autónomas, comunidades de bens, asociacións e fundacións).

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Asociación para el Progreso de la Dirección (APD), Asociación Círculo de Empresarios de Galicia (CFV), Asociación Club Empresarial y Ejecutivo de Galicia (Nordés).



Capacitación sectorial

MEDIDA (CÓD. PE1.6)

ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DOS GRAOS A, B E C, E COMPETENCIAS CLAVE, PARA PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS

(Código de procedemento TR301X)

DESCRICIÓN

- Programa de axudas que ten por obxecto financiar especialidades formativas dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral con- ducentes a unha formación formal total ou parcial incluída nun certificado profesional, ou á adquisición de competencias clave. As accións formativas van dirixidas a persoas traba- lladoras ocupadas que necesiten adquirir, ampliar ou actualizar competencias profesionais identificadas ou reorientar o seu itinerario profesional.
- Entenderase con carácter xenérico como especialidade formativa calquera oferta do Sis- tema de Formación Profesional dos graos A, B e C, ou calquera competencia clave, que se vaia impartir nunha acción formativa.
- **Beneficiarios:** empresas e entidades sen ánimo de lucro que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, estean acreditadas ou, de ser o caso, inscritas para impartiren no ámbito da Comunidade Autónoma as ofertas formativas do Sistema de Formación Profe- sional dos graos A, B e C e/ou as competencias clave para as cales soliciten subvención.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

MEDIDA (CÓD. PE1.7)

OBRADOIROS DE EMPREGO (SECTOR FORESTAL-MADEIRA)

DESCRICIÓN

- Programas experienciais de formación e emprego que se promoven por dúas vías: axudas mediante convocatoria pública de subvencións dirixidas a entidades locais e mediante con- venios de colaboración a entidades de iniciativa social, que en ambos os casos teñen entre os seus obxectivos mellorar a ocupabilidade das persoas participantes e contribuír á capa- citación das persoas en sectores estratéxicos tanto polos niveis de empregabilidade como pola importancia estratéxica neste caso do sector forestal-madeira.
- **Persoas beneficiarias:** persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que teñan unha idade igual ou superior aos 18 anos.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Capacitación sectorial




MEDIDA (CÓD. PE1.8)

**ACREDITACIÓN DE EXPERIENCIA PROFESIONAL
NO SECTOR FORESTAL-MADEIRA****DESCRICIÓN**

- Esta medida pretende recoñecer as unidades de competencia profesional no sector forestal-madeira adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación. Trátase dun procedemento aberto permanentemente, o que facilita que calquera persoa traballadora no sector poida acceder en calquera momento.
- Esta medida ten un dobre resultado:
 - A persoa traballadora obtén un certificado oficial que acredita a súa experiencia e os seus coñecementos nas súas competencias profesionais. Este recoñecemento supón unha garantía de cualificación para a persoa traballadora, contribúe de forma decisiva a mellorar o seu futuro profesional e permítelle abrir o camiño cara aos diferentes itinerarios formativos, como os certificados de profesionalidade ou os títulos de Formación Profesional.
 - As empresas beneficianse dunha mellora na cualificación do seu capital humano, fortalecen o seu compromiso coa responsabilidade social corporativa e adiántanse a unha posible esixencia futura de titulacións para desempeñar determinadas profesións.
- **Persoas beneficiarias da axuda:**
 - Persoas traballadoras de empresas galegas.
 - Pemes e grandes empresas cun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional



Capacitación sectorial

MEDIDA (CÓD. PE1.9)

ACCIONS DE SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS

DESCRICIÓN

A campaña de concienciación ten como finalidade impulsar un cambio cultural sostido na sociedade galega, promovendo hábitos responsables no uso de recursos, na prevención de residuos e na transición cara a modelos de consumo sustentable.

A iniciativa está dirixida ao conxunto da cidadanía e ao sistema educativo, actuando como panca para reforzar o compromiso social coa transición ecolóxica.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO –
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

MEDIDA (CÓD. PE1.10)

PROGRAMA EDUCATIVO DE ECONOMÍA CIRCULAR

DESCRICIÓN

O Programa Educativo de Economía Circular para Educación Primaria ten como finalidade introducir os nenos e nenas galegos nos principios fundamentais da economía circular, promovendo valores de respecto ambiental, uso responsable dos recursos e hábitos sostibles desde idades temperás.

Trátase dunha iniciativa dirixida ao alumnado de educación primaria, que incorpora contidos adaptados á súa idade e centrados na aprendizaxe práctica, experiencial e lúdica.

O programa contribuirá ao desenvolvemento de competencias clave en sustentabilidade e cidadanía responsable, aliñado coa normativa educativa e co marco europeo de educación ambiental. Tamén impulsará unha cultura circular no ámbito escolar, reforzando o papel dos centros educativos como espazos tractores de cambio social e ambiental.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO –
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Conexión industria-formación

OE1

EIXE 3

Persoas

Conexión
industria-formación

MEDIDA (CÓD. PE2.1)

REDE GALEGA DE DINAMIZACIÓN DA RELACIÓN CON EMPRESAS NA FORMACIÓN PROFESIONAL

DESCRICIÓN

- Esta rede actúa como punto de atención ao empresariado e establecerá unha canle de comunicación directa entre administracións, centros educativos e empresas.
- Está constituída por centros integrados de formación profesional (CIFP) e institutos de educación secundaria (IES) que resulten seleccionados nas correspondentes convocatorias.
- Cada centro incluído na rede contará cunha persoa responsable da dinamización da relación con empresas que terá dedicación completa e exclusiva para desenvolver as súas funcións.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL -
Dirección Xeral de Formación Profesional



Conexión industria-formación

MEDIDA (CÓD. PE2.2)

PLAN CONECTA FP GALICIA

DESCRICIÓN

- O Plan Conecta FP Galicia, de colaboración público-privada, ten, entre outros, o obxectivo de deseñar e planificar unha oferta de formación profesional do sistema educativo que dea resposta a rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de contar con persoas coa capacitación adecuada para facer fronte á importante remuda xeracional que se está a producir.
- Dentro deste plan, realízanse encontros sectoriais cos sectores máis significativos do tecido produtivo de Galicia e propónse definir un grupo de traballo específico vinculado ao forestal-madeira, coa finalidade de mellorar a formación profesional existente actualmente neste ámbito.
- Vinculado a este plan, púxose en marcha o Foro pola FP dual Galicia como lugar de encontro e diálogo entre todos os axentes do ecosistema da Formación Profesional, para avanzar na imprescindible conexión formación-empresa, e como estratexia clave para o desenvolvemento económico e social.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

MEDIDA (CÓD. PE2.3)

PERFILAXE COMPETENCIAL EMPREGO INTELIXENTE (EMI) E IA APLICADA AO MERCADO LABORAL

DESCRICIÓN

- Esta ferramenta permite extraer todas as capacidades e competencias das persoas demandantes de emprego para recomendar as ocupacións máis axeitadas. Ademais, o programa conta con procesos de *big data* que permiten analizar toda a información do mercado laboral en cada concello, comarca e provincia de Galicia para aplicar ao caso concreto e recomendar a busca de emprego máis axeitada a cada persoa usuaria.
- As empresas poderán identificar as persoas máis adecuadas ao perfil profesional que requiran, xa que a través de EMI se poden realizar buscas combinando as máis de 19.500 competencias dispoñibles.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Conexión industria-formación

MEDIDA (CÓD. PE2.4)


ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS OU ORGANISMOS EQUIPARADOS

DESCRICIÓN

- Modalidade de formación que se desenvolve nos centros de traballo de distintas empresas ou organismos equiparados para potenciar o coñecemento directo dos procesos produtivos que se desenvolven nelas.
- Entre os seus obxectivos destacan:
 - Coñecer directamente os procesos produtivos que se desenvolven nas empresas.
 - Formar o profesorado mediante o seu achegamento ao mundo produtivo e aos seus avances tecnolóxicos.
- **Beneficiarios:** profesorado dos corpos e das especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional inicial e das artes plásticas e o deseño.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional



Conexión industria-formación

MEDIDA (CÓD. PE2.5)

PROXECTOS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL E FORMACIÓN EN ALTA ESPECIALIZACIÓN PARA O PROFESORADO DE FP

DESCRICIÓN

- Estes proxectos teñen como finalidade dar cobertura formativa ao profesorado con inquedanzas investigadoras e innovadoras para favorecer a inserción laboral do alumnado a través de propostas de mellora dirixidas ao sector produtivo ou á aula, ademais de permitir a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais dos/das docentes para mellorar a calidade da educación, así como as competencias profesionais do alumnado.
- As liñas de traballo prioritarias serán as seguintes:
 - Innovación tecnolóxica e científica
 - Innovación didáctica
- **Beneficiarios:** profesorado que teña atribución docente nas ensinanzas de formación profesional ou nas ensinanzas de réxime especial, ou que exerza a xefatura dos departamentos de orientación ou de información e orientación profesional, e que estea destinado nalgún centro público dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
 Tamén poderá participar o profesorado destinado noutros centros públicos, sempre que forme parte do cadro de persoal da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Contribuíndo á formación de alta especialización do profesorado de formación profesional, atópase o Centro Galego de Innovación de Formación Profesional, centro de apoio á docencia e encargado da investigación e da innovación aplicada e a transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i a todos os centros que impartan formación profesional en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

OE1

EIXE 3

Persoas

Atracción
de talento

MEDIDA (CÓD. PE3.1)

PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

(Código de procedemento IN606D)

DESCRICIÓN

- Este programa ten como obxectivo favorecer a contratación de estudantes do sistema universitario galego en empresas e centros tecnolóxicos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia para que poidan desenvolver a súa tese de doutoramento nun contorno empresarial real, orientando así o proxecto de investigación á resolución das necesidades e problemas concretos dunha empresa ou centro tecnolóxico.
- Os doutorandos e doutorandas deberán matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario Galego (SUG) e, para iso, deberán contar cunha persoa directora de tese vinculada ao programa e que debe ser recoñecida na solicitude. As axudas inclúen tanto os custos de contratación como gastos relacionados co proxecto e apoios para a realización de estadías de tres meses no estranxeiro.
- **Beneficiarios:**
 - As empresas e os centros de innovación e tecnoloxía que estean validamente constituídos no momento da presentación da solicitude de axuda con domicilio social ou centro de traballo en Galicia que desexen contratar investigadores ou investigadoras predoutorais para realizar un proxecto de investigación industrial en colaboración cunha universidade do SUG que lles sirva como traballo de tese de doutoramento e sexa do seu interese.
 - As universidades do SUG que desexen participar na execución dun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se realice en colaboración cunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía con domicilio social ou centro de traballo en Galicia e asumir a dirección dunha tese de doutoramento asociada.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL -
Axencia Galega de Innovación (Gain)

Atracción de talento

MEDIDA (CÓD. PE3.2)

PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO

DESCRICIÓN

- Programa dirixido a promover o retorno a Galicia de persoas galegas residentes no exterior e impulsar así a atracción de talento cara á nosa Comunidade.
- O Programa Retorna Cualifica Empleo facilita, de modo coordinado, unha canle para acompañar as empresas na identificación e busca dese talento, recompilando e difundindo entre a colectividade de persoas emigrantes galegas todos os compromisos de contratación que desexen promover, ao tempo que achega un conxunto de servizos e apoios económicos para facilitar o retorno das persoas galegas residentes no exterior para que poidan volver a Galicia coas máximas garantías para facilitar o seu asentamento e desenvolvemento laboral.
- Dentro deste programa realízanse feiras de emprego organizadas desde a Xunta de Galicia para coñecer os programas de retorno, tomar contacto co tecido empresarial galego, ver como acceder a ofertas de emprego en Galicia que poden ser de interese e participar nos procesos de selección para optar a postos de traballo nas empresas galegas participantes. En 2025 tiveron lugar feiras en Bos Aires e Montevideo.
- **Persoas beneficiarias:** persoas galegas residentes no exterior.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

MEDIDA (CÓD. PE3.3)

ARRAIGAMENTO SOCIOLABORAL

DESCRICIÓN

- Programa dirixido a persoas migrantes en Galicia en situación irregular para que obteñan unha autorización de residencia temporal sempre que contén cun ou varios contratos de traballo e nas condicións establecidas pola normativa vixente en materia de estranxeiría.
- **Persoas beneficiarias:** persoas migrantes en situación irregular en España durante un período mínimo de 2 anos e que estean vivindo en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Atracción de talento

MEDIDA (CÓD. PE3.4)

PLAN FPGal360

DESCRIPCIÓN

- O Plan FPGal360 é un plan de orientación profesional integral para guiar a cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida, co obxectivo de reducir o abandono escolar temperán, e incrementar a cualificación da mocidade.
- O plan artículase a través de tres eixes principais:
 - Maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo, perseguindo a “tendencia cero” no abandono escolar temperán.
 - Potenciar un sistema integral de orientación profesional e vocacional.
 - Facilitar a titulación da poboación moza sen cualificación.
- Neste contexto, o Plan FPGal360 pode ter un impacto significativo no sector forestal-madeira favorecendo a formación integral das persoas e a súa inserción laboral efectiva, especialmente as máis novas e as persoas con baixa cualificación, nun sector cada vez máis demandante de talento xuvenil e profesionais capacitados.
- Para lograr os obxectivos marcados, o FPGal360 propón un conxunto de liñas de actuación globais que poden ter un resultado positivo na captación de profesionais:
 - Información e formación dirixidas ao persoal orientador dos centros educativos, así como aos colectivos implicados na orientación profesional e laboral; e de información, formación e sensibilización dirixidas a equipos directivos e docentes.
 - Información e orientación profesional dirixidas ao alumnado galego desde idades temperás.
 - Actuacións específicas destinadas a alumnado vulnerable, con especiais necesidades de aprendizaxe ou en risco de abandono, e antigo alumnado que abandonase o sistema educativo sen acadar unha titulación.
 - Actuacións sobre poboación que non conta con formación acreditada, incidindo especialmente na mocidade que se atope nesta situación.
 - Asesoramento personalizado e orientación profesional para colectivos de persoas desempregadas que impulsen a súa participación no procedemento de acreditación de competencias adquiridas por experiencia laboral.
 - Colaboración con asociacións, institucións e colectivos dependentes de entidades públicas implicadas na orientación profesional e laboral.
- **Persoas beneficiarias:** persoal orientador dos centros educativos; alumnado vulnerable; poboación sen formación acreditada, especialmente a mocidade e persoas desempregadas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL –
Dirección Xeral de Formación Profesional

Atracción de talento

MEDIDA (CÓD. PE3.6)

PLAN DE COMUNICACIÓN (INTERNO E EXTERNO)

DESCRICIÓN
• O obxectivo do plan de comunicación é potenciar a visibilidade do sector forestal-madeira, destacando o impacto económico, social e ambiental. Este plan será elaborado polas entidades do sector, contando co apoio da Axencia Galega da Industria Forestal. • Dentro das actuacións a desenvolver destacan as seguintes: - Definición dos contidos para as actividades de difusión das axudas para a organización formativas. - Comunicación tradicional e novas tecnoloxías. - Reforzar a imaxe positiva do sector e favorecer a atracción de talento e investimentos. - Relación cos investimentos realizados en zonas rurais. • Persoas beneficiarias: público en xeral, sobre todo as persoas máis novas; persoal do sector, e empresas.
UNIDADE RESPONSABLE
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA – Axencia Galega da Industria Forestal



OE1

EIXE 3

Persoas

Recursos humanos

MEDIDA (CÓD. PE4.1)

PROGRAMA DE AXUDAS PARA IMPLANTAR A IGUALDADE LABORAL, A CONCILIACIÓN E A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE)

(Códigos de procedemento TR357B, TR357C e TR357D)

DESCRIPCIÓN

- Programa de axudas que pretende incentivar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial.
- Hai 3 liñas de axuda:
 - **Liña I:** elaboración e implantación de plans de igualdade
 - **Liña II:** conciliación, que á súa vez comprende tres subliñas:
 - 1- Incentivos para fomentar o teletraballo
 - 2- Incentivos para fomentar a flexibilidade horaria
 - 3- Subvencións para adquirir elementos tecnolóxicos que posibiliten o teletraballo
 - **Liña III:** certificacións de RSE
- **Beneficiarios:**
 - Pemes ou persoas traballadoras autónomas, que teñan subscritos contratos con persoas traballadoras por conta allea con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axudas.
 - Para as liñas II e III tamén poderán presentar solicitude as empresas con centros de traballo en Galicia.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN -
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

MEDIDA (CÓD. PE4.2)

PROGRAMA GALICIA EMPREGA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA

(Código de procedemento TR342C)

DESCRICIÓN

Axudas destinadas a contratar persoas desempregadas na empresa ordinaria e entidades sen ánimo de lucro, especialmente as que teñen maiores dificultades de inserción laboral.

Os incentivos á contratación por conta allea inclúen catro modalidades:

- a) Incentivos á contratación indefinida inicial a xornada completa
- b) Incentivos ao incremento de xornada das contratacións indefinidas (de xornada parcial a xornada completa)
- c) Incentivos ao incremento da duración anual dos contratos fixos-descontinuos (mínimo de 9 meses/ano e xornada completa)
- d) Axudas á adaptación de postos/eliminación de barreiras

As contías asignadas dependerán do colectivo ao que pertenza a persoa contratada, pero todas elas se incrementarán un 15% no suposto de que o centro de traballo estea situado nun concello rural.

- **Beneficiarios:**

- As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas que contraten persoas traballadoras por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e as condicións que se establecen na orde da convocatoria.
- Os centros especiais de emprego, excepto para subscribir contratos con persoas con discapacidade, e as empresas de inserción laboral, excepto para subscribir contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Recursos humanos

MEDIDA (CÓD. PE4.3)

PROGRAMA INVESTIGO

(Código de procedemento TR349V)

DESCRIPCIÓN

- Subvencións dirixidas a contratar persoas mozas demandantes de emprego, de 16 ou máis anos e que non fixesen os 30 anos no momento de comezar a relación contractual, para o desenvolvemento e execución das funcións, tarefas e iniciativas de investigación e innovación que sexan competencia das entidades beneficiarias dentro do Programa Investigo.
- As actividades obxecto das axudas desenvolveranas persoas capacitadas para levar a cabo proxectos de investigación en calidade de investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i, facilitando a súa inserción laboral para incrementar a competitividade da investigación e a innovación.

Preferentemente en ocupacións referidas á transición ecolóxica, economía verde, dixitalización de servizos, enxeñaría de datos e *data science*, e outras tarefas encadradas na RIS3 2021-2027.

- **Beneficiarios:**

- Empresas pertencentes ao sector privado radicadas en Galicia que estean a investir na realización de iniciativas de investigación e innovación, incluídas as empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).
- Os centros privados de I+D+i, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que teñan definida a I+D+i como actividade principal.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais



MEDIDA (CÓD. PE4.4)

PROGRAMA PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL

(Código de procedemento TR303C)

DESCRICIÓN

- Con este programa preténdese incentivar a contratación de mozas e mozos menores de 30 anos en situación de desemprego mediante contratos formativos.

A convocatoria ten por finalidade mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas en Galicia a través da formalización de contratos de formación para a obtención da práctica profesional ou de contratos de formación con alternancia que lles faciliten a inserción laboral, dotándoos de competencias para o emprego que as acompañen durante a súa vida laboral, coa finalidade última de lles proporcionar a estas persoas unha primeira experiencia no emprego, promovendo a súa empregabilidade e a retención do talento mozo na nosa Comunidade Autónoma.

- Serán subvencionables as contratacións por conta allea de persoas mozas mediante a subscrición de:

- Contratos para a obtención da práctica profesional.
- Contratos de formación en alternancia.

- **Beneficiarios:**

- As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as comunidades de bens e sociedades civís que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea, para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.
- Os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, que contraten persoas mozas traballadoras por conta allea, para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, excepto para subscribir contratos con persoas con discapacidade e contratos con persoas en situación ou risco de exclusión social, respectivamente.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais



Recursos humanos

MEDIDA (CÓD. PE4.5)

PROGRAMA PARA APOIO AO EMPREGO AUTÓNOMO E A COTA CERO

(Códigos de procedemento TR341D, TR790A, TR341Q, TR353D, TR341R)

DESCRIPCIÓN

- A finalidade é establecer un marco integral de apoio ás persoas traballadoras autónomas de Galicia mediante cinco programas de subvencións que abranguen todo o ciclo do emprendemento:

- O inicio da actividade
- A segunda oportunidade
- A consolidación de negocios
- A remuda xeracional
- A conciliación da vida laboral e persoal

Preténdese fomentar o emprego por conta propia, mellorar a competitividade e a sustentabilidade dos proxectos emprendedores e garantir a continuidade dos negocios no medio rural, especialmente nos sectores agrícola, gandeiro e forestal. Ademais, búscase impulsar a igualdade de oportunidades e apoiar a incorporación de mulleres e mozos ao traballo autónomo.

Os 5 programas de axudas son:

1. Programa I. Promoción do emprego autónomo das persoas traballadoras autónomas (TR341D), destinado a apoiar as persoas desempregadas autónomas que inicien a súa actividade como persoas traballadoras autónomas.
2. Programa II. Nova oportunidade das persoas traballadoras autónomas (TR790A), destinado a facilitar a volta á actividade empresarial das persoas traballadoras autónomas que non tiveron éxito no seu anterior intento.
3. Programa III. Bono das persoas traballadoras autónomas (TR341Q), destinado a apoiar a consolidación de proxectos que superaron os 42 meses de vida
4. Programa IV. Bono remuda das persoas traballadoras autónomas (TR353D), destinado a evitar o peche de negocios por falta de remuda xeracional.
5. Programa V. Axudas á conciliación das persoas traballadoras autónomas (TR341R), destinado a apoiar a conciliación das persoas traballadoras autónomas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

Planificación e promoción do solo industrial

OE2

EIXE 4

Infraestrutura
e solo industrial

Planificación
e promoción
do solo industrial

MEDIDA (CÓD. IF1.1)

ACTUALIZACIÓN DO CENSO DE SOLO EMPRESARIAL DE GALICIA

DESCRICIÓN

- A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, prevé no seu artigo 5 a existencia do Censo de solo empresarial de Galicia, como rexistro público de natureza administrativa, que ten por obxecto coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes en Galicia, coa finalidade de servir de instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial na Comunidade Autónoma. Previamente á entrada en vigor da dita lei, aprobouse o Decreto 175/2020, do 15 de outubro, polo que se regula o Censo de Solo Empresarial de Galicia e o seu réxime sancionador. Este censo prevé a obriga de que as persoas promotoras de áreas empresariais inscriban obrigatoriamente no censo todas as áreas empresariais promovidas por elas que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento.
- Co fin de mellorar o servizo que a Administración autonómica debe dar en canto a proporcionarlle ao tecido empresarial **información do solo industrial existente e dispoñible**, propónse modificar o decreto de Censo do Solo Empresarial de Galicia e comprometerse a manter o censo actualizado, en liña coas modificacións incluídas na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Planificación e promoción do solo industrial

MEDIDA (CÓD. IF1.2)

FLEXIBILIZACIÓN DOS MECANISMOS DE VENDA OU ALUGUEIRO DE SOLO EMPRESARIAL

DESCRICIÓN


- A dispoñibilidade de solo empresarial a baixo custo constitúe unha panca fundamental para o estímulo de novas actividades empresariais. Por esta razón, desenvolveranse medidas de flexibilización dos mecanismos de venda ou alugueiro do solo empresarial promovido pola Xunta de Galicia.
- Entre estas medidas, inclúese a extensión do modelo de dereito de superficie a todas as parcelas ofrecidas pola sociedade Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A., cun custo cero durante os oito primeiros anos.
- Estas medidas facilitarán a implantación de novas empresas na Comunidade Autónoma, así como a atracción de investimentos en sectores industriais estratéxicos, a mellora da competitividade do tecido produtivo galego e a xeración de emprego de calidade.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

XESTUR, S.A.



OE2

EIXE 4

Infraestrutura
e solo industrial

Mellora das
infraestruturas
de parques e
asentamentos
industriais

MEDIDA (CÓD. IF2.1)

AXUDAS ENCAMIÑADAS Á HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

(Código de procedemento IN519B)

DESCRICIÓN

- O obxecto desta axuda é a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica, fomentando así a implantación e fixación de empresas.
- Son obxecto da axuda as seguintes tipoloxías de actuacións:
 - a) A implantación de melloras na iluminación pública que sexan eficientes desde o punto de vista enerxético consonte o estado actual da técnica; unicamente serán subvencionables actuacións nas instalacións de iluminación pública do parque empresarial.
 - b) Plantas de depuración de augas (b.1); os proxectos poderán incluír, ou ter como obxecto, os colectores con vertedura á depuradora municipal (b.2).
 - c) Xestión de residuos dentro do parque empresarial.
 - d) Infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial. No caso das vías de acceso, a actuación deberá ter continuidade física ata os límites do parque empresarial e só serán subvencionables actuacións en vías que desemboquen directamente no parque.
 - e) Instalación de sistemas de seguridade e vixilancia dentro do parque empresarial.
 - f) Instalacións comúns de equipos e sistemas de protección destinados á loita contra incendios dentro do parque empresarial, incluídos no anexo I do RD 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.
 - g) Instalación de sistemas contra o roubo de cable dentro do parque empresarial.
 - h) Servizos centralizados de subministración de gas e/ou hidróxeno.

Tamén son subvencionables os gastos de redacción de proxecto, de dirección de obra e os gastos do cartel informativo e da placa explicativa permanente.

- **Beneficiarios:** concellos de Galicia que realicen investimentos, dentro do seu ámbito territorial, para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais existentes ou en desenvolvemento no seu termo municipal ou nos termos municipais limítrofes. Valorarase que outras entidades xestoras de áreas empresariais poidan solicitar axudas para algunhas das tipoloxías de actuacións.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

MEDIDA (CÓD. IF2.2)

AXUDAS PARA O REFORZO E EXTENSIÓN DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA QUE DAN SERVIZO AOS PARQUES EMPRESARIAIS EXISTENTES OU EN DESENVOLVEMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (Código de procedemento IN519D)

DESCRIPCIÓN

- Estas subvencións teñen por obxecto o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais existentes ou en desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de fomentar a implantación e fixación de empresas.
- Son gastos subvencionables os establecidos no prego de condicións técnicas emitido pola empresa distribuidora para o reforzo e extensión da rede de distribución eléctrica que dá servizo a un parque empresarial existente ou en desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que os ditos gastos deban ser asumidos polos solicitantes. Tamén son subvencionables os gastos de redacción de proxecto, de dirección de obra e os gastos do cartel informativo.
- **Beneficiarios:** concellos que realicen investimentos para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais existentes ou en desenvolvemento no seu termo municipal.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Mellora das infraestruturas loxísticas

OE2

EIXE 4

Infraestrutura
e solo industrial

Mellora das
infraestruturas
loxísticas

MEDIDA (CÓD. IF3.1)

AXUDAS AOS INVESTIMENTOS EN TECNOLOXÍAS FORESTAIS, PROCESAMENTO, MOBILIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS (Código de procedemento IN500A)

DESCRICIÓN

- Os investimentos subvencionados dentro destas axudas deben ser novos e non se poden iniciar/usar antes de presentar a solicitude de axuda nin antes de que se realice a inspección correspondente.
- Poderán subvencionarse os seguintes investimentos elixibles:
 - Liña 1: xestión forestal activa.
 - Liña 2: madeira e biomasa.
 - Liña 3: castaña e resina.
 - Liña 4: valor engadido na primeira transformación da madeira.
 - Liña 5: plans e ferramentas de xestión empresarial.
- **As entidades beneficiarias son:**
 - Microempresas, pemes do sector forestal radicadas en Galicia en relación cos investimentos realizados en zonas rurais.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Axencia Galega da Industria Forestal

Mellora das infraestruturas loxísticas

MEDIDA (CÓD. IF3.3)

ESTRATEGIA FERROVIARIA PARA O DESENVOLVEMENTO INTERMODAL DE GALICIA

DESCRICIÓN

- Documento estratéxico autonómico dirixido a afondar na análise da situación actual do transporte ferroviario de mercadorías en Galicia e a definir unha folla de ruta para impulsar o seu desenvolvemento como peza clave dun sistema loxístico intermodal, competitivo e sustentable que impulse o noso territorio como espazo loxístico de referencia na Europa Atlántica.
- Tendo presente o contexto europeo e estatal, é preciso detallar as necesidades do tecido produtivo galego, realizar un diagnóstico do mercado ferroviario e propoñer obxectivos orientados a mellorar a conectividade intermodal a través da busca de sinerxías entre os transportes viario, ferroviario e marítimo. A partir de aí, se definirán actuacións e investimentos prioritarios en servizos e infraestruturas lineais e nodais que faciliten o cambio modal e a redución de emisións do transporte de xeito coordinado co marcado pola Rede Transeuropea de Transporte e o Corredor Atlántico.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES –
Dirección Xeral de Mobilidade

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

Clúster da Función Loxística de Galicia



Coordinación e seguimento

OE2

EIXE 5

Nova
gobernanza

Coordinación
e seguimento

MEDIDA (CÓD. G1.1)

COMISIÓNS DE SEGUIMENTO SECTORIAIS

DESCRICIÓN

- Reunións periódicas entre a Axencia Galega da Industria Forestal e os clústeres e asociacións sectoriais para monitorizar a difusión do Plan Director e avaliar o impacto das medidas impulsadas desde a Xunta de Galicia. Estas xuntanzas servirán para establecer liñas de traballo comúns que permitan mellorar o fortalecemento e a competitividade da industria galega.
- A Axencia Galega da Industria Forestal actuará como canle de comunicación entre o tecido industrial galego e a Administración para o desenvolvemento, seguimento e avaliación de impacto dos plans directores. Así mesmo, pode funcionar como elemento facilitador para propiciar reunións colaborativas entre o sector e organismos con competencia en materia industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Axencia Galega da Industria Forestal

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

CLÚSTERES E ASOCIACIÓNS SECTORIAIS

Coordinación e seguimento

MEDIDA (CÓD. G1.2)

FORTALECEMENTO DO DIÁLOGO SOCIAL

DESCRICIÓN

Medida dirixida a reforzar o diálogo social con participación activa das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, co obxecto de establecer unha liña colaborativa dirixida a fomentar a participación e mellorar e fortalecer a competitividade da industria galega.

Deste xeito, os integrantes da mesa de diálogo social serán parte activa no proceso de elaboración dos plans directores e do seu seguimento. A Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial achegaralles os informes de avaliación dos plans, co fin de que poidan valorar o seu impacto e realizar suxestións sobre a súa implantación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN -
Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

MESA DO DIÁLOGO SOCIAL



Coordinación e seguimento

MEDIDA (CÓD. G1.3)

GRUPOS DE TRABALLO COS ORGANISMOS DA XUNTA CON COMPETENCIA EN MATERIA DE POLÍTICA INDUSTRIAL

DESCRICIÓN

- Os grupos de traballo da Xunta analizarán as prioridades sectoriais detectadas nos plans directores e articularán, de xeito coordinado, as liñas de actuación que solucionarían as demandas requiridas desde os diferentes sectores industriais. Os estudos de impacto realizados desde a Axencia Galega da Industria Forestal en colaboración coa Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial serán obxecto de análise dentro do grupo e poderán conducir a modificacións e/ou axustes sobre as liñas de actuación que non estean acadando os obxectivos desexables. Froito destas xuntanzas, analizaranse tamén as propostas de novas medidas que atendan aos requirimentos do tecido industrial e/ou que xurdan como necesarias atendendo á evolución dos diferentes sectores industriais.
- A Axencia Galega da Industria Forestal convocará os representantes dos diferentes grupos segundo a materia que cumpra tratar e funcionará como enlace entre este grupo de traballo e as comisións de seguimento sectorial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Axencia Galega da Industria Forestal
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

ORGANISMOS DA XUNTA CON COMPETENCIAS EN MATERIA INDUSTRIAL



Avaliación

OE2

EIXE 5

Nova
gobernanza

Avaliación

MEDIDA (CÓD. G2.1)

POSTA EN MARCHA DO MAPA INDUSTRIAL DE GALICIA

DESCRICIÓN

- Ferramenta de política industrial complementaria aos plans directores que proporciona varias funcionalidades:
 - Análise, ao compoñer unha perspectiva analítica exhaustiva e fundamentada en fontes oficiais e cuantitativas da situación da industria galega.
 - Consulta, ao servir de instrumento de consulta de información fiable, actualizada, contextualizada, comparable e visual para os responsables públicos implicados no deseño e despregamento de políticas de planificación e promoción industrial.
 - Medición de impacto; ao incluír un cadro de mando de indicadores propio para calibrar o impacto das súas medidas, o mapa industrial é unha canle pola que comprobar os seus resultados finais e a súa capacidade de transformación do tecido industrial.
- O obxectivo que se persegue sería analizar a situación e a evolución da industria galega desde tres eixes: tecido empresarial, territorio e solo industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA -
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Avaliación

MEDIDA (CÓD. G2.2)


ANÁLISES BIANUAIS DE IMPACTO DO PLAN DIRECTOR

DESCRICIÓN

Informes bianuais de impacto do plan director, realizando seguimento e avaliación parcial de resultados a través dos indicadores asociados ás diferentes liñas de actuación e de impacto global atendendo á evolución das variables macroeconómicas obxectivo.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Axencia Galega da Industria Forestal
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial



Criterios de intervención

OE2

EIXE 5

Nova
gobernanzaCriterios de
intervención

MEDIDA (CÓD. G3.1)

PLAN AUTONÓMICO DE IMPULSO E ACELERACIÓN DOS PROXECTOS INDUSTRIAIS E PROXECTOS INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS (PIE)**DESCRIPCIÓN**

- A lexislación autonómica regula dúas figuras orientadas ao impulso dos proxectos industriais en Galicia co obxectivo de contribuír a que poidan executarse no menor tempo posible, mediante o acompañamento e asesoramento ás persoas promotoras dos investimentos durante as tramitacións administrativas que sexan necesarias, así como a simplificación e axilización das devanditas tramitacións. Estas figuras son os proxectos incluídos dentro do Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e os proxectos industriais estratéxicos (PIE).
- No caso do Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, os proxectos que aspiren a ser incluídos nel deben acreditar un investimento superior a 800.000€ en activos fixos, excluídos os terreos. Mediante este plan, ademais de darse o indicado acompañamento e asesoramento, e reducirse os prazos na tramitación dos procedementos, colabórase co concello onde se vai implantar o proxecto, asegurando a coordinación entre as administracións, así como a cooperación e asistencia activa que puidese precisar a Administración municipal para o eficaz cumprimento das súas competencias en relación coa implantación do proxecto, coa finalidade de lograr a posta en marcha do proxecto industrial no menor tempo posible.
- Os proxectos industriais estratéxicos (PIE), cuxa tramitación urxente está impulsada de oficio pola Xunta de Galicia, están deseñados para que se poidan acoller a eles os proxectos que acrediten, entre outros requisitos:
 - Un investimento superior a dous millóns de euros en activos fixos, excluídos os terreos, e a creación dun mínimo de 25 empregos (acreditando a titularidade do solo onde se vai a implantar e a incidencia ou interese cualificado para o tecido industrial galego).
 - Un investimento mínimo de vinte millóns de euros, creación de emprego mínimo de 100 postos de traballo, ou que complementen cadeas de valor ou pertenczan a sectores estratéxicos.

Esta figura busca atraer e potenciar novos investimentos nacionais e internacionais, fomentar a innovación, internacionalización e competitividade, así como simplificar os procedementos administrativos necesarios para a súa implantación.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

ORGANISMOS DA XUNTA CON COMPETENCIAS NA MATERIA

MEDIDA (CÓD. G3.2)

DISCRIMINACIÓN POSITIVA PARA A INCORPORACIÓN DAS MULLERES NA INDUSTRIA

DESCRICIÓN

Incorporar accións de sensibilización e comunicación entre as mulleres mozas para espertar vocacións industriais, así como fomentar a incorporación de criterios de valoración positiva nas diferentes liñas de actuación que integran o plan para favorecer esa incorporación.

Dentro dos indicadores obxectivos dos plans directores, incorporaranse os que permitan coñecer en detalle o peso do emprego feminino na industria galega e a evolución da súa participación nas diferentes ramas de actividade industrial.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Axencia Galega da Industria Forestal
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE -
Dirección Xeral de Promoción da Igualdade

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

ÓRGANOS CON COMPETENCIA EN MATERIA DE POLÍTICA INDUSTRIAL QUE POIDAN
INCLUIR MEDIDAS DE DISCRIMINACIÓN POSITIVA PARA FAVORECER A INCORPORACIÓN
DA MULLER NA INDUSTRIA

Criterios de intervención

MEDIDA (CÓD. G3.3)

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL

DESCRIPCIÓN

Actuacións extraordinarias para a mellora da seguridade industrial en Galicia, entre as que se atopan:

- Creación do Consello Galego de Seguridade Industrial, órgano colexiado con representación das asociacións empresariais e sindicais máis representativas, os colexios profesionais con competencias en materia de industria, os axentes do sector industrial e do sistema da seguridade industrial de Galicia, así como os órganos da Administración autonómica con competencias relacionadas coa seguridade industrial.
- Plans extraordinarios de inspección de seguridade industrial, que complementan os plans anuais ordinarios que desenvolve a Consellería de Economía e Industria.
- Medidas de difusión e formación sobre seguridade industrial (xornadas técnicas, Congreso de Seguridade Industrial, guías técnicas, ...).

A partir da detección de necesidades específicas nos sectores industriais, así como das propias propostas do Consello Galego de Seguridade Industrial, poderán definirse novas actuacións a desenvolver nos vindeiros anos, co alcance e dotación orzamentaria que se determinen.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA –
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

TODAS AS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS QUE TEÑEN REPRESENTACIÓN
NO CONSELLO GALEGO DE SEGURIDADE INDUSTRIAL



MEDIDA (CÓD. G3.4)

MEDIDAS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

DESCRICIÓN
Actuacións destacadas para a mellora da seguridade e a saúde laboral: <u>Análise estatística da accidentabilidade no sector forestal no período 2019-2023.</u> Investigar os accidentes de traballo co fin de coñecer as causas que os provocan, e desde a perspectiva do sinistro como risco laboral que se pode previr. Elaboración dun informe técnico que servirá de apoio á autoridade laboral ou sanitaria, ou na orde xudicial no exercicio das súas respectivas competencias. Análise estatística da sinistralidade no sector. <u>Desenvolvemento do mapa de risco químico</u> O desenvolvemento deste mapa de risco químico achegará información valiosa para o coñecemento sobre os produtos utilizados, medidas preventivas, etc., polo que será o punto de partida para o asesoramento que se lles poida ofrecer ás empresas participantes. Consiste en elaborar un novo mapa de risco químico en Galicia centrado agora no risco pola utilización de produtos químicos en diversas actividades, tendo en conta a integración da perspectiva de xénero. No ano 2024 realizáronse as primeiras actuacións en que se seleccionaron os sectores ou actividades, entre os que están as actividades de aproveitamento forestal e industria madeireira. Tamén se abordou a elaboración dun cuestionario xeral para todas estas actividades que prevé tamén unha parte específica sobre as tarefas en que existe exposición a axentes químicos en cada actividade. Este mapa permitirá identificar e coñecer as características de perigo dos produtos químicos utilizados nas actividades e sectores seleccionados para levar a cabo as actuacións que se consideren precisas sobre a correcta avaliación dos riscos derivados da presenza destes axentes. Participación dos servizos de prevención propios e mancomunados do sector e das distintas asociacións na elaboración do cuestionario de recollida de datos e para a suma de empresas ao proxecto de mapa de risco químico en Galicia nesta actividade. <u>Actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector forestal e madeireiro</u> Impulso para mellorar a xestión preventiva, sobre todo nas operacións de maior risco e alta sinistralidade, facilitando asesoramento técnico, documentación, etc., aos servizos de prevención de riscos laborais do sector. Impulso da xestión mancomunada da PRL no sector. Programa de prevención de riscos e redución da sinistralidade na actividade forestal e industria madeireira, nas operacións de maior accidentabilidade no traballo no monte, e investigación causal destes accidentes, incluídos os do persoal autónomo. Campañas de información e asesoramento técnico sobre puntos clave nesta actividade, como son a continua formación en PRL, as medidas preventivas dos sinistros máis recorrentes e a importancia dunha adecuada coordinación de actividades. <u>Elaboración e difusión de documentación técnica</u> Elaboración de fichas de investigación de accidentes de traballo para xerar e transmitir coñecementos para evitar sinistros recorrentes a través dunha adecuada seguridade e prevención.

Publicación de documentación técnica en colaboración coas entidades representativas do sector, froito do grupo de traballo do documento de análise das áreas de seguridade no manexo da maquinaria.

Continuar coa difusión da ficha de planificación e identificación de riscos do aproveitamento forestal e a ficha de revisión periódica preventiva de maquinaria móbil e sinalización.

Difusión do documento Issga Planificación dos traballos de aproveitamento forestal. Zonas perigosas.

Estudo para elaborar un documento sobre a coordinación de actividades empresariais no sector forestal.

Dar difusión ás publicacións e material audiovisual elaborados polo Instituto sobre PRL en aproveitamentos forestais. Dar difusión ás app do sector.

Publicación e difusión dos documentos sobre as carrachas e sobre os equipos de protección individual (EPI) elaborados polo Issga.

Actividades formativas

Achegar información sobre o uso seguro de equipos de traballo, en particular no manexo de maquinaria forestal, mediante cursos de información e formación de carácter práctico nos concellos con maior sinistralidade no sector.

Difundir ao sector, mediante as xornadas que se soliciten, a información recollida nas publicacións Alerta Issga_Corte de árbores sentadas e Alerta Issga_Corte de árbores apoiadas, significándose como especialidade a tradución dos documentos ao romanés.

Grupos de traballo

Dar continuidade ao grupo de traballo con técnicos do sector que vén funcionando desde o ano 2016, para atallar a recorrencia dos accidentes de traballo, en moitos casos graves e mortais, nas operacións de corta nos montes, e para a proposta e asunción de medidas correctoras e preventivas nos traballos forestais, así como achegar o coñecemento do Issga no novo subgrupo de traballo de forestal da CNSST. Valorar a constitución dunha comisión participada para facer chegar os resultados do grupo técnico e outras preocupacións ou realidades nesta actividade que se deben abordar desde un ámbito máis amplo.

Actuacións do persoal técnico habilitado na actividade forestal

Realizar as actuacións de verificación polo persoal técnico habilitado do Instituto, ao abeiro do disposto no artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de PRL, a través das 12 prazas habilitadas segundo o regulado no Decreto 138/2007, do 5 de xullo, polo que se regula a habilitación do persoal técnico para o exercicio de actuacións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo.

A previsión de actuacións a realizar polo persoal técnico habilitado fíxase na reunión da Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia.

No ano 2025 o persoal técnico habilitado actuou nos seguintes programas de forestal: equipos de traballo, EPI, organización do traballo, medidas de emerxencia e coordinación de actividades.

Impulsar canles de participación activa cos axentes sociais para incrementar a calidade das actuacións no eido preventivo nos lugares de traballo, principalmente dando resposta ás súas demandas técnicas en prevención de riscos laborais

Unha das principais funcións do Issga é a de prestarlles ás organizacións sindicais e empresariais, e aos demais axentes económicos e sociais, asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e tamén atender ás cuestións que se demanden relacionadas coa prevención e a promoción da saúde no traballo. Realizaranse actuacións de:

- Colaboración cos interlocutores sociais, co fin de promover a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo.
- Asesoramento técnico e/ou atención a consultas por solicitude de representantes das persoas traballadoras e do empresariado en materia de seguridade e saúde no traballo.
- Fomento da formación en prevención, especialmente dos delegados/as de prevención e membros dos comités de seguridade e saúde laboral.
- Colaboración coa Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e coas entidades representativas do sector.

Sensibilización e aprendizaxe na formación profesional e nos obradoiros de emprego

Dentro do sistema educativo, a formación profesional abrangue o conxunto de accións formativas estreitamente relacionadas coas ocupacións, as profesións e o mercado de traballo.

Cómpre desenvolver actuacións que introduzan o profesorado e o alumnado de formación profesional na aprendizaxe do traballo seguro, consubstancial á aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da respectiva rama profesional. Se unha alumna ou un alumno aprende a traballar seguro, incorporará este coñecemento no seu futuro profesional, evitando a adquisición de malos hábitos profesionais.

Continuarán tendo lugar diversas edicións dos cursos de "Gamificación para avanzar na prevención de riscos laborais no sector forestal", que, cun contido eminentemente práctico, perseguen dar difusión ao coñecemento e uso de diversas aplicacións informáticas e, nun sentido máis amplo, influír no comportamento das persoas no ámbito da PRL durante o manexo de ferramentas e equipos de traballo nesta actividade forestal.

Realizar visitas aos centros de FP de Galicia para fomentar e concienciar o alumnado sobre a importancia da seguridade e a saúde no traballo.

Realizar visitas aos obradoiros en materia de SST específicos para a respectiva rama profesional que se presenta como un escenario idóneo para incorporar a PRL na formación para unha actividade específica. O obxectivo é integrar a PRL na etapa formativa e concretala nos riscos e medidas preventivas da actividade en que se están a formar.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN –
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga)

OE2

EIXE 5

Nova
gobernanza

Comunicación
e difusión

MEDIDA (CÓD. G4.1)

ESTRATEGIA DE COMUNICACIÓN PARA DAR A COÑECER OS PLANS DIRECTORES

DESCRIPCIÓN

- Estrategia dirixida a dar a coñecer a reflexión estratéxica que fundamenta os plans e a declaración de sectores industriais estratéxicos, así como os programas e liñas de actuación postos en funcionamento desde a Xunta de Galicia para favorecer a competitividade da industria galega. A presentación de cada plan director incidirá nas medidas que aparecen salientadas en cada documento estratéxico, ao seren as de maior interese para o sector atendendo ás prioridades manifestadas desde o propio tecido industrial.
- Esta estrategia incluírá actuacións de comunicación interna dentro da Xunta de Galicia e cos grupos de traballo con competencias en materia de política industrial, xa que facilitará a coordinación institucional e o desenvolvemento operativo do plan, así como a medición do seu impacto. Os informes anuais realizados desde a Dirección Xeral de Estrategia Industrial e Solo Empresarial facilitan que non se perda intensidade no desenvolvemento das actuacións durante toda a execución do plan director.

UNIDADE RESPONSABLE

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Dirección Xeral de Estrategia Industrial e Solo Empresarial

OUTRAS ENTIDADES INVOLUCRADAS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA -
Axencia Galega da Industria Forestal

ANEXO II





| Participantes

Para a elaboración deste plan director partiuse dos traballos desenvolvidos ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, o Clúster da Madeira e o Deseño, a Asociación Provincial de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Serradoiros e Rematantes de Madeira de Galicia, destinados á elaboración da Análise estratéxica do sector forestal madeira (2024).

As organizacións participantes neste convenio foron as seguintes:

- **Federación Empresarial de Aserradores e Rematantes de Madeira de Galicia (Fearmaga):** entidade sectorial sen ánimo de lucro creada en 1979, que representa os intereses dos serradoiros e rematantes galegos. Agrupa arredor de 350 empresas asociadas a través das organizacións provinciais, o que supón a maior parte dos rematantes e industrias de serrado de Galicia.
- **Asociación Provincial de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo:** entidade sen ánimo de lucro constituída o 26 de maio de 1977. Representa as empresas dedicadas á primeira transformación da madeira na provincia de Lugo e presta servizos de coordinación, xestión, promoción e defensa dos intereses comúns das 280 empresas asociadas.
- **Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia (CMD):** creado en 2001 por iniciativa de empresas do sector da madeira, xunto co Centro Tecnolóxico da Madeira (CIS Madeira) e a Universidade de Vigo. Desde a súa fundación integra máis de 50 empresas e axentes de toda a cadea de valor da madeira: aproveitamento forestal, serradoiros, empresas de chapa e taboleiros, pasta e papel, carpintería e mobiliario, canle *contract*, prescritores, empresas de servizos, centros tecnolóxicos, enxeñarías e universidades.

Ademais, mantivéronse contactos co Clúster da Biomasa de Galicia, que reúne empresas e entidades públicas e privadas de toda a cadea de valor da biomasa, desde a produción de materia prima –como pélets ou achas– ata a distribución, instalación e mantemento de equipos, incluíndo tamén actividades de investigación, asesoramento técnico e formación.

No proceso de elaboración deste plan director tamén participou o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia (CIS-Madeira).

Así mesmo, contou coa participación das organizacións sindicais e empresariais integrantes da Mesa de Diálogo Social:

- CEG - Confederación de Empresarios de Galicia
- CCOO – Comisións Obreiras
- UGT - Unión Xeral de Traballadores

Adicionalmente, empregáronse como referencia diversos documentos elaborados noutros procesos participativos con ampla interlocución sectorial. Entre eles destaca a Axenda de Impulso da Industria Forestal 2022, que incorpora resultados dun proceso participativo no cal tomaron parte preto de 70 persoas pertencentes a 30 empresas.

Tamén se considerou o documento “Resumo executivo das visitas realizadas polo CMD a empresarios da canle *contract*”, que compila as conclusións das reunións mantidas cunha decena de empresas deste segmento.





| Índice de medidas

OE1. Impulsar e consolidar a industria galega aumentando a súa produtividade e competitividade

EIXE 1

Internacionalización

X1 Información e asistencia técnica

X1.1. Antenas Empresariais do Igape	180
X1.2. Adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial. . .	180

X2 Promoción

X2.1. Galicia Exporta Empresas – Axudas para a execución de accións de promoción exterior . . .	182
X2.2. Galicia Exporta Organismos Intermedios	183
X2.3. Axudas Foexga (fomento das exportacións galegas) – pemes	184

Dixitalización

D1 Dixitalización básica

D1.1. Axudas á transformación dixital das pemes	185
D1.2. Programa Reactiva-TEC.	186
D1.3. IA 360 - 2026	187
D1.4. Axudas dirixidas á valoración, segunda transformación e ecoinnovación e á dixitalización e mellora de seguridade e saúde laboral	188
D1.5. Obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada . . .	189

D2 Dixitalización avanzada

D2.1. Rede FORTRA	190
D2.2. (ver ficha D1.1)	185
D2.3. Industria Innova	191
D2.4. (ver ficha D1.4)	188
D2.5. Axudas para a organización de actividades formativas non regradas e actividades de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia	192
D2.6. Programa Nexos	193
D2.7. Proxectos I+D Empresarial	193
D2.8. Investimento para infraestruturas locais (infraestruturas abertas e colaborativas)	194
D2.9. Fábrica Europea de intelixencia artificial no ámbito <i>One Health</i>	195

Sustentabilidade

S1 Xeración de valor

S1.1. Axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos construtivos	196
S1.2. Convenios de colaboración para fomentar o emprego da madeira na construción pública . .	197
S1.3. Oficina de Economía Circular Industrial	198
S1.4. Rede Galega de Economía Circular	199
S1.5. Valorización de Frondosas.	200

S2 Eficiencia enerxética

S2.1. Proxectos de enerxías renovables térmicas	201
S2.2. Subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas	202
S2.3. Proxectos de enerxía solar fotovoltaica	202
S2.4. Estratexia galega de impulso da biomasa	203
S2.5. Axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, ociais e de gobernanza (ASG) nas pemes galegas.	204

EIXE 2

Competitividade e innovación

C1 Punto de acollida centralizado

C1.1. Oficina Económica de Galicia	206
--	-----

C2. Fomento de capacidades de organismos de investigación e agrupacións empresariais innovadoras

C2.1. Axudas ás agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia.	207
C2.2. Programa de Unidades Mixtas de Investigación	208
C2.3. Axudas para o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e ensaio e experimentación.	209
C2.4. Ignicia proba de concepto.	210
C2.5. Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia	211

C3. Proxectos de innovación colaborativa

C3.1. (ver ficha D2.3)	191
C3.2. (ver ficha D2.6)	193
C3.3. Vinnovate Galicia	212
C3.4. Convenio para a creación dun espazo de datos industrial de Galicia e desenvolvemento de casos de uso	213

C4. Servizos de mellora competitiva

C4.1. Re-acciona	214
C4.2. Servizos Peme Europa	215
C4.3. Centro de innovación e servizos tecnolóxicos de madeira de Galicia (CIS-MADEIRA)	216

C5. Maximización da xeración de valor no sector forestal-madeira

C5.1. Ticket Innova	217
C5.2. Igape Innova	218
C5.3. (ver ficha C2.1)	201
C5.4. (ver ficha X2.1)	182
C5.5. (ver ficha D2.7)	193

C6. Revisión da estratexia comercial

C6.1. (ver ficha D1.5)	189
C6.2. (ver ficha C5.2)	218
C6.3. (ver ficha C5.1)	217
C6.4. (ver ficha C4.1)	214

Investimentos

I1. Financiamento

I1.1. Préstamos para investimentos	219
I1.2. Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación	220
I1.3. Préstamos para financiamento operativo	221
I1.4. Reaval Crecemento – préstamos avalados para o crecemento das pemes	222
I1.5. Reaval Garantías – garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos	223

I2. Polo de atracción de investimento

I2.1. Axudas para a atracción de empresas a Galicia	224
I2.2. Axudas startups	225

I3. Desenvolvemento de capacidades existentes no sector

I3.1. (ver ficha D1.1)	185
I3.2. (ver ficha C5.1)	217

EIXE 3

Persoas

PE1 Capacitación sectorial

PE1.1. Bonos talento empresa	226
PE1.2. Galicia suma talento: Plan de formación empresas	227
PE1.3. Formación no sector forestal no Centro Integrado de Formación Profesional en Santiago de Compostela	228
PE1.4. Apoio a persoas traballadoras afectadas por empresas en crise.	228
PE1.5. Convenio para a mellora das capacidades directivas.	229
PE1.6. Accións formativas do sistema de Formación Profesional dos graos A,B e C, e competencias clave, para persoas traballadoras ocupadas	230
PE1.7. Obradoiros de emprego	230
PE1.8. Acreditación de experiencia profesional no sector forestal-madeira	231
PE1.9. Accións de sensibilización e formación en materias de residuos	232
PE1.10. Programa educativo de economía circular	232

PE2 Conexión industria-formación

PE2.1. Rede galega de dinamización da relación con empresas na formación profesional	233
PE2.2. Plan Conecta FP Galicia	234
PE2.3. Perfilaxe competencial emprego intelixente (EMI) e IA aplicada ao mercado laboral	234
PE2.4. Estadías formativas en empresas ou organismos equiparados	235
PE2.5. Proxectos de formación do profesorado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial e formación de alta especialización para o profesorado de FP	236

PE3 Atracción de talento

PE3.1. Programa de doutoramentos industriais	237
PE3.2. Programa Retorna Cualifica Emprego	238
PE3.3. Arraigamento sociolaboral	238
PE3.4. Plan FPGal360	239
PE3.5. (ver ficha C4.1)	214
PE3.6. Plan de comunicación (interno e externo)	240

PE4 Recursos humanos

PE4.1. Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE).	241
PE4.2. Programa Galicia Emprega de incentivos á contratación por conta allea	242
PE4.3. Programa Investigo	243
PE4.4. Programa Primeira Experiencia Profesional.	244
PE4.5. Programa para apoio ao emprego autónomo e a cota cer.	245

PE5 Seguridade e saúde laboral

PE5.1. (ver fichas G3.3 e G3.4)	259-260
---	---------

OE2. Reforzar o ecosistema industrial

EIXE 4

Infraestrutura e solo industrial

IF1. Planificación e promoción do solo industrial

IF1.1. Actualización do Censo de solo empresarial de Galicia	246
IF1.2. Flexibilización dos mecanismos de venda ou alugueiro de solo empresarial	247

IF2. Mellora das infraestruturas de parques e asentamentos industriais

IF2.1. Axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade autónoma de Galicia	248
IF2.2. Axudas para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais existentes ou en desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia	249

IF3. Mellora das infraestruturas loxísticas

IF3.1. Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais	250
IF3.2. (ver ficha I1.1)	219
IF3.3. Estratexia ferroviaria para o desenvolvemento intermodal de Galicia	251

EIXE 5

Nova gobernanza

G1. Coordinación e seguimento

G1.1. Comisións de seguimento sectoriais	252
G1.2. Fortalecemento do diálogo social	253
G1.3. Grupos de traballo con organismos da Xunta con competencia en materia de política industrial	254

G2. Avaliación


G2.1. Posta en marcha do mapa industrial de Galicia.	255
G2.2. Análises bianuais de impacto do plan director	256

G3. Criterios de intervención

G3.1. Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e proxectos industriais estratéxicos (PIE).	257
G3.2. Discriminación positiva para a incorporación das mulleres na industria	258
G3.3. Medidas extraordinarias en materia de seguridade industrial	259
G3.4. Medidas en materia de seguridade e saúde laboral	260

G4. Comunicación e difusión

G4.1. Estratexia de comunicación para dar a coñecer os plans directores	263
---	-----





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL



Xacobeo
2027